

ACTA NÚM. 13 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E CINCO DE SETEMBRO DE 2014.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do día **vinde e cinco de setembro de 2014**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, **Alcalde-Presidente.**

CONCELLEIROS/AS:

Grupo Municipal PP:

Don Ángel Benito Currás Fernández.
Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Don Luís Mejjide Rodríguez.
Don José María Rosende Rico.
Dona Marta González Vázquez.
Don Ramón Quiroga Limia.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona María José Corral López.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Jesús Amparo Sáinz García.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.

Grupo Municipal PSdeG-PSOE:

Dona Mar Martín García.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muiños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.



Dona Rosario Valledor Puente.

Grupo Municipal BNG:

Don Rubén Cela Díaz.

Dona Elvira Cienfuegos López.

Don Rafael Xesús Vilar González.

Don Vicente Calvo del Castillo, **Interventor do Concello.**

Juan Manuel Salguero del Valle, **Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2014 (núm. 12/14).**
- 2. Aprobación definitiva da modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1), no ámbito da reserva de equipamento RU-10. Virxe da Cerca, 6.**
- 3. Declaración de necesaria ocupación de bens para a execución do proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre.**
- 4. Resolución de alegacións, e aprobación definitiva da Conta Xeral do ano 2013.**
- 5. Aprobación inicial, se procede, do expediente de desafectación e nova afectación da vivenda conserxe CEIP Vite I.**
- 6. Aprobación, aos efectos económicos previstos no informe de intervención municipal, do convenio subscrito pola entidade pública empresarial “Augas de Galicia”, o Concello de Santiago e a sociedade estatal “Aguas de las Cuencas de España, S.A.” para a execución e explotación das obras de mellora da EDAR de Silvouta.**
- 7. Proposta da alcaldía de designación de representante do concello na sociedade Cursos Internacionais da USC e na Fundación Refuxio de Animais.**
- 8. Proposta da alcaldía de modificación da periodicidade das sesións plenarias ordinarias.**

9. Proposición do grupo municipal do BNG, en defensa da pluralidade e participación política e contra a reforma electoral que pretende o Partido Popular.

10. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, en defensa da reforma da Lei Electoral.

11. Dar conta de persoamentos, sentenzas e outras incidencias en recursos contencioso-administrativos.

12. Dar conta de acordos da Xunta de Goberno de datas 11 de xullo, 14 de agosto e 5 de setembro de 2014.

13. Dar conta de Resolucións da Alcaldía de delegación da competencia sancionadora e tramitación de asuntos ordinarios da área de desenvolvemento urbano e sostible.

14. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

15. Rogos e preguntas.

16. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

O **Sr. Alcalde-Presidente**, antes de comezar o pleno ordinario, propón manter un minuto de silencio en lembranza de Ana Nieto Lago, a nena tristemente falecida nas festas de Guadalupe, e tamén de Alfonso Seoane Nieto, policía local, do concello, activo ata que tristemente faleceu, tamén nesta semana.

Tras este sentido e emotivo homenaxe procédese a cumprimentar a seguinte orden do día:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 31 DE XULLO DE 2014 (NÚM. 12/14).

Aberto o acto, o **Sr. alcalde-presidente**, en cumprimento do disposto no artigo 91.1 do ROF, pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente a **sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2014**.

O **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE** manifesta que, na páxina nº 7. solicitouse a emisión de informe xurídico en relación coa adecuación a Dereito da convocatoria e composición da derradeira Comisión Informativa de Urbanismo, informe que aínda non lles foi remitido.



Co permiso do Sr. alcalde-presidente, o **Sr. secretario** resposta que xa foi remitido ao grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Non presentándose ningunha observación máis, é sometido o punto da orde do día a votación ordinaria o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros aprobar a acta núm. 12/14, correspondente á **sesión ordinaria do 31 de xullo de 2014**.

2. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA (PE-1), NO ÁMBITO DA RESERVA DE EQUIPAMENTO RU-10. VIRXE DA CERCA, 6.

Dáse conta e lectura ó Pleno da Corporación do informe que emitiu a xefa de sección de xestión urbanística, que xunta a proposta da concelleira delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, en relación con este asunto, e que ten o seguinte contido:

“A presente modificación, formulada por iniciativa particular da FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DE SOLIDARIEDADE, ten por obxecto ampliar os usos autorizados polo Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) na reserva de equipamento RU-10.

1. Planeamento vixente

A parcela afectada pola presente Modificación atópase edificada con fronte á rúa de Virxe da Cerca (nº 6) e identifícase coa referencia catastral 7778785NH3477H0001QE.

O Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o 24 de marzo de 1997 e incorporado ao vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) a través da súa disposición transitoria quinta, cualifica a parcela como reserva de equipamento RU-10, de carácter privado, co uso específico de residencial universitario, compatible co asistencial (artigo 172 da normativa do Plan especial, ordenanza de equipamentos).

Pola súa banda, o vixente Plan xeral integra este inmovible dentro do sistema local de equipamento asistencial residencial universitario da cidade (cadro nº 30 da Memoria de ordenación)

Na regulación do uso asistencial que se contén no artigo 142 da normativa do Plan especial admítase a posibilidade de que o citado uso asistencial inclúa o aloxamento temporal en albergues, cando expresamente se autorice na regulación particular do equipamento, suposto no que haberá de estarse ás condicións establecidas para o uso hoteleiro.

O artigo 172.3 establece a seguinte definición de albergue:

Enténdese por albergue a instalación hostaleira incorporada a un equipamento multiuso co que garda unha relación física e funcional, sen que polo tanto poida significar un uso independente nin segregación parcelaria.

Examinando a relación de equipamentos nos que o vixente Plan especial autoriza o uso de albergue, compróbase que aqueles teñen asignado como uso principal o de equipamento multiuso, sendo o uso de albergue un uso tolerado, nas condicións do artigo 130 da normativa de usos do Plan especial:

Usos tolerados: Son aqueles usos que se permiten excepcionalmente acompañando aos principais e compatibles (...)

En consecuencia, o uso de albergue, cando se tolera na regulación particular dun equipamento, non pode ser autónomo ou independente do uso principal, senón accesorio ou funcionalmente vinculado a este, polo que a súa autorización esixe que se acredite a súa vinculación funcional coa actividade principal ou característica do equipamento no que se integra.

2. Xustificación e contido da Modificación proposta

A Modificación ten por obxecto ampliar os usos autorizados na reserva de equipamento RU-10, incorporando o sociocultural, docente, relixioso e institucional-administrativo, así como o de albergue, este último co carácter de uso tolerado consonte ao previsto polos artigos 130, 142 e 172.3 da normativa do Plan especial.

Na memoria do documento xustifícase a incorporación do uso de albergue tanto polas súas semellanzas co residencial universitario -xa permitido no plan vixente-, como pola súa utilidade para a prestación da actividade asistencial desenvolvida pola Fundación promotora.

Por outra banda, a incorporación doutros usos de carácter dotacional diversifica as posibilidades de utilización do inmovible, o que tamén se estima conforme co interese público.

A modificación do planeamento urbanístico aprobado constitúe unha manifestación do ius variandi outorgado á administración en materia de ordenación do territorio, polo que o seu exercicio, a instancia dos particulares, ademais de ter un carácter esencialmente discrecional, debe estar orientado á consecución de obxectivos de interese público, cuxa avaliación final non compete aos técnicos, senón aos órganos de goberno.

Dende o punto de vista estritamente legal, conclúese que non existe inconveniente para a tramitación da proposta de Modificación presentada, xa que o seu obxecto é diversificar ou ampliar as posibilidades de utilización do equipamento, dentro do abano xa previsto polo Plan especial vixente para o uso asistencial.

A Modificación recibiu o informe favorable da arquitecta xefa da Sección Municipal de Planeamento, asinado o 3 de marzo de 2014, do que se transcriben os seguintes parágrafos:

A modificación proposta afecta, polo tanto, unicamente aos usos previstos e autorizables no inmovible, que se amplían, incorporando ademais do residencial universitario e o de asistencial (xa previstos na regulación vixente, este último co carácter de compatible) os de socio cultural, docente, relixioso e de administración pública e institucional, e admitindo como tolerado o de albergue, nos mesmos termos e condicións que os establecidos para os outros equipamentos múltiples.

A modificación proposta non supón modificación algunha no resto das determinacións establecidas no plan especial vixente respecto do citado inmovible, en particular no que se refire aos niveles de protección ou demais condicións que debeñen da súa catalogación, que se manteñen inalteradas.

Considérase, por outra banda, que a posibilidade de ampliar os usos autorizables no inmovible, seguindo pautas de usos similares as previstas en outros contedores de características similares pode favorecer a posta en valor do inmovible, polo que dese o punta de vista técnico, non se atopa inconveniente a modificación puntual proposta”.

3. Tramitación

Consonte ao esixido polo artigo 94.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

En consecuencia, a Modificación tramítase a través do procedemento regulado no artigo 86.1 da LOUG para os Plans especiais previstos, coas seguintes particularidades:

- Non procede o sometemento do plan ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, ao terse declarado a súa non necesidade mediante Decisión do secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, de data 3 de xullo de 2013.

- O artigo 69.4 da LOUG dispón que, cando se trate de Plans especiais de protección aos que o Plan xeral remita a ordenación detallada do solo urbano consolidado, haberase de recabar, antes da aprobación definitiva, o informe preceptivo e vinculante da consellería competente en materia de Urbanismo, nos termos esixidos polo artigo 86.1.d).

A remisión ao artigo 86.1.d) da LOUG implica a necesidade de que unha vez cumprido o trámite de información pública, se adopte un acordo de aprobación provisional, antes de someter o expediente ao informe da Consellería. A competencia para aprobar provisionalmente a Modificación corresponde á Xunta de Goberno Local, ao se tratar da modificación dun plan de desenvolvemento -non xeral-, reservándose ao Pleno Municipal a adopción do acordo que poña fin á tramitación municipal.

De conformidade co esixido polo artigo 86.1 da LOUG, a Modificación aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno Local o día 6 de marzo de 2014, e someteuse a información pública durante o prazo dun mes, con citación persoal dos propietarios da parcela afectada e anuncios



que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia do día 19 de marzo, e nos xornais El Correo Gallego e La Voz de Galicia de data 18 de marzo.

Durante o trámite de información pública non se formularon alegacións.

En cumprimento do esixido polo artigo 45 da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, solicitouse o informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que foi emitido favorablemente o día 3 de abril de 2014.

A Modificación, aprobada provisionalmente pola Xunta de Goberno Local o 22 de maio de 2014, recibiu o informe favorable da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, asinado o 31 de xullo deste ano.

4. Proposta de aprobación definitiva

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, adoptar o seguinte ACORDO:

Aprobar definitivamente, e sen modificacións respecto dos proxectos inicial e provisionalmente aprobados, a Modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica no ámbito da reserva de equipamento RU-10.

En cumprimento do esixido polo artigo 92.2 da LOUG, o acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, no que se inserirá así mesmo a normativa urbanística aprobada.”

Enterados/as os/as Sres./as concelleiros/as e aberto os turnos de intervención, teñen lugar as seguintes:

A Sra Gutiérrez, López, concelleira do grupo municipal do PP e Delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, manifesta que traemos ao pleno deste Concello a modificación puntual do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da cidade histórica, no ámbito da reserva do equipamento RU-10, promovida pola fundación Centro Galego de Solidariedade.

Dita modificación, afecta á parcela edificada con fronte á rúa Virxe da Cerca, núm. 6, e ten por obxecto a amplificación dos usos autorizados.

O Plan Especial de Protección e Rehabilitación a incorporar ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, califica a parcela como reserva de equipamento RU-10, de carácter privativo con uso específico de residencial- universitario compatible co uso asistencial.



Así mesmo, o Plan Xeral integra o inmovible dentro do sistema local de equipamento asistencial, residencial-universitario da cidade.

Na regulación do uso asistencial admítase a posibilidade de que inclúa o aloxamento temporal en albergues, cando expresamente se autorice a regulación particular do equipamento. Neste caso, haberá que averse ás condicións establecidas para o uso hoteleiro.

O uso de albergue nos equipamentos que autoriza o Plan Especial é un uso tolerado, sendo o principal, o equipamento multiuso. É dicir, non pode ser autónomo ou independente do uso principal senón accesorio, funcionalmente vinculado á actividade principal ou característico do equipamento no que se integra.

Co fin de habilitar dito uso, a modificación puntual que se propón debe ampliar os usos autorizados na reserva de equipamento incorporando outros novos usos (socio-cultural, docente, relixioso, institucional-administrativo), así como albergue con carácter de tolerado en base á normativa do Plan Especial.

A incorporación desta utilización xustifícase pola semellanza co uso permitido no Plan vixente residencial-universitario, e pola súa utilidade para a prestación da actividade asistencial que desenvolve a Fundación Centro Galego de Solidariedade.

Dende o punto de vista do interese público, a incorporación doutros usos de carácter dotacional diversifica as posibilidades de uso do inmovible.

En canto á tramitación, a modificación proposta recibiu un informe favorable do 3 de marzo de 2014 realizado pola arquitecta xefa da sección municipal de planeamento. Ademais de informar sobre os usos, indica que non supón modificación algunha para o resto das determinacións establecidas no plan especial vixente con respecto ao inmovible. En particular, no referente aos niveis de protección ou demais condicións que deveñen da súa catalogación, xa que se manteñen inalterables.

A modificación tramitouse a través do procedemento regulado no artigo 86.1 da LOUGA para os plans especiais con dúas particularidades: non procede o sometemento ao procedemento de avaliación estratéxica porque así se declarou por decisión do secretario xeral de calidade e avaliación ambiental o 3 de xullo de 2013, e require un informe preceptivo e vinculante da consellería competente en materia de urbanismo, unha vez cumprido co trámite previo de información pública e despois de ter a aprobación provisional.

A modificación aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o 6 de marzo de 2014 e someteuse a información pública durante un mes, período durante o cal non se



presentaron alegacións. De acordo co esixido pola Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, solicitouse un informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Finalmente, emitiuse o 3 de abril de 2014, resultando favorable.

O 22 de maio, a Xunta de Goberno Local aprobou o informe provisionalmente e recibiu outro de carácter favorable procedente da Secretaría Xeral da Ordenación do Territorio e Urbanismo. O 31 de xullo e o 18 de setembro foi visto pola Comisión Informativa de Urbanismo e Infraestruturas.

Unha vez concluída a intervención de Dona Teresa Gutiérrez López, o Sr. alcalde-presidente dá paso ao **Sr. Cela Díaz, concelleiro do grupo municipal do BNG**, quen anuncia o voto favorable do seu grupo no referente a este punto alegando o seguinte:

Tal e como ven de plantexar a señora concelleira, o Plan xeral cualificaba esta parcela como unha reserva de equipamento de carácter privado, cun uso específico residencial-universitario compatible co asistencial.

Esta ampliación de usos, permitirá, entre outras cousas, que poida adicarse esta parcela a albergue. Di que van apoialo porque conta con todos os informes técnicos e xurídicos necesarios favorables, e polo fin último desta modificación.

A planta hoteleira da cidade está suficientemente sobredimensionada (hai máis de 7.000 prazas oficiais para poder pernoctar). Consecuentemente, un número importante de establecementos hoteleiros de Santiago de Compostela pechan catro ou cinco meses ao ano, dificultando así a profesionalización do sector. Ademais, moitos dos postos de traballo son precarios.

Opina que non é función do pleno impulsar ou dar excesivas facilidades á creación ou aumento desa planta hoteleira que diminúe tanto o prezo medio, como as plusvalías que quedan na cidade. Trátase dun caso singular porque detrás atópase o Proxecto Home, un proxecto fundamentalmente de tipo social que desemboca na creación de dez postos de traballo e favorece unha discriminación positiva de cara ás mulleres, nun ámbito especialmente complexo como a drogodependencia. En suma, trátase dun proxecto necesario, útil, e sen afán de lucro.

Antes de concluir, e a propósito da tramitación deste expediente, sinala a conveniencia de lembrar unha iniciativa do BNG presentada no pleno pasado en base á axilización dos trámites burocráticos realizados no departamento de urbanismo do concello a respecto das licenzas municipais.

A continuación, toma a palabra a **Sra. Rosón Ferreiro, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, sumándose á defensa da modificación e anunciando o apoio do seu



grupo municipal. Entende que a alteración do Plan Especial está plenamente xustificada por todo o que anteriormente relatou Rubén Cela.

Para o grupo socialista, o fin de toda a modificación, é dicir, a inserción laboral dun importante número de persoas, é suficiente pretexto como para complementar o novo uso cos anteriores

De igual xeito que o BNG, redunda en que non é normal a cantidade de meses ou mesmo anos que transcorren entre o inicio da tramitación ou da modificación do plan especial. Apunta que o expediente iníciase o 13 de maio do ano 2013. Solicita que na licenza de obra para o albergue sexan dilixentes para dar comezo ao proxecto canto antes.

Rematado o primeiro turno de intervencións, non tendo lugar o segundo e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 25 (13 PP, 9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus venticinco membros de dereito aprobar o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Vivenda e Medio Ambiente correspondente a súa reunión que tivo lugar o día 18 de setembro de 2014, e consonte co informe inicialmente transcrito, reativo a **APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA (PE-1), NO ÁMBITO DA RESERVA DE EQUIPAMENTO RU-10. VIRXE DA CERCA, 6**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

3. DECLARACIÓN DE NECESARIA OCUPACIÓN DE BENS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE.

O informe que emitiu o xefe do servizo da OCIBR en relación con este asunto é do teor literal que segue:

“O barrio de Vista Alegre é un polígono de vivendas sociáis dos anos sesenta do século pasado que presenta un acusado estado de deterioro provocado polo paso do tempo sobre unhas edificacións dunha calidade constructiva acorde coa época na que se levantaron e que, ademáis, carecen de ascensores para dar acceso ás súas vivendas a unha poboación cada vez máis envellecida. Por outra banda, as terrazas que se construíron no seu día para comunicar uns edificios cos outros provocan problemas de humidade, xeneran problemas de seguridade e

dificultan a construción de ascensores adosados ás fachadas dos inmobles. Á vista de todos estos problemas o ámbito de Vista Alegre foi integrado nunha área de rehabilitación integral na que o Concello de Santiago ven concedendo subvencións para a rehabilitación de vivendas e dos elementos común das edificacións e para construír ascensores, o cal obrigou á demolición parcial das terrazas dos edificios afectados.

Para solucionar os múltiples problemas do ARI de Vista Alegre, o concello decidiu o ano 2012 levar a cabo un proceso de remodelación integral do barrio, mellorando a mobilidade e accesibilidade do barrio, o cal conleva tamén a demolición da maioría das terrazas e a reurbanización das rúas, modernizando as súas infraestructuras. O orzamento total disponible para a actuación no seu conxunto é de 1.593.725,15 € distribuídos por anualidades como sigue:

*2012: 150.000 €
2013: 393.725,15 €
2014: 1.050.000 €*

En primeiro lugar procedeuse a dispor dos terreos necesarios para acometer esta profunda remodelación para o cal todas as comunidades de veciños de Vista Alegre cederon ao concello as terrazas e os solos que ocupan, que se rexitraron a nome do Concello. Posteriormente convocouse un concurso para contratar a redacción do proxecto.

De conformidade co disposto pola disposición 10.3 do prego de condicións administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de redacción de proxecto, dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde das obras de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre, incluído no programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento Sostible Local e Urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007-2013, EZCURRA E OUZANDE ARQUITECTURA, SLP foron os gañadores do concurso.

No mes de marzo do ano 2013 o equipo gañador do concurso presentou o proxecto, o cal foi posteriormente remitido para o seu estudo ás compañías suministradoras de servizos e ao departamento de Obras e Proxectos do Concello. Finalmente, o día 23 de setembro de 2013 o Enxeñeiro de Caminos Municipal D. Miguel Fernández Solís emitíu o seu informe, do cal se conclúe que:

- O proxecto constructivo presentado cumpre coas especificacións previstas no contrato de servizos e se propón a súa aprobación.*
- Se remite para súa aprobación a memoria técnica redactada para o acondicionamento de parcela de aparcamento de borde do barrio de Vista Alegre.*
- Deben realizarse as actuacións necesarias para obter a dispoñibilidade dos terreos e bens afectados: fachadas de edificios, locais sociáis e aparcamento de borde.*
- Debe determinarse que non existe ningún inconvinte de carácter legal para a instalación suspendida mediante cables aéreos das luminarias e de su alimentación eléctrica individual.*

- *Deben establecerse cos operadores das redes de telecomunicacións os convenios de colaboración necesarios que permitan a retirada o seu cargo das instalacións existentes nas fachadas dos edificios.*
- *Que se proceda á licitación das obras vinculadas ao ámbito das zonas I y II do barrio de Vista Alegre mediante algún dos mecanismos propostos: licitación con melloras ou segunda licitación con remanente de financiación.*

Á vista deste informe do Enxeñeiro municipal se conclúe que o proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre presentado por EZCURRA Y OUZANDE ARQUITECTURA, S.L.P. cumpre coas especificacións do contrato e procede que sexa aprobado.

Procede tamén acordar a licitación das obras vinculadas aos ámbitos das zonas I e II mediante o mecanismo de licitación con melloras, que é o procedemento máis axeitado para adaptarnos ao orzamento do que se dispón para esta actuación ao tempo que as melloras permitirán executar boa parte das obras previstas no proxecto presentado.

*No que se refire ao aparcamento de borde ao que se refire á memoria presentada polo Enxeñeiro municipal, non é una obra contemplada no proxecto obxecto do concurso e queda totalmente fora do ámbito que se vai remodelar. Isto quere decir que esta actuación queda fora da licitación das obras de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre. Trátase dunha actuación complementaria que deberá ser incluída, se así se estima oportuno, nos futuros orzamentos municipais cunha partida de 129.591,00 €, para o que deberá contarse antes cos terreos precisos para levala a cabo no ámbito do polígono SUD-7 de Vite de Arriba. **Non obstante, a construción deste aparcamento non é obxecto deste proxecto nin destas obras de remodelación, polo que non se precisa agora dispor dos terreos nos que se realizará.***

Con respecto aos terreos necesarios para executar as obras contempladas no proxecto presentado, o Concello dispón xa deles rexistrados ao seu nome.

Ademais da cuestión dos terreos, o informe do Enxeñeiro municipal aconsella que se conte cun permiso para anclar as luminarias públicas ás fachadas dos edificios e que se dispoña dos locais sociais que se atopan baixo o túnel que da acceso ás rúas Rianxo e Santa Uxía de Ribeira, dado que se prevé que este paso quedará pechado para ser substituído por unha nova rúa contigua ao túnel. Ademais, o informe solicita que se acrare que non existe inconvinte no planeamento municipal para instalar as farolas suspendidas de cables suxeitos ás fachadas.

*Con respecto á colocación de luminarias ancladas ás fachadas, o proxecto gañador do concurso contemplaba este sistema para gañar espazo nunhas rúas excesivamente estreitas, un sistema polo demáis frecuente noutras moitas cidades europeas. Este sistema obriga a anclar as luminarias a dúas fachadas de xeito que queden suspendidas de cables no medio das rúas. Trátase do sistema previsto no proxecto gañador do concurso e, polo tanto, debe ser o que se instale. Neste senso, o artigo 192 do Plan Xeral establece que “tanto en baixa coma en alta tensión as redes de distribución serán soterradas, **salvo que xustificacións previas, debidamente aprobadas, aconsellen a instalación aérea.**” Non obstante, o artigo 193 do Plan Xeral regula especificamente a iluminación pública indicando no seu parágrafo 7º que “nas*

aliñacións os puntos de luz alternarán coas árbores, **ou ben fixaranse nas fachadas dos edificios.** Á vista do previsto no PXOM pódese concluir que o Plan permite no artigo 193,7º a colocación de luminarias nas fachadas dos edificios; neste caso, a instalación eléctrica destas luminarias públicas debe ser aérea, o cal tamén está contemplado como alternativa no artigo 192,1º, o cal neste suposto concreto está contemplado no proxecto gañador do concurso de remodelación de Vista Alegre.

Para instalar as novas luminarias debe contarse cos permisos das comunidades de vecinos afectadas, de igual xeito que se debe contar con estes permisos para instalar nas fachadas de calquer inmovible farolas, sináis de tráfico ou cartéis cos nomes das rúas. A sección de vivenda da Oficina da Cidade Histórica porase en contacto cos correspondentes presidentes das comunidades afectadas para que adxunten as actas nas que consten os permisos previamente á sinatura da acta de replanteo da obra e o comezo das mesmas.

Finalmente, no que se refire aos locais situados no paso subterráneo que será pechado, estes espazos son municipais. Cando as obras rematen, o oco do paso que quedará fora de servizo poderá ser reutilizado de novo para estes fins comunitarios. Mentres non se rematan as obras e, no seu caso, se reacondiciona este oco como local comunitario as concellerías de relacións veciñais ou de deportes (xa que estes locais se dedican a vestiario dun equipo do barrio) poderían permitir que os veciños empreguen un local alternativo nun centro socio-cultural ou nun polideportivo municipal próximo.

O derradeiro aspecto mencionado no informe técnico do Enxeñeiro municipal é que nas reunións celebradas entre os técnicos municipais e os responsables das empresas operadoras de telecomunicacións, éstos manifestaron a súa intención de realizar o seu cargo a retirada dos elementos dispostos nas fachadas polo que recomenda establecer con estas empresas convenios de colaboración previamente ao inicio das obras. A Oficina da Cidade Histórica procederá a convocar aos responsables destas empresas operadoras para que asinen co Concello un convenio para que procedan a retiras a seu cargo as redes de telecomunicacións dispostas nas fachadas dos edificios.

De conformidade co ata aquí exposto propónse á Xunta Municipal de Goberno que acorde:

1º) APROBAR o proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre presentado por EZCURRA Y OUZANDE ARQUITECTURA, S.L.P. posto que, de acordo cos informes dos técnicos municipais, cumpre coas especificacións do contrato de redacción do mesmo.

2º) ACORDAR a licitación das obras vinculadas aos ámbitos das zonas I e II do barrio de Vista Alegre de acordo co previsto no proxecto aprobado de mellora da mobilidade e accesibilidade mediante o mecanismo de licitación con melloras.

Mentras se resolve o procedemento de licitación das obras, e previamente á sinatura da acta de replanteo e ao comezo das obras, contarase cos permisos das comunidades afectadas pola instalación das luminarias e asinaranse os convenios de colaboración coas empresas de telecomunicacións para a retirada das súas redes instaladas nas fachadas dos edificios.



Finalmente, no que se refire aos locais situados no paso subterráneo que será pechado, mentres non se rematan as obras e, no seu caso, se reacondiciona este oco como local comunitario, as concellerías de relacións veciñais ou de deportes permitirán que os veciños empreguen un local alternativo nun centro socio-cultural ou nun polideportivo municipal próximo.”

Achegado ao expediente figura tamén informe emitido polo Enxeñeiro de Camiños Municipal de data 23 de setembro de 2013”

Enterados/as os/as Sres./as concelleiros/as e aberto os turnos de intervención, teñen lugar as seguintes:

A Sra. Gutiérrez, López, concelleira do grupo municipal do PP e Delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, manifesta que a Xunta de Goberno do Concello de Santiago de Compostela, na sesión celebrada o día 26 de setembro de 2013, acordou aprobar o proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre, dentro do programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao fondo FEDER dentro do eixe 5 do programa operativo Feder-Galicia.

O proxecto de reurbanización aprobado plantexa a execución do tendido de distribución de enerxía para o alumado público, cunha solución de libres de pés de farola. Isto implica a instalación de soportes nas fachadas dos edificios (o anclaxe das catenarias, os pasos aéreos subterráneos, o cableado da conexión, e o anclaxe dalgunhas luminarias) tal e como se tiña previsto no estudo de detalle para a rehabilitación do barrio de Vista Alegre, aprobado polo Pleno en sesión do 25 de setembro de 2008.

No proxecto existe un anexo de expropiacións das zonas 1 e 2 constituídos por planos de situación destes anclaxes, pero non constan nin os da zona 3, nin hai unha relación pormenorizada das edificacións e propietarios afectados. Polo tanto, é necesario declarar expresamente a necesidade de ocupación.

A utilidade pública enténdese implícita nos plans de obras do municipio, en conformidade co disposto no artigo 10 da Lei de Expropiación Forzosa. O procedemento expropiatorio non só se pode utilizar para a adquisición forzosa do dereito de propiedade hacia ó expropiante ou beneficiario, senón tamén cando se pretende a modificación, constitución ou extinción de dereitos reais, como pode ser a imposición de servidumes.

Dado que corresponde ao Concello de Santiago a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, entre os que se atopa o alumado público, iso conleva por razóns de interese público, a existencia de servidumes legais que deben

ser aceptadas polos propietarios. Únicamente existirá dereito de indemnización no caso de que se considere que leve a algunha minoración ou derogación concreta do contido do dominio sobre o elemento que se establece na servidume e que teña relevancia patrimonial.

A expropiación tramítase por procedemento ordinario con declaración de urxencia. Toda vez que o concello dispón dun proxecto aprobado, pero non conta cunha descrición material detallada dos bens de necesaria ocupación e dos seus titulares, os servizos técnicos consideraron que non se podía entender a necesaria ocupación implícita coa aprobación do proxecto. Por esta razón, procedeuse a redactar a relación de bens respecto dos que se establece a servidume.

A xustificación dos bens que son obxecto de servidume se deriva do proxecto de obras. A relación de bens na zona 1, inclúe os números 2, 4, 6, 8, 10 e 12 da rúa de Boiro; 2, 4, 6, 8, 10 e 12 da rúa de Rianxo; 2, 4, 6, 8, 10 e 12 da rúa Santa Uxía de Ribeira; e os números 1 e 3 da rúa Alvaro Cunqueiro.

Na zona 2, as fachadas afectadas son nos números 1, 3, 5 e 7 das rúas de Noia e Bispo Diego Peláez.

Na zona 3, os números 2, 4, 6 e 8 da rúa de San Xoán; 2, 4, 6 e 8 da rúa de Santa Comba; e 42, 44 e 46 da Avda. de Castelao. Os trámites que se deben seguir unha vez definida a relación son os seguintes:

Primeiro, aprobación polo Pleno. Trátase do caso plantexado neste momento, da relación de bens e da necesaria ocupación para a instalación de servidumes e os seus titulares.

No seguinte paso, a relación someterase á información pública durante quince días, en base ao artigo 17 da Lei de Expropiación Forzosa, período no que os interesados poderán oponse á relación por razóns de fondo ou forma.

Terceiro: aprobación no Pleno, tralas alegacións, da relación definitiva e das correccións oportunas.

O acordo que inicie o expediente expropiatorio notificarase aos afectados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia. En todo caso, unha vez resolta a necesidade de ocupación, excepcionalmente, a Xunta de Galicia poderá declarar a urxente ocupación por Decreto. Así, elevaráselle un expediente no que debe aparecer xustificada a urxencia e a oportuna retención de crédito con cargo ao exercicio no que estea previsto a conclusión do expediente expropiatorio.



O Sr. **Cela Díaz**, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG , manifesta que dende a súa formación valórase que o goberno municipal, no seu día, buscara novas fontes de financiamento para custear algunhas das necesidades máis acuciantes da cidade. Foi nese caso cando se plantexou ante a Unión Europea o Programa Urbana Norte co que se están a financiar, entre outras as actuacións, a mellora da mobilidade e accesibilidade no barrio de Vista Alegre, e a ARI do barrio de Pontepedriña.

Nese momento, o Sr. Cela aproveita para saudar aos veciños de dita zona á vez que pon de manifesto o retraso que están a sufrir na tramitación deste expediente.

Considera que este tipo de actuacións son realmente complexas e precisan dunha primeira fase, tal e como acometeu a concelleira Olga Pedreira, do anterior goberno municipal. O realmente difícil, referido á fase de explicar o proxecto, é convencer aos veciños. Tanto en Pontepedriña como en Vista Alegre contan cunha poboación tremendamente avellentada, o que supón un problema para este tipo de actuacións. Por outro lado, faise incapé en que a pesar do baixas que poidan parecer as porcentaxes de cofinanciamento, para alguén que cobra unha pensión non contributiva, unha pensión mínima, non hai porcentaxe de cofinanciamento baixa. Isto implica un traballo de explicación aos familiares do conxunto do proxecto.

Neste caso concreto, advirte que as obras da segunda fase acumulan un retraso duns dous meses, de forma que poden alterar a implementación da terceira fase. En consecuencia, é importante que tanto o concello como o grupo de goberno estean especialmente vixiantes a eses prazos para tentar de que se retrasen o menos posible.

Considera que a solución de alumeado público que se buscou e que se recolle no estudo de detalle aprobado no ano 2008 é unha solución novedosa en Santiago, pois non existe noutras cidades galegas. Concretamente, o caso do Concello de Pontevedra é unha solución estendida existente en moitas outras capitais europeas recoñecidas expresamente pola súa calidade urbanística. Trátase dunha solución onde, a través dunha catenaria entre os dous bloques de edificios, irán colgadas as lampadas. Pode xurdir algún tipo de reticencia inicial en base á seguridade, pero dende o BNG reiteran que é un mecanismo seguro, que mellora a visibilidade e ao non ter un soporte físico dende a beirarrúa, tamén vai facilitar a mobilidade peonil e o acceso aos baixos desta zona de Vista Alegre, en moitos casos ocupados por garaxes non de todo correctos.

Tendo en conta todo o anterior, as razóns que xustifican o interese público son evidentes, e as razóns que xustifican este expediente de expropiación tamén o son. Consecuentemente, di que o Bloque Nacionalista Galego votará en sentido favorable a este punto.



A Sra. Rosón Ferreiro, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, comeza a súa intervención anunciando a abstención do grupo municipal socialista neste punto por unha cuestión de forma. Explica que están a favor do proxecto aprobado no seu momento por un estudo de detalle do ano 2008, e non cuestionan a proposta. Sen embargo, están descontentos no que se refire á xestión cos veciños e veciñas desta área de rehabilitación integral de Vista Alegre en base a todo o proxecto de obras de urbanización en xeral e máis concretamente coa solución da iluminación. Ao mesmo tempo, reclaman e lamentan a falta de esforzo para chegar a un punto de encontro.

Rematado o primeiro turno de intervencións, non tendo lugar o segundo e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria** ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 16 (13 PP, 3 BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 9 (PSdeG-PSOE)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por 16 votos a votor correspondentes aos membros dos grupos municipais do Partido Popular e aos do BNG e 9 abstencións, correspondentes aos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, aprobar o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Vivenda e Medio Ambiente correspondente a súa reunión que tivo lugar o día 18 de setembro de 2014, e consonte co informe inicialmente transcrito, reativo a **DECLARACIÓN DE NECESARIA OCUPACIÓN DE BENS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE**, e, en consecuencia, acorda:

Primeiro: Aprobar a declaración de necesaria ocupación das fachadas dos seguintes edificios para executar o Proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre; incluído no programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao fondo FEDER, dentro do eixo nº 5 (Desenvolvemento Sostible Local e Urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007/2013. As fachadas son elementos comúns nos edificios que se relacionan.

RELACIÓN:

ZONA I

ANCLAXE CATENERIA	REF. CATASTRAL	ANCLAXE CATENARIA	PASOS AÉREOS SUBTERRÁNEOS	CABLEADO CONEXIÓN FACHADA	ANCLAXE LUMINARIAS FACHADAS
Rúa de Boiro					
Nº 2	7192301NH3479C	0.03 m ²	1,2 m ²	2,876 m ²	0.024 m ²
Nº 4	7192302NH3479C	0.03 m ²	---	---	---
Nº 6	7192501NH3479C	0.03 m ²	1,2 m ²	2,436 m ²	0.024 m ²



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

ANCLAXE CATENERIA	REF. CATASTRAL	ANCLAXE CATENARIA	PASOS AÉREOS SUBTERRÁNEOS	CABLEADO CONEXIÓN FACHADA	ANCLAXE LUMINARIAS FACHADAS
Nº 8	7192502NH3479C	0.03 m ²	---	---	---
Nº10	7293101NH3479C	0.02 m ²	1,2 m ²	2,436 m ²	0.024 m ²
Nº 12	7293102NH3479C	0.02 m ²	1,3174	4,468 m ²	0.024 m ²
Rúa de Rianxo					
Nº 2	7192601NH3479C	0.05 m ²	2.74 m ²	---	---
Nº 4	7192602NH3479C	0.05 m ²	5,19	---	---
Nº 6	7192603NH3479C	0.05 m ²	3,62	2,436 m ²	0.024 m ²
Nº 8	7192604NH3479C	0.05 m ²	2,55	---	---
Nº10	7192605NH3479C	0.05 m ²	3,58	2,436 m ²	0.024 m ²
Nº 12	7192606NH3479C	0.04 m ²	3,72	2,436 m ²	0.024 m ²
Rúa de Santa Uxía de Ribeira					
Nº 2	7192101NH3479A	0.03 m ²	1,2 m ²	2,506 m ²	0.024 m ²
Nº4	7192102NH3479A	0.03 m ²	2,46 m ²	---	---
Nº6	7192701NH3479A	0.03 m ²	5,13 m ²	2,506 m ²	0.024 m ²
Nº8	7192702NH3479A	0.03 m ²	2,41 m ²	---	---
Nº10	7292201NH3479A	0.03 m ²	4,57 m ²	2,506 m ²	0.024 m ²
Nº12	7292202NH3479A	0.02 m ²	2,44 m ²	---	---
Praza de Álvaro Cunheiro					
Nº 1	7092704NH34795	0.03 m ²	---	---	---
Nº 3	7092701NH3479C	0.03 m ²	---	---	---

ZONA II

ANCLAXE CATENERIA	REF. CATASTRAL	ANCLAXE CATENARIA	PASOS AÉREOS SUBTERRÁNEOS	CABLEADO CONEXIÓN FACHADA	ANCLAXE LUMINARIAS FACHADAS
Rúa de Noia					
Nº 1	7291604NH3479A	0.02 m ²	2,44 m ²	---	---
Nº 3	7291603NH3479A	0.02 m ²	2,56 m ²	---	---
Nº 5	7291602NH3479A	0.02 m ²	2,45 m ²	---	---
Nº 7	7291601NH3479A	0.02 m ²	2,34 m ²	---	---
Rúa de Bispo Diego Peláez					
Nº 1	7392004NH3479A	0.02 m ²	---	---	---
Nº 3	7392003NH3479A	0.03 m ²	---	---	---
Nº 5	7392002NH3479A	0.03 m ²	---	---	---
Nº 7	7392001NH3479A	0.02 m ²	---	---	---

ZONA III

ANCLAXE CATENERIA	REF. CATASTRAL	ANCLAXE CATENARIA	PASOS AÉREOS SUBTERRÁNEOS	CABLEADO CONEXIÓN FACHADA	ANCLAXE LUMINARIAS FACHADAS
Rúa de San Xoan					
Nº 2	7191904NH3479A	0.01 m ²	1,2 m ²	2.43 m ²	0.024 m ²
Nº 4	7191903NH3479A	0.01 m ²	---	---	---
Nº 6	7191902NH3479A	0.01 m ²	---	---	---
Nº 8	7191901NH3479A	0.02 m ²	---	---	---

Rúa de Santa Comba					
Nº 2	7191301NH3479A	0.01 m ²	---	---	---
Nº 4	7191302NH3479A	0.01 m ²	---	---	---
Nº 6	7191303NH3479A	0.01 m ²	---	---	---
Avenida Castelao					
Nº 46	7190401NH3479A	---	1.2 m ²	3.9 m ²	0.024 m ²
Nº 44	7190401NH3479A	---	---	4.4 m ²	0.024 m ²
Nº 42	7190401NH3479A	---	---	2.2 m ²	0.016 m ²

Segundo: Aprobar os anexos de titulares en división horizontal que se achegan co expediente. Nos citados anexos aparecen os titulares das vivendas dos edificios afectados, segundo catastro.

Terceiro: Aprobar os planos nos que se reflicten os bens de necesaria ocupación achegados polo Servizo de Obras e Proxectos o 11 de xuño de 2014 con referencia 120614/-P1; e que son os seguintes:

- 1/5 Mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre. Alumeado Público. Ámbito.
- 2/5 Mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre. Alumeado Público. Luminarias en fachadas.
- 3/5 Mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre. Alumeado Público. Cableado conexión en fachadas.
- 4/5 Mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre. Alumeado Público. Pasos aéreos subterráneos.
- 5/5 Mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre. Alumeado Público. Anclaxe catenarias en fachada.

Cuarto: Someter o presente acordo ao trámite de información pública durante quince días (artigo 17 da LEF), no que os interesados poderán opoñerse á relación por razóns de fondo ou de forma.

4. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS, E APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO ANO 2013.

A **proposta** que formula o **Sr. concelleiro delegado de facenda** en relación co asunto do epígrafe é do teor literal seguinte:

“Tendo en conta os seguintes ANTECEDENTES

PRIMEIRO: Formulación da Conta Xeral do exercicio 2013 trala emisión dos informes correspondentes; posta a disposición dos membros da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas ao abeiro do disposto no artigo 212.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia.

SEGUNDO: Emisión de ditame da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas en sesión de 14 de agosto de 2014, ao abeiro do sinalado no artigo 212.2 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRFL).

TERCEIRO: Exposición ao público durante quince días e oito máis, publicándose o anuncio de data exposición no Boletín Oficial da Provincia número 157 de 20 de agosto de 2014 (artigo 212.3 TRLRFL).

Durante o período de exposición ao público que rematou o pasado 16 de setembro, presentáronse os seguintes escritos:

I. Escrito presentado por dona Lucía Vázquez Muñiz, como veciña da cidade e responsable local do BNG de Santiago (Rexistro de entrada núm. 41.929, de 5 de setembro de 2014).

II. Escrito presentado por don Rubén Cela Díaz, en calidade de concelleiro e portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Santiago (Rexistro de entrada núm. 41.930, de 5 de setembro de 2014).

III. Escrito presentado por don Francisco Reyes Santiás, como veciño de Santiago de Compostela (Rexistro de entrada núm. 42.054, de 5 de setembro de 2014).

IV. Escrito presentado por Don Francisco Reyes Santiás, como concelleiro do Grupo municipal socialista do Concello de Santiago (Rexistro de entrada núm. 42.059, de 5 de setembro):

V. Escrito presentado por don Francisco Reyes Santiás, como concelleiro do grupo municipal socialista do Concello de Santiago (Rexistro de entrada núm. 42.056, de 5 de setembro de 2014).

Vistos os escritos arriba indicados, e de conformidade cos informes de intervención de data 17 de setembro de 2014, esta concellaría somete a Conta Xeral do Concello de Santiago correspondente ao exercicio 2013 a ditame definitivo da Comisión Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas e PROPÓN:

PRIMEIRO: Desestimar as alegacións formuladas á Conta Xeral e que arriba se relacionan.

SEGUNDO: Emitir ditame definitivo favorable á Conta Xeral do Concello de Santiago correspondente ao exercicio 2013.

Acompañada dos informes da Comisión e das reclamacións e reparos formulados, a Conta Xeral someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación e posterior rendición ao Tribunal de Contas, ao abeiro do establecido no artigo 212.4 e 5 TRLRFL.”

Achegado ao expediente figura o **informe do Sr. Interventor Xeral de Fondos** do 17 de setembro de 2014, cuxo contido se transcribe:

“ANTECEDENTES

- 1. Con data 20 de agosto de 2014 se publicouse o anuncio de exposición pública da conta xeral para reclamacións, que acaba el día 16 de setembro.*
- 2. Presenta un escrito de alegacións Don Francisco Reyes Santías, con fecha de entrada del 5 de setembro de 2014.*

CONSIDERACIÓNS

O artigo 212.3 do TRLFL establece que a Conta xeral, co informe da Comisión Especial de Contas, será exposto por prazo de 15 días e 8 máis para presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes por a Comisión Especial e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.

Acompañada dos informes da Comisión Especial e das reclamacións e reparos, someterase ao Pleno para a súa aprobación antes do 1 de outubro.

INFORME

As alegacións formuladas por Don Francisco Reyes Santías:

1ª alegación, referida a que incumpríuse o prazo de 1 de xuño para someter a conta xeral a informe da Comisión Especial de Contas.

*O certo é que por primeira vez na rendición de contas deste Concello cumpríuse a Lei 5/1997, de 22 de xullo de réxime local de Galicia, e púxose ao dispor da Comisión informativa o expediente **cunha antelación de polo menos 15 días** antes da súa celebración, a diferenza dos dous días (ou menos) que viña sendo habitual. A Comisión celebrouse o 15 de agosto, pódose de manifesto o expediente completo o 10 de xullo, polo que **dispuxo de 35 días** para examinar a conta, polo que se considera, ao contrario do que se di polos alegantes que si se cumpriron “os verdadeiros fins de información económica, financeira e patrimonial do destino desa información”. Ademais, a Conta está colgada na web desde esa data para coñecemento xeral do público.*

Doutra banda, a data na que debe esta aprobada a Conta xeral polo Pleno é o 1 de outubro, data na que se está en prazo de cumprir.

Por último, debe significarse que o gasto de persoal diminuíu de 32.555.461,73 euros (obrigas recoñecidas a 31/12/2010) a 28.676.805,06 euros (obrigas recoñecidas a 31/12/2013)

2ª alegación, sobre a conta 413. A conta 413 tratouse no cálculo do resultado orzamentario e do remanente líquido de tesourería seguindo a instrución de contabilidade, polo que non pode procederse como parecen indicar os interesados, minorando o resultado orzamentario e o remanente líquido de tesourería polo saldo da 413, pois se estaría incumprindo a normativa contable.

Non obstante o afirmado, a proposta, sendo incorrecta desde o punto de vista da súa legalidade, tamén o é desde o punto de vista financeiro. En efecto, todos os anos quedan obrigas pendentes de aplicar ao orzamento, e aplícanse ao ano seguinte, polo que, seguindo o razoamento da alegación, si hai que penalizar as magnitudes do 2013 coas facturas pendentes de aplicar dá 31 de decembro de 2013, habería que bonificar ditas magnitudes coas obrigas que quedaron pendentes do exercicio 2012 e aplicáronse ao 2013.

En calquera caso, do saldo da conta 413, é dicir, facturas pendentes de aplicar ao orzamento a 31-12-2014, 631.735,48 euros, quedan ao día de hoxe 208.154,82 euros, pendentes de informe por parte dos centros xestores. As facturas que aplicáronse ao orzamento de 2014 mediante a aprobación dos correspondentes expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito minorarán as magnitudes correspondentes ao devandito exercicio, non as do exercicio 2013 como propón a alegación.

Debe significarse que o importe das facturas pendentes de aplicar ao orzamento representa, a 31 de decembro de 2013, só 0,72 por cento do total das obrigas recoñecidas.

3ª alegación. Canto á provisión da dubidosa cobranza, tívose en conta a modificación do Texto refundido da Lei de Facendas locais (art. 191.bis), que establece unhas porcentaxes mínimas para dotar a provisión en función da antigüidade das débedas, así como as porcentaxes previstas para esta finalidade en DÁA 5ª das bases de execución do orzamento para 2013, de forma que a contía dotada axústase á Lei e ás bases de execución.

A continuación, móstrase un cadro comparativo das porcentaxes previstas para a dotación da dubidosa cobranza, en función da antigüidade da débeda, tanto nas Bases de execución do orzamento para 2013 como no TRLHL modificado:

porcentaxes aplicados	bases	lei
<i>anos 2008 e anteriores</i>	100%	100%
<i>2009</i>	100%	75%
<i>2010</i>	60%	50%
<i>2011</i>	30%	25%
<i>2012</i>	10%	25%

Debe significarse que a dotación da dubidosa cobranza é unha medida de prudencia, pois minora o remanente líquido de tesourería para gastos xerais. En efecto, unha dotación insuficiente daría un remanente de tesourería inxustificadamente inflado, de forma que si utilizávese para realizar maiores gastos mediante as correspondentes modificacións de crédito, a entidade atoparíase nunha situación de insuficiencia de liquidez para facer fronte aos pagos financiados con devanditos remanentes de tesourería "ficticios".

Doutra banda, interesa destacar que a decisión de dotar unha dubidosa cobranza rigorosa ten a súa orixe nas medidas do Plan de axuste de 2102.

Dado que dalgunha maneira pídense contas sobre a forma de cálculo da dubidosa cobranza, informamos que se fixeron os cálculos aplicando os criterios das bases de execución e os legais, de forma que se dotou o importe maior, polo mencionado principio contable de prudencia, que é o resultante das bases de execución, superior ao que resulta de aplicar a Lei de Facendas Locais.

4ª alegación. Como di a alegación, no informe de intervención xa se informa sobre a situación contable do patrimonio. O informe emítese con esta advertencia, situación que vén desde o ano 1992, data en que entrou en vigor a Instrución de contabilidade de 1990, que impuxo por primeira vez a contabilidade por partida dobre, e a necesidade de incorporar un balance no que debía de aparecer contabilizado, entre outros, o inmovilizado material.

Non existe neste Concello un Libro de inventario de bens valorado e non se adoptan os preceptivos acordos anuais de modificación do inventario, que permitiría contabilizar adecuadamente o inmovilizado no grupo 2 de contas. Indícase que existe un servizo de patrimonio, que é o competente para a levanza do Libro, departamento que non depende da área Económica.

Non obstante o anteriormente exposto, o valor do inmovilizado material non afecta o cálculo das magnitudes anuais do remanente líquido de tesourería e do resultado orzamentario.

CONCLUSIÓN

En opinión desta intervención, procede manter a conta xeral nos termos aprobados inicialmente, así como os informes e o ditame emitido no seu día pola Comisión Especial de Contas.”

Figura tamén no expediente o **informe que emitiu o secretario xeral** do pleno ao respecto do procedemento de aprobación do 11 de agosto de 2014 e que é do seguinte tenor literal:

**INFORME SECRETARÍA XERAL DO PLENO
ASUNTO: PROCEDEMENTO APROBACIÓN CONTA XERAL 2013**

Solicitado informe xurídico a esta Secretaría sobre o asunto de referencia, analizadas a lexislación e xurisprudencia aplicables ao caso concreto, en cumprimento do disposto no art. 54 do Texto Refundido polo cal se aproban as disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local de 18 de Abril de 1986, art. 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1986, art. 3 do RD 1174/87, de 18 de Setembro, polo cal se Regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal, art. 122.5º e) da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 39.1. 4 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, o funcionario que subscribe ten a honra de

INFORME

PRIMEIRO. *O artigo 200.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece que as Entidades Locais e os seus Organismos Autónomos quedan sometidos ao réxime da contabilidade pública nos termos establecidos en dita Lei, e o artigo 119. 3 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria determina que o sometemento ao réxime de contabilidade pública implica «obligación de render contas das súas operacións, calquera que sexa a súa natureza, ao Tribunal de Contas».*

O réxime de contabilidade pública ao que están sometidas as Entidades Locais ten como fin último a obrigación de render contas das súas operacións, e o mecanismo previsto polo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, para cumprir esta obrigación é a Conta Xeral.

SEGUNDO. *A Legislación aplicable é a seguinte:*

— *Os artigos 116, 123.1.h), 124.4.ñ da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

— *Os artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

— *O artigo 119.3 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.*

[— *As Regras 97 e seguintes da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local*

— *Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático que facilite a súa rendición.*

— *Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.*

— *A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.*

— *Resolución de 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se Ditan Medidas para o Desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se Aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.*

TERCEIRO. *O modelo simplificado de contabilidade o deben aplicar os municipios cun orzamento que non exceda de 300 000 euros, así como aqueles cun orzamento que supere este importe pero non exceda de 3 000 000 euros e cunha poboación que non supere os 5 000 habitantes.*



As demais entidades locais sempre que o seu orzamento non exceda de 3 000 000 euros. Os organismos autónomos dependentes das entidades locais contempladas nos apartados anteriores.

*Así mesmo, aplicarase o **modelo normal de contabilidade local nos municipios cun orzamento que exceda de 3. 000. 000 euros**, así como aqueles cun orzamento que non supere este importe pero exceda de 300 000 euros e cunha poboación que sexa superior a 5 000 habitantes. As demais entidades locais sempre que o seu orzamento exceda de 300 000 euros. Os organismos autónomos dependentes das entidades locais contempladas nos apartados anteriores.*

CUARTO. O **procedemento** para aprobar a Conta Xeral é o seguinte:

A. De conformidade co artigo 212.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Conta Xeral será formada pola Intervención.

[O contido da Conta Xeral dependerá do modelo de contabilidade que se aplique en cada Concello, así deberá de ser o adecuado á Instrución de Contabilidade que sexa aplicada, concretamente regúlase nas Regras 98 e 101 da Orde EHA 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Pública ou nas Regras 86 e 89 da Orde EHA 4042/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Simplificado de Contabilidade Pública].

*De acordo cos artigos 124 4. º da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 212.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, corresponde ao Presidente da Entidade Local render as contas, polo que o Alcalde someterá a Conta Xeral, xunto con todos os seus xustificantes e Anexos, a **informe da Comisión Especial de Contas, sempre antes do 1 de xuño.***

B. A Conta Xeral co informe da Comisión Especial de Contas **será exposta ao público por prazo de quince días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes pola Comisión Especial e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.**

C. Acompañada dos informes da Comisión Especial e de todas as reclamacións e reparos formulados, a Conta Xeral someterase ao Pleno da Corporación para que, no seu caso, poida ser aprobada **antes do día 1 de outubro.**

D. A Conta Xeral debidamente aprobada remitirase ao Concello de Contas, órgano autonómico encargado da fiscalización das contas dos entes públicos, se así áchase establecido na normativa propia da Comunidade Autónoma.

QUINTO. A aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas

nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas.

SEXTO. *Pola resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado recoméndase aos órganos de control externo un formato normalizado para a Conta Xeral das entidades locais, que favoreza a homoxeneización na rendición de contas por parte destas e facilite a ditos órganos o establecemento de procedementos de envío das contas por medios electrónicos, informáticos e telemáticos.*

[Respecto o formato da Conta Xeral no modelo Normal de contabilidade local o punto terceiro de dita resolución establece que a Conta Xeral da Entidade Local, integrada pola Conta da propia entidade local, a Conta dos seus organismos autónomos, as contas das sociedades mercantís cun capital que pertenza integramente á entidade local e as contas das entidades públicas empresariais locais, así como a documentación complementaria que debe acompañala en virtude do disposto na regra 101 da Orde EHA 4041/2004, de 23 de novembro, presentárase cos formatos «pdf» e «xml», de acordo co seguinte:

— Ficheiros en formato «pdf» que conterán a información da Conta Xeral segundo a estrutura dos modelos de Contas Anuais establecidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración local e no Plan Xeral de Contabilidade da empresa española.

— Ficheiros en formato «pdf» comprensivos da documentación complementaria a acompañar á Conta Xeral que se detalla a continuación:

- a) Acta de arqueo das existencias en Caixa na Corporación e en cada organismo autónomo, a fin de exercicio.*
- b) Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou de cada organismo autónomo, a fin de exercicio.*
- c) Estados de conciliación, en caso de discrepancia entre os saldos contables e bancarios.*
- d) As contas anuais das sociedades mercantís no que no seu capital social teña participación maioritaria a entidade local.*
- e) Os estados integrados e consolidados das contas que, no seu caso, establecece a Corporación.*
- f) Os municipios con poboación superior a 50.000 habitantes e as demais entidades locais de ámbito superior: Memoria xustificativa do custe e rendemento dos servizos públicos e Memoria demostrativa do grado en que se cumprisen os obxectivos programados con indicación dos previstos e alcanzados co custe dos mesmos.*

— Un ficheiro en formato «xml» por cada entidade contable que conterá a información numérica das Contas da entidade local e dos seus organismos autónomos.

O contido e a estrutura de cada ficheiro «xml» deberán cumprir as especificacións técnicas (esquemas XSD) publicadas no portal da Administración Orzamentaria en internet (www.igae.pap.meh.es), así como as normas sobre integridade dos ficheiros «xml», inclúense no apartado SEXTO desta resolución.

Para establecer os formatos informáticos e o procedemento deberá terse en conta o establecido na Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a instrución que regula o formato da Conta Xeral das entidades locais en soporte informático o procedemento telemático para a rendición de contas.

Téñase en conta esta resolución se a rendición de contas realizase de forma telemática e con soportes informáticos.].

*Dado en Santiago de Compostela, a 11 de agosto 2014
O Secretario Xeral do Pleno-Director Asesoría Xurídica,
Asdo..Juan Manuel Salguero del Valle*

Enterados/as os/as Sres./as concelleiros/as e aberto os turnos de intervención, teñen lugar as seguintes:

O Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda, comeza aludindo ao artigo 218 da Lei de Facendas Locais no que se recolle que a conta xeral é o instrumento contable municipal a través do cal se pón de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial, e orzamentario.

Seguidamente, apunta que a Conta Xeral é a realidade económica do concello. Tal e como establece o mesmo artigo 218, reflicte a situación económica, financeira e patrimonial, os resultados económicos e a execución da liquidación dos orzamentos, configurando así o balance da xestión económica nun exercicio orzamentario. Para coñecer a realidade económica do concello, a lei regula especificamente o seu contido e estrutura, e as normas de elaboración, sen que exista marxe algunha para o goberno de turno. Ademais, no artigo 204 encoméndase ao Ministerio de Facenda e á Intervención Xeral do Estado a súa configuración. Así, o Estado ditou a instrucción de contabilidade no ano 2004, polo que se aproba a instrucción do modelo normal de contabilidade local.

No tocante ao prazo, a Conta Xeral sométese ao pleno antes da finalización do prazo legal que é o 1 de outubro. Unha vez tramitado por completo o expediente, o balance do ano 2013 reflicte fielmente o seguinte:

En canto aos indicadores financeiros e orzamentarios, dende o ano 2010 mellora a liquidez inmediata pasando de 0,37 a 0,88; a solvencia a curto prazo aumenta pasando de 1,36 a 2,04 e o endebedamento por habitante baixa en 150 euros se se compara dende o 2010 ó 2013; e se se compara dende o 2010 a agosto de 2014, baixa en 170 euros. A execución de gastos e ingresos está preto do 80%; o gasto por habitante



mantense preto dos mil euros chegando a cantidades cercanas ás épocas de bonanza económica como era o ano 2010, situada en 1100 euros, e mellora a autonomía fiscal, pasando do 0,45 ao 0,61. En suma, de forma xeral melloran todos os indicadores, tanto financeiros como orzamentarios.

En canto ás magnitudes de déficit ou superavit, pásase dun déficit no ano 2010 de menos 2,5 millóns de euros, a 4,5 millóns en positivo no ano 2013 e, en termos consolidados de concello e auditorio, alcanzase un superávit actualmente de 5,2 millóns de euros.

Dita evolución reflexa o esforzo de acompañar ingresos e gastos, sobre todo o control de gasto. Nesta determinación do control do déficit teñen especial relevancia as medidas adoptadas no plan de axuste do ano 2012, especialmente a multiplicación por tres das reservas e previsións dos saldos de dubidoso cobro, pasando das previsións de entre 4 e 5 millóns nos anos 2010 e anteriores, á previsión de 16 e 14 millóns de euros, no ano 2012 e ano 2013. Estas reservas e previsións permiten non orzamentar ingresos de moi dubidoso cobro como gasto e, polo tanto, axustar os ingresos á realidade. Por outra banda, permite ter a suficiente liquidez para non engordar a facturación acompañando gastos e pagos, tal e como o esixe o artigo 193 da Lei de Facendas Locais.

Tal e como manifestan os técnicos municipais nos informes, estas consideracións, xunto co feito de aplicación dos criterios contables vixentes ao longo do exercicio, determinan que o remanente líquido positivo, é dicir, o superavit é unha fiel imaxe da realidade.

En canto ao resultado orzamentario, mellórase dende o ano 2010 de 1,2 a 6,2; e no caso da estabilidade orzamentaria pásase dun saldo negativo de menos 14 millóns de euros no ano 2009 a un positivo de 11,15 millóns de euros actuais. Deste xeito, queda patente que os ingresos financian os gastos. Un xiro na fortaleza económica das finanzas supuxo especialmente o orzamento de 2013, orzamentado con 3,2 millóns de euros de superávit sen recorrer a un solo euro de endebedamento.

Os indicadores de gasto, tanto do gasto por habitante como de cobertura de gastos, tamén melloran e os indicadores de xestión orzamentaria están preto do 80%.

No referente aos indicadores dos servizos prestados, o gasto de persoal diminúe dende o ano 2010 do 43,14% ao 38,11%, e os indicadores de tesourería, ademais da liquidez inmediata e a solvencia a curto prazo, cobra especial relevancia o prazo medio de pago a provedores. Pasouse dos 122 días do ano 2010 aos 57 días no ano 2013. A proba da valoración da liquidez inmediata e da solvencia, que evolucionan de xeito moi positivo, é que actualmente por cada un euro que se debe, o concello dispón de 0,88



euros en caixa, e de 2,81 euros ao sumarse os dereitos pendentes de cobro a tesourería.

No caso da evolución do aforro neto, tamén mellora en termos do ano 2010, de 1,8 a 6,9 no ano 2013. En canto ao superávit, o deficit non financeiro, tamén pasouse de menos 500.000 euros aos 11,8 millóns de euros.

En resumo, os capítulos 1, 7 de ingresos fináncianse cos capítulos 1 e 7 de gastos. En base aos indicadores de equilibrio orzamentario, tamén mellora o aforro bruto, o aforro neto e a amortización de débeda.

No caso do endebedamento, pagáronse dende o ano 2011 trinta millóns de euros. Concretamente, dende o día 1 de xullo de 2011 pagáronse dous millóns de euros, en canto que son as devolucións do PIE, consecuencia dos orzamentos do Estado do ano 2008 e do ano 2009. O risco financeiro baixou do 7,2 a 3,97, e o endebedamento se se fai en termos homoxéneos dende o ano 2010 ao ano 2013, a diferenza son 11,3 millóns de euros; do ano 2010 a agosto do 2014, son 15,4 millóns de euros. A débeda por habitante baixa do ano 2010 ao ano 2013, en 127 euros; e de facelo dende o ano 2010 a agosto de 2014, baixa 170 euros.

Polo tanto, en termos homoxéneos, a débeda sitúase a finais de 2013, nos 52 millóns, o que supón unha minoración de preto de 11,4 millóns. En agosto atópase nos 48,6 millóns, o que supón unha minoración en 15,4 millóns respectivamente.

Isto está confirmado polos técnicos municipais e pola central de riscos do Ministerio de Facenda.

En canto aos ingresos, a evolución no período 2009-2012 amosa que no ano 2013 mellorouse pasando dos 84 millóns aos 90 millóns en ingresos. As conclusións tanto dos técnicos municipais como do concello son que a tendencia á diminución dos ingresos correntes obriga a manter as políticas de contención do gasto corrente, sendo positivo co nivel de endebedamento, e a estar por debaixo dos límites legais. O ritmo de amortización da débeda permite xerar aforro neto nos próximos exercicios.

Cúmprese co informe de estabilidade e co informe da regra de gasto permitindo que no ano 2014 se puidera rebaixar tanto a presión fiscal como o imposto de bens inmobles do 0,6 ao 0,57.

Facendo alusión ás alegacións presentadas á Conta Xeral, di que constan un total de cinco aínda que realmente, son dúas debido ás semellanzas entre elas: unha por parte do voceiro do grupo socialista e outra por parte do voceiro do Bloque Nacionalista Galego.

A primeira alegación presentada polo grupo socialista, refírese ao prazo e aos gastos de persoal. Foi informada polos técnicos e establece que están dentro do prazo que é o 1 de outubro. Por outra parte, os gastos de persoal rebaixáronse de 32,5 millóns a 28,6 millóns de euros.

No caso da alegación referida á conta 413, relata que xa se contestara no mes de agosto. Actualmente ten a simbólica cantidade de 200.000 euros, o que supón o 0,28% do total da facturación do concello.

No saldo, pasouse dende o 31 de decembro dos 31.000 euros, a 208.000 euros. Por outra banda, en base ao saldo de dubidoso cobro, obxecto dunha das alegacións, os técnicos municipais estableceron que, en efecto, unha dotación insuficiente daría un remanente de tesourería inxustificadamente inflado, de forma que se se utilizase para realizar maiores gastos mediante as correspondentes modificacións de crédito, a entidade atoparíase nunha situación de insuficiencia de liquidez para facer fronte aos pagos financiados con devanditos remanentes de tesourería ficticios. Na cuarta alegación, faise alusión á situación do inventario de patrimonio. Os técnicos municipais establecen que a situación xa ven dende o ano 1992. En consecuencia, estima que a alegación formulada polo partido socialista debe rexeitarse.

En canto á alegación presentada polo Bloque Nacionalista Galego, di que vai en termos similares. A única diferenza principal é a referida aos ingresos da grúa e ORA. Os informes municipais reflicten que existe un ingreso por importe de 140.000 euros e que, en todo caso, estase a realizar sobre eles un control financeiro.

En base á situación de EMUVISSA, os técnicos informan que se realizaron no exercicio de 2013 os asentos correspondentes para integrar na contabilidade municipal o patrimonio da mencionada empresa liquidada.

Para concluír, o concelleiro de Facenda considera que o resto das alegacións referidas á memoria da conta xeral e á débeda, xa están contestadas. Remata dicindo que á vista da opinión dos técnicos municipais así como dos informes e do ditame emitido no seu día pola Comisión Especial de Contas, propón manter a conta xeral nos termos nos que se aprobou inicialmente.

O Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG, aproveitando a súa primeira intervención, procede a comentar algúns dos aspectos máis salientables das alegacións presentadas polo BNG lamentando, á súa vez, a desestimación das mesmas e os modos na resposta. Seguidamente, plantexa unha cuestión de forma respecto dos prazos de tramitación desta conta xeral. Recoñece que, tal e como mencionou con anterioridade o señor concelleiro, o prazo definitivo para a aprobación da conta xeral



polo pleno é o 1 de outubro e, polo tanto, de aprobarse hoxe entraría dentro dese prazo.

Ao mesmo tempo asinte que se dispuxo dela a través da páxina web do concello con máis de quince días de anterioridade á realización da comisión informativa de Facenda, e aclara que o BNG nunca puxo en cuestionamento ningún destes dous extremos. Porén, o que denunciaba e segue a denunciar é que segundo o artigo 212.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os estados e contas da entidade local deberían ser rendidas polo seu presidente antes do día 15 de maio do exercicio seguinte ao que corresponda. Sen embargo, non foi o caso nesta conta xeral xa que o informe de intervención está datado a 10 de xullo de 2014, case dous meses despois dese prazo. Ademais, nese mesmo artigo, sinálase que a conta xeral formada pola intervención será sometida antes do día 1 de xuño á Comisión Especial de Contas, desenvolvida o 14 de agosto, dous meses e medio despois dese prazo. Polo tanto, insiste en que foi precisamente iso o que plantexaban na súa alegación a pesar de que, dende o goberno, non tiveron a ben contestar.

Reitera a súa denuncia polo incumprimento dos prazos, pois a pesar de ter incorporado persoal cualificado na área e de dispor de tres interventores, dous tesoureiros, unha xefatura de área, e un novo técnico economista, contestaron de forma pouco clara, afirmando que o gasto de persoal diminuíu de 32,5 millóns no ano 2014, a 28,6 millóns no ano 2013. Lamentablemente, afirma, ese dato sí que é rigurosamente certo porque o capítulo de persoal foi un dos máis castigados polo Partido Popular, aínda que de xeito desigual.

Sinala que resulta difícil de comprender como se alardea dun superávit de 5,2 millóns de euros, ao tempo que os traballadores e traballadoras do concello sufriron os recortes máis importantes da súa historia, motivo polo cal o orzamento do ano 2014 está recorrido no xulgado do contencioso polos representantes dos traballadores e das traballadoras deste concello, e, dende o seu punto de vista, conta con moitos visos de gañar os recursos nos tribunais.

A ese respecto, lanza dúas preguntas: se aumentou ou non aumentou ese persoal de confianza en dita área dende a chegada do Partido Popular, e se serviu ese aumento de persoal para garantir un mellor funcionamento da área e o cumprimento dos prazos establecidos, tanto na aprobación de documentos básicos como é o caso, ou noutros como son os orzamentos municipais. No primeiro caso, o Sr. Cela contesta de forma positiva, mentres que no segundo resposta rotundamente que non.

Por outro lado, indica que o grupo municipal do BNG plantexou que esta conta xeral incorpora na partida 413 un total de 631.000 euros e a data de 14 de xullo de 2013 quedan pendentes de aplicar ao orzamento de 2013 coa contía de 227.000 euros.



Considera que este feito pón de manifesto tanto, a sobrevaloración do resultado do exercicio de 2013, como o remanente de tesourería en idéntica contía.

Con isto, non se está a solicitar, a pesar de que así se interpretou, a minoración do resultado orzamentario e o remanente líquido de tesourería polo saldo da conta 413, xa que deste xeito se incumpriría a normativa contable. O que pretende o BNG é evidenciar que o resultado e o remanente non reflicten a realidade, porque parte das obrigas quedan sistematicamente para outros anos, o cal foi obxecto de crítica e de denuncia por parte do Partido Popular no Tribunal de Contas a pesar de que se arquivou.

Dada esa situación, é posible denunciar unha dobre vara de medir dependendo de se o grupo municipal popular se atopa na oposición ou no goberno.

En terceiro lugar, plantexa que non consta informe ningún que poña de manifesto o desfase nos dereitos recoñecidos nas aplicacións orzamentarias que debían recoller o canon da grúa e da ORA do exercicio de 2013, a respecto das previsións que constan no expediente contractual suscrito.

Ao mesmo tempo, aclara que tampouco lles consta a realización da auditoría de contas á que se refire o prego de condicións que deu lugar a esa contratación. Este feito, dende o punto de vista do BNG, introduce unha incerteza nas contas que non queda convenientemente reflectida nos respectivos documentos desta conta xeral. Así, cuestiona por que na exposición anterior se facía referencia á partida 55100, mentres que na liquidación do ano 2013 existía unha previsión de ingresar douscentos noventa e sete mil euros na partida 55001, canon contrato concesión servizos ORA e grúa, e finalmente se ingresou un total de cero. Consecuentemente, reclaman esa información para que os veciños de Santiago poidan determinar o por que na cantidade de euros esixidos para mercar o ticket para o seu coche ou para retirarlo do depósito da grúa, e a onde están dirixidos eses cartos.

Polo tanto, reitera a solicitude dese informe, porque di que resulta sorprendente que coa situación do ano 2012 e, sobre todo, coa de 2013, o goberno municipal non vira a necesidade de revisar esa anómala situación e só reaccionara despois da denuncia pública que fixo o Bloque Nacionalista Galego ao respecto.

Con respecto ás previsións de dubidoso cobro mencionadas con anterioridade polo concelleiro, dende o BNG non cuestionan o método de contabilización, pero sí a falta dunha explicación das causas que motivaban eses saldos.



Por último, plantexan outras alegacións nas que denuncian que non consta a memoria demostrativa no grao no que se cumpriron os obxectivos programados con indicación dos previstos e dos alcanzados, co custo dos mesmos.

Reclaman á súa vez, a cuantificación dos obxectivos e se foron programados, tal e como recolle a normativa vixente. Seguidamente recoñece que no apartado 21 da memoria constan os indicadores de xestión, os orzamentarios, os financeiros e os patrimoniais, pero os indicadores son diferentes aos obxectivos orzamentarios. Estase a falar de obxectivos cuantificados por áreas de xestión ligadas aos orzamentos. Para concluir, a Conta Xeral que se pretende aprobar no día de hoxe non cumpre co seu principal obxectivo, o de reflexar a imaxe fiel da situación económica e patrimonial do concello polo que o grupo municipal do BNG non vai votar favorablemente a este punto.

O Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, manifiesta que o grupo municipal socialista quere amosar o seu rexeitamento, tendo en conta a maneira na que teñen publicado os datos que fan referencia á conta xeral, ao comportamento de absoluta falta de respecto institucional que ten amosado o goberno.

Por outra banda, di que é certo que a través da páxina web do concello foi posible analizar e coñecer os datos da Conta Xeral. Non entanto di que teñen unha responsabilidade diante de quenes os elixiron e, en xeral, de todo o corpo electoral. Opina que isto resulta ser a consecuencia lóxica de ter por primeira vez na historia do concello un goberno maioritariamente conformado por persoas que non foron escollidas democráticamente, senón dixitalmente polo partido que representan. Así, existe baixo o seu punto de vista, unha falta de respecto institucional a quenes sí foron designados democráticamente.

No referente ao informe da Conta Xeral, no cal o goberno expón en tres páxinas os obxectivos acadados ou non dende o punto de vista orzamentario para o 2013, di que resulta sorprendente que a primeira proposta do goberno sexa desestimar as alegacións formuladas á Conta Xeral. Argumenta que todas as alegacións do Partido Socialista contan cun informe favorable da intervención. Cando fixeron referencia a que non se cumpriu o termo no que tiñan que estar presentadas as contas, reitera que a lei estipula que o 1 de xuño é o día para someter a Conta Xeral ao informe da comisión especial de contas. A este respecto, a resposta foi que a comisión se celebrou o 14 de agosto, que o expediente completo estivo a disposición o 10 de xullo e, polo tanto, que se tiveron 35 días para poder analízalo.

A continuación, insiste en que está a falar de termo e non de prazo á vez que destaca que o Partido Popular na oposición estivo a demandar, estivo a poñer enriba da mesa

como crítica continúa, a falta de compromiso por parte dos anteriores gobernos con respecto ao cumprimento de prazos e termos, e mesmo chegaron a pedirlle a dimisión ao concelleiro de facenda. En consecuencia, indica que o cumprimento dos prazos é importante; polo menos para o Partido Popular.

Con respecto á segunda alegación, indica que hai 631.735,48 euros do que se entende vulgarmente como facturas no caixón. Dende o grupo municipal socialista consideran unha satisfacción poder ler o informe do interventor no que se di: “que todos os anos quedan obrigas pendentes de aplicar ao orzamento e aplícanse ao ano seguinte”. Isto reflexa unha maneira habitual de funcionar e resulta chamativo, porque o Partido Popular levou unha denuncia ó Tribunal de Contas precisamente por este feito. Así mesmo, indica que o goberno na rolda de prensa, cando informou de que existe un remanente líquido de tesourería de 4.593.000 euros, era consciente de que non era certo porque non teñen ese remanente. O total de 631.735 euros non foron pagados.

Denuncia que non é a primeira vez que o fan dende o goberno, pois xa ocorreu coa xestión dos seus orzamentos. Alude neste sentido ao pagamento ou non das débedas a provedores. De ahí radica a importancia de ter en conta eses 631.735 euros que tiñan que ter pagados e que corresponden a facturas do segundo semestre do ano 2011. Ese é o punto ao que se chega para poder tapar os 631.000 euros.

Con respecto ao tema dos créditos de dubidoso cobro, o Sr. Reyes non pón en dúbida que estean dentro da porcentaxe que marca a normativa legal, pero cuestiona que se tripliquen os créditos de dubidoso cobro con respecto aos últimos orzamentos progresistas do concello no 2011. Sinala que dende o goberno teñen que explicar, con respecto á triplicación dos créditos de dubidoso cobro, a cantidade de débeda cobrada do orzamentado. É dicir, canto se deixa de percibir en subvencións de distintas administracións ou da Unión Europea. Para finalizar este punto, pide un informe por escrito e a súa posterior presentación no pleno ao respecto que inclúa a resposta das preguntas anteriormente formuladas.

A cuarta alegación, referente ao impacto en riscos e en patrimonio pola integración da empresa EMUVISSA no concello, dada a resposta emitida polo señor Quiroga, pertence ao departamento da área de patrimonio e non ó da área económica, pero o goberno ten que dar unha resposta. Do contrario, quedaría patente unha falta de coordinación e proxectaríase que parte das concellarías son impermeables. É dicir, en situacións estancas non existe comunicación entre os membros. Así, a área económica, a concellaría de facenda non podería pedir á unidade ou departamento de patrimonio que lle dea esa información aos veciños e veciñas da cidade.

Posteriormente, reitera que os datos da débeda emitidos non son reais. Dende o goberno falan de 52 millóns ao remate do 2013, a 31 de decembro de 2013, pero a



realidade é que son 59 millóns. Acusa ao Partido Popular de agochar 7 millóns a sabendas que deses millóns 46.357.000 euros pertencen ao endebedamento dos gobernos progresistas (dende 2000 ata 2010). Ademáis, teñen que sumar 12.722.000 euros, que é o endebedamento dende o 2012 do Partido Popular para pago a provedores cuxo único obxectivo real era darlle negocio a gañar á banca, sendo pagado polo peto de todos os veciños e veciñas. O goberno do Partido Popular, no período dun ano incrementou a débeda do concello na cuarta parte que o anterior goberno en dez anos.

Rematado o primeiro turno de intervención e aberto o segundo, teñen lugar as seguintes:

O Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda comeza clarexando que as manifestacións do voceiro do BNG son unha reprodución das alegacións presentadas.

A respecto da Conta Xeral, sinala que non se forma polo goberno nin polos grupos do goberno, senón polos técnicos municipais. A Lei de Facendas locais co obxectivo de reflexar a imaxe fiel do concello non encomenda esta tarefa, como é o caso do orzamento, ao goberno, senón aos técnicos municipais para reflexar unha situación real, tanto contable como económica.

En canto ao prazo, a Lei de Facendas Locais, establece que o prazo de remisión da Conta ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas é o 1 de outubro. Dado que non están a 1 de outubro, cúmprese o prazo de remisión da Conta Xeral, tanto ao Tribunal de Contas como na súa aprobación.

No caso correspondente á incorporación de persoal e mellora de funcionamento, di que o gasto de persoal diminuíu dos 32 aos 28 millóns de euros. No funcionamento, no ano 2010 partiuse dun déficit de preto de tres millóns de euros e dunha débeda de 70 millóns de euros. Actualmente, cóntase cun superávit de 5,2 millóns de euros que permite destinalos a investimentos sostibles, a amortizar máis débeda e, no caso de ter un resultado negativo, obrigaría a recortar gasto por ese importe. En suma, o funcionamento da concellaría e as magnitudes económicas do concello melloran reducindo gasto de persoal.

En base á conta 413, a día de hoxe as facturas pendentes de aplicar ao orzamento son simbólicas. Representan o 0,28% da facturación do concello, douscentos mil euros e, ademais, son dúas facturas que non están conformadas e non se poden pagar. En referencia á conta 413 de anos anteriores, simplemente recorda que triplicaba e cuatuplicaba as facturas pendentes de aplicar ao orzamento.

No canon da grúa e ORA, reitera que xa se someteu a un control financeiro. Hai ingresados 140 mil euros e estase a facer un control financeiro da empresa cuxo informe porán á disposición do pleno.

Facendo referencia ás alegacións realizadas polo voceiro do PSdeG-PSOE, en primeiro lugar admite descoñecer a que se refire coa falta de respecto, pois é a primeira vez que a Conta Xeral se pón a disposición dos partidos aplicando a Lei de Administración Local de Galicia. Dita conta, estivo a disposición pública durante 35 días na páxina web. A Conta Xeral reflexa con exactitude a imaxe do concello dado que son os técnicos municipais, ao marxe do goberno, os encargados de realizar o informe.

No tocante ao remanente líquido de tesourería, di que se alguén ten dúbidas pode empregar as vías contenciosas para impugnar ou facer o que estime oportuno. En canto á conta 413, di que xa o respostou nunha pregunta por escrito e sinala que representa o 0,28% da facturación do concello. Clarexa que son dúas facturas e non se poden pagar porque non están conformadas.

Referido ao histórico da conta 413, prefere non entrar en cuestión, pero indica que no ano 2007 cuatuplicaba esa cantidade.

O saldo de dubidoso cobro, tal e como o explicou o interventor no informe, de non provisionar esas reservas, produciríase un superávit de dez ou quince millóns de euros. É dicir, non habería cartos para pagar, tal e como ocorreu con anterioridade. Por ese motivo e porque o indicou o Ministerio de Facenda, fixéronse as provisiones.

No tema da débeda, admite que foi obxecto de discusión, pero ten unha solución sinxela. Resulta posible informarse na páxina do Ministerio de Facenda a cal sinala que a débeda en xullo situábase en 49,1 millóns de euros.

O Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG, comenza o seu segundo turno cuestionando o concepto de imaxe fiel, o cal considera cando menos elástico. Un claro exemplo é a situación do Estado Español no ano 2013. Pregúntase se a imaxe fiel é a que reflexan hoxe con 22.300 millóns de euros PIB porque se contabiliza a prostitución, as drogas, o tráfico de armas e o xogo ilegal ou, pola contra, se se trata da imaxe que tiñan ata fai dous días. Apunta que existen notables diferenzas á hora de contabilizar determinadas cuestións e diferentes criterios. O que se está a tratar agora son os saldos de dubidoso cobro, pero podería falar doutras cuestións, sobre todo no cálculo da débeda. En calquera caso, o BNG considera que hai diferentes elementos que invitan a que ese reflexo de imaxe fiel non sexa real.

Valorando a última intervención do concelleiro de facenda, procede a comentar varios aspectos da mesma. En primeiro lugar, resúltalle salientable o baixísimo nivel de

execución dos investimentos orzamentados, porque pese á existencia de sobrantes de remanentes para gastos de investimentos xa financiados e tamén para gastos xerais, o nivel de investimento realmente é pequeno. Polo tanto, reprobamos ese baixo nivel por entender que non se xustifica nunha época de crise, onde o papel dos investimentos públicos debería xogar un papel fundamental de dinamización económica e de xeración de emprego.

En base ao nivel de endebedamento, nesta Conta Xeral queda de manifesto que máis da cuarta parte do que está pendente por devolver en préstamos, xerouna precisamente o Partido Popular en tan só un ano con ese préstamo de 12,7 millóns de euros. O restante, compóñeno toda a débeda de créditos concertados por anteriores gobernos dende o ano 2000 ata o ano 2010, e seis millóns están pendentes de devolver ao Estado por anticipos de participación en ingresos do Estado. Novamente insiste en reprobar esa situación que fai referencia a un endebedamento por gasto corrente que non se corresponde co remanente de tesourería negativo no intre da súa concertación, nin co remanente e saldo da conta 413 no seu momento. Ademais, considera lóxico que tras varios meses o saldo 413 sufrira variacións.

En suma, ese endebedamento só produce unha folgura orzamentaria que non se emprega nin para xestionar, nin para investir no conxunto das necesidades que ten hoxe Santiago. Isto provoca cada vez máis remanentes de tesourería positivos e superávits orzamentarios sen entender a súa función fundamental. Os orzamentos están para xestionalos, non para atesourar remanentes, máximo nun momento de necesidades tan imperiosas como é o actual.

O nivel de risco financeiro, tal e como sosteñen dende o goberno, é menor ao dos exercicios anteriores sobre a base da inexistencia de investimentos. Porén, medra a relevancia da carga financeira sobre o total dos gastos realizados en máis de 2,5 puntos porcentuais. Incrementábase o custo do endebedamento, e a marxe de autofinanciamento é menor con respecto ao ano 2010. Todo iso, unido a unha tendencia de diminución dos ingresos correntes, denunciado polo BNG na formulación dos orzamentos e que agora ven confirmado, lles leva, novamente, a reprobar esa política orzamentaria. O indicador positivo de endebedamento débese a que están nun período de carencia do novo endebedamento concertado polo goberno e vaise minorando o nivel de endebedamento dos anos anteriores pola amortización dos préstamos.

Con respecto ao nivel, o indicador positivo do maior nivel de cobertura de ingresos sobre gastos o único que pon de manifesto é que non se gasta o orzamento previsto, nin se inviste o orzamentado. Sen embargo, o nivel de gastos correntes vese incrementado e os ingresos correntes diminúen, tal e como o recolle o informe de seguimento do plan de axuste.

Indica, en referencia á alusión do señor concelleiro ao endebedamento per cápita, que se lle esqueceu mencionar a preocupante diminución do gasto por habitante (230 euros). Nese sentido, reitera que dende o BNG entenden que a Conta Xeral non é un reflexo fiel da situación económica e financeira actual do concello de Santiago e por ese motivo non votarán a favor deste punto.

O Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-Psoe, para comezar, clarexa que cando dende a concellería falan, con respecto da conta 413, de cal é a situación a finais de agosto, primeiros de setembro, o asunto que realmente lles compete é o da Conta Xeral. Por iso, aluden ao 31 de decembro do 2013. Indica que para falar da situación actual é preciso que traian a debater no pleno os informes trimestrais de execución do orzamento.

Con respecto ao tema da provisión, acusa ao goberno de realizar unha trampa contable de natureza legal para triplicar a provisión de créditos de dúbidoso cobro. Argumenta que cando se fala do incremento de pago a provedores a 31 de decembro de 2013, presentan un total de case 19 millóns de euros namentres, teñen case dezasete millóns de euros en caixa. Di que contan con 637 mil euros de pago de facturas nos caixóns, e que se está claramente a incumprir a lei de morosidade. De non ter unha provisión que triplica a que fixo no seu momento por créditos de dubidoso cobro o goberno progresista, estaríase a falar de preto de vinte millóns de euros en caixa. Ao mesmo tempo, terían dezanove millóns de euros de pago a provedores pendentes de pagar nun momento económico como o que está a pasar esta cidade.

Pon de manifesto a súa incredulidade ao escoitar ao concelleiro sobre o plan de axuste e o seu cumprimento, xa que no informe que envían do nivel de cumprimento do plan de axuste ao Ministerio de Facenda, eles mesmos indican que non cumpre cos ingresos correntes e conta cunha desviación por debaixo do 3,2%. Ademais, incrementan preto do 1% con respecto ao que establecía o plan de axuste. É dicir, contan cun 34% menos de aforro bruto do previsto e o 57% menos de aforro neto con respecto ás súas previsións. Ao mesmo tempo, hai un incremento de case o 9% con respecto ó endebedamento anunciado no plan de axuste, e a capacidade e necesidade de financiamento conta cun 33% menos do seu compromiso no plan de axuste.

En consecuencia, o Sr. Reyes reprocha ao Partido Popular que valore como boa a súa xestión. Así mesmo, considera que eran sabedores de que a débeda no momento que se fixo o traspaso de poderes no Concello, era de 55,8 millóns de euros. Aproveitaron a posibilidade que lles daban para o pago a provedores, non para dito fin, senón para endebedar ao Concello practicamente en 13 millóns cos tipos de xuro máis altos dos últimos quince anos. En suma, reitera que levan enganando á cidadanía de Santiago dende que entraron no goberno alegando que existe un burato negro a pesar de non



ser certo. De ser así, imaxinando que unha familia cunha mala situación económica lograra, en tres anos, cubrir todos os créditos e amortizar toda a hipotéca, solo sería posible no caso de que lle tocase a alguén a primitiva, mais di que a este goberno e a esta cidade non lle tocou ningunha dende xullo de 2011.

Cuestiona de novo como poden presumir dunha xestión eficiente cando o que presentan é un nivel de execución de investimentos para unha cidade, nun momento económico como o que hai, que non supera o 20%.

Por outro lado, laméntase de que a situación non estea en vías de mellorar, pois a última execución da Consellería de Infraestruturas foi do 30%. Esa é a expectativa que se pode ter con respecto ao cumprimento dos orzamentos.

Finalmente, reivindica a transparencia á hora de facilitar cales son os obxectivos que se cumpriron ou non dende o goberno en comparación cos previstos orzamentariamente. Insta a facer unha autocrítica e mesmo un plan que explique como van cumprir para o próximo ano os obxectivos que quedaron pendentes.

Para concluir este cuarto punto da orde do día o **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda**, fai uso da facultade prevista no artigo 73.1.c do Regulamento Orgánico do Pleno da Cidade de Santiago de Compostela. No primeiro lugar, rexeita o escenario descrito anteriormente xa que, de ser así, non se poderían ter as magnitudes que reflexa a Conta Xeral de superávit duns 5,2 millóns de euros e de estabilidade financeira.

En alusión á debeda, di que se o 1 de xullo de 2011 había setenta millóns e actualmente hai 49 millóns, queda evidenciada a redución da débeda. Para rematar di que dende o goberno ratifican a proposta e piden o voto a favor da Conta Xeral.

Rematados os turnos de intervención o segundo e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria** ten lugar o seguinte resultado:

<p>Votos a favor: 13 (PP) Votos en contra: 12 (PSdeG-PSOE, 3 BNG) Abstencións: 0</p>
--

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría absoluta do seu número legal (13 votos a favor, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 12 votos e contra correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG) aprobar o ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior e Facenda correspondente á súa reuñión do 22 de setembro de 2014 relativa

a **RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES, E APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO ANO 2013**, e consonte cos informes anteriormente referidos, acorda

1. Desestimar as alegacións presentadas á Conta Xeral 2013, por Dona Lucía Vázquez Muñiz, núm. rexistro 41929 do 5 de setembro de 2014, Don Rubén Cela Díaz, núm. rexistro 41930 do 5 de setembro de 2014 e Don Francisco Reyes Santiás núms. Rexistro 42045, 42056 e 42059 do 5 de setembro de 2014.

2. Aprobar definitivamente a Conta Xeral do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao exercicio de 2013.

5. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN E NOVA AFECTACIÓN DA VIVENDA CONSERXE CEIP VITE I.

O informe que emitiu o Secretario Xeral do pleno o 13 de agosto de 2014, en relación con este asunto é do teor literal seguinte:

“ASUNTO: DESAFECTACIÓN DA VIVENDA DO CONSERXE DO CEIP VITE I

Juan Manuel Salguero del Valle, Funcionario con Habilitación de Carácter Estatal, Subescala de Secretaría, Categoría Superior, en cumprimento do disposto non art. 3 do Real Decreto 1174/87, de 18 de Setembro, polo que se aproba ou Regulamento Xurídico dous Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal, ou art. 54 do Real Decreto Legislativo 781/86, polo que se aproba ou Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local e ou art. 173 do Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, emito ou seguinte:

INFORME:

I

ANTECEDENTES DE FEITO:

-Por Dna. Maria José Corral López, concelleira Delegada de Servizos Sociais, Educación, Normalización Lingüística Xuventude e Deportes solicítase desta Secretaría Xeral informe sobre procedemento de Desafectación e Nova afectación Vivenda Conserxe CEIP VITE I.

-Á solicitude acompáñase escrito de data 22 de xullo de 2014 asinado polo Xefe Territorial de A Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no que solicítase que por parte do Concello de Santiago de Compostela se leve a cabo a desafectación de destino da vivenda do conserxe, sita no CEIP VITE I e posterior afectación de mesma a fins educativos, motivados pól as urxentes necesidades de ampliación do centro escolar, para satisfacer as demandas de escolarización e do servizo de comedor. Todo elo de conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, na Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 5/97, de Administración Local de Galicia e demais normativa aplicable.

A desafectación consiste na alteración da cualificación xurídica dos bens das Entidades Locais, que require expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade.

II

LEXISLACIÓN APLICABLE

- O artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- O Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa da desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal.
- A Orde de 4 de xuño de 1987 sobre desenvolvemento do Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa da desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal.
- Os artigos 22.2.l), 47.2.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

III

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira:-A desafectación de edificios ou inmuebles que son bens de dominio público destinados a Centros educativos só poderá ter lugar nun dos seguintes supostos, cando se teña a autorización previa necesaria:

- Cando o inmueble deixe de ser necesario, en todo ou en parte, para o desenvolvemento do servizo público do ensino.
- Cando, previa peritación técnica, as condicións ou características físicas do inmueble, ou da parte cuxa desafectación propónse, non resulten adecuadas á finalidade educativa.
- Cando concorra calquera outra circunstancia da que se deduza a conveniencia ou necesidade de desafectarlo, previa xustificación razoada no expediente.

Queda acreditado que a vivenda anexa do CEIP VITE I é propiedade do Concello de Santiago de Compostela.

A citada vivenda xa non cumpre a súa función e resulta necesaria unha nova afectación a fins educativos, motivado polas motivos **polas urxentes necesidades de ampliación do centro escolar.**

No expediente de referencia queda acreditada igualmente a devandita autorización pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria toda vez que insta a esta Administración Municipal se leve a cabo a desafectación de destino da vivenda do conserxe, sita no CEIP VITE I e posterior afectación de mesma a fins educativos, motivados polas urxentes necesidades de ampliación do centro escolar.

Segunda. O procedemento para levar a cabo a desafectación de Edifícios Públicos Escolares é o seguinte:

A. A alteración da cualificación xurídica dos bens das Entidades Locais require expediente no que se acrediten a súa **oportunidade e legalidade**, o que no presente suposto queda xá cumprido cos antecedentes obrantes no mesmo e a emisión do presente informe.

B. Acreditados os extremos anteriores acordarase polo **Pleno por maioría absoluta** do número legal de membros o inicio do expediente de desafectación da vivenda do conserxe, sita no CEIP VITE I e posterior afectación de mesma a fins educativos, motivados polas urxentes necesidades de ampliación do centro escolar.

C. Acordarase, así mesmo, someter a aprobación inicial da desafectación a **información pública polo prazo dun mes**, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello.

Durante ese período, o expediente quedará a disposición de calquera que queira examinalo e poderanse presentar as alegacións que se estimen pertinentes.

D. As alegacións presentadas recolleranse nun **certificado da Secretaría**, informándose polos servizos competentes do Concello.

E. O **Pleno** acordará a aprobación provisional do expediente, e remitirase á Comunidade Autónoma para que se proceda á autorización da desafectación, conforme ao disposto no artigo 2 do Real Decreto 605/1987, de 10 de abril. Este extremo no obstante cúmprese xá por ser esta Administración a que insta ó Concello de Santiago de Compostela a que proceda a tramitación do expediente. No obstante, recoméndase comunicar calquera tramitación que se leva a cabo á Administración Autonomía para o seu coñecemento e efectos oportunos.

F. Recibida a autorización da Comunidade Autónoma procederase á **aprobación definitiva** do expediente de desafectación do Edificio Público Escolar descrito, en cumprimento do Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa da desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal.

G. A alteración da cualificación xurídica do ben inmueble deberá ser comunicada ao Rexistro da Propiedade e deberanse efectuar as correspondentes anotacións no Libro **Inventario de Bens**, en virtude do establecido no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Tendo en conta todos os trámites xá efectuados e por razóns de economía procesal consideráse axustado a Dereito a posibilidade que se durante o trámite de información ó público non se presentaran alegacións o acordo de aprobación inicial procedería elevarse a definitivo, sen prexuízo da que na primeira sesión ordinária que o Pleno realizase se dera conta desta circunstancia.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de

novembro, polo que se aproba o Reglamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a desafectación da vivenda do conserxe anexa do CEP VITE I e o seu posterior afectación a fins educativos, motivado polas urxentes necesidades de ampliación do centro escolar, para satisfacer as demandas de escolarización e do servizo de comedor. Todo elo de conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, na Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 5/97, de Administración Local de Galicia e demais normativa aplicable.

SEGUNDO: Someter o expediente a información pública polo prazo dun mes no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, para que os interesados poidan formular as reclamacións que estimen pertinentes.

TERCEIRO: Simultaneamente someter o expediente á consideración da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para seu coñecemento e efectos oportunos.

CUARTO: De non presentarse reclamacións durante o trámite de información ó público o acordo de aprobación inicial elevarase automaticamente a definitivo, sen prexuízo de dar conta desta circunstancia ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este realice.

QUINTO: Facultar tanto ó Sr. Alcalde-presidente como á Sra. Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Educación, Normalización Lingüística Xuventude e Deportes tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

E este é ou meu informe que emito segundo ou meu leal saber e entender e que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito sen prexuízo de que tanto ou Sr. Alcalde como a Xunta de Goberno Local, ou, non seu caso, ou Pleno da Corporación, co seu máis alto criterio acorden ou que estimen oportunos.”

Enterados/as os/as Sres./as concelleiros/as e aberto os turnos de intervención, teñen lugar as seguintes:

A **Sra. Corral López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Servizos Sociais**, explica que o colexio de Educación Infantil e Primaria Vite I ven demandando a ampliación do centro escolar para dar cobertura ás necesidades do servizo de comedor do alumnado.

A xefatura territorial de educación instou ao concello para desafectar a antiga vivenda do conserxe, integrada nas instalacións do centro, baleira e en desuso por xubilación de aquel, e afectala a fins educativos co obxecto de poder levar a cabo a execución da requerida obra de ampliación.



O concello, propietario das instalacións, ten o obxectivo prioritario de favorecer a calidade da comunidade educativa. Visto que non hai ningún inconveniente legal, procede a iniciación do trámite de desafectación e a conseguinte nova afectación co trámite administrativo oportuno.

O **Sr. Muiños Sánchez, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, anuncia que o partido socialista votará favorablemente á aprobación inicial da desafectación e nova afectación da vivenda do colexio público Vite I, sempre que se teña en conta que o novo uso da vivenda estará vencellado ás urxentes necesidades do centro escolar, ben para ampliar o centro, ou ben para o servizo de comedor.

Ao mesmo tempo solicita que o espazo se poña a disposición do alumnado coa maior brevedade posible. Actualmente hai uns cincuenta nenos e nenas no servizo de comedor no colexio público de Vite que se ven obrigados a comer en dúas ou tres quendas, porque non hai suficiente espazo.

Lamentablemente, ese problema non é singular dese centro, senón que hai moitos outros saturados polo que se insta ao goberno municipal tanto a estudar detidamente as necesidades dos comedores de todos os centros públicos de ensino da cidade, como a darlle unha pronta solución.

O servizo de comedor é algo fundamental dentro do ámbito educativo, pois os nenos e nenas adquiren uns hábitos de hixiene, alimentación e convivencia que son básicos no seu desenvolvemento educacional.

Por todo iso e polo expresado con anterioridade, reitera o apoio do seu grupo.

Rematado o primeiro turno de intervencións, non tendo lugar o segundo e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria** ten lugar o seguinte resultado:

<p>Votos a favor: 25 (13 PP, 9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)</p> <p>Votos en contra: 0</p> <p>Abstencións: 0</p>
--

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus venticinco membros de dereito aprobar o ditame transcrito da Comisión Informativa Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa reunión do pasado 22 de setembro de 2014 e consonte co informe anteriormente transcrito, relativo a **APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN E NOVA AFECTACIÓN DA VIVENDA CONSERXE CEIP VITE I**, acorda:



PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a desinfectación da vivenda do conserxe anexa do CEP VITE I e o seu posterior afectación a fins educativos, motivado polas urxentes necesidades de ampliación do centro escolar, para satisfacer as demandas de escolarización e do servizo de comedor. Todo elo de conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, na Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 5/97, de Administración Local de Galicia e demais normativa aplicable.

SEGUNDO: Someter o expediente ao trámite de información pública polo prazo dun mes no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, para que os interesados poidan formular as reclamacións que estimen pertinentes.

6. APROBACIÓN, AOS EFECTOS ECONÓMICOS PREVISTOS NO INFORME DE INTERVENCIÓN MUNICIPAL, DO CONVENIO SUBSCRITO POLA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL “AUGAS DE GALICIA”, O CONCELLO DE SANTIAGO E A SOCIEDADE ESTATAL “AGUAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA, S.A.” PARA A EXECUCIÓN E EXPLOTACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA EDAR DE SILVOUTA.

Con data 17 de setembro de 2014, a **concelleira delegada de desenvolvemento urbano sostible** presentou unha proposta co obxecto de adoptar o acordo do epígrafe.

Achegado ao expediente figura o **informe do secretario xeral do pleno** do 30 de xullo de 2014 que ten o seguinte contido:

“ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Xunta DE GALICIA, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A SOCIEDADE ESTATAL AUGAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA SA. PARA A EXECUCIÓN E EXPLOTACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA EDAR DA SILVOUTA (Actuación “Saneamento de Santiago de Compostela. Nova EDAR”).

Solicitado informe xurídico a esta Secretaría por Dna. Teresa Gutiérrez López, Concelleira Delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, sobre o asunto de referencia, analizadas a lexislación e xurisprudencia aplicables ao caso concreto, en cumprimento do disposto no art. 54 do Texto Refundido polo cal se aproban as disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local de 18 de Abril de 1986, art. 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1986, art. 3 do RD 1174/87, de 18 de Setembro, polo cal se Regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal art. 122.5º e) da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 39.1. 4 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, o funcionario que subscribe ten a honra de

EXPOÑER:

I

ANTECEDENTES DE FEITO

-Texto del convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a Sociedade Estatal Águas de Iãa Cuencas de España para a execución e explotación das obras de “Mellora da Edar da Silvouta (Actuación “Saneamento de Santiago de Compostela. Nova EDAR”).

II

LEXISLACION APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público .*
- Texto Refundido da Lei de Augas, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2001.*
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*
- Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- Lei 5/97, de 22 de Xullo, de Réxime Local de Galicia.*
- Lei 33/2003, de 3 de Novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.*
- Lei 10/2001, de 5 de Xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional.*
- Lei 9/2010, de 4 de Novembro, de Augas de Galicia.*
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- Decreto Xunta de Galicia 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regualmento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- Decreto Xunta de Galicia 32/2012, do 12 de xaneiro.*

III

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira: En canto á natureza xurídica do documento sometido ao presente informe

Exponse na solicitude de informe a posibilidade de asinar un convenio entre a Xunta de Galicia, a entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a Sociedade Estatal Águas de las Cuencas de España SA para a execución e explotación das obras Mellora da Edar da Silvouta (Actuación “Saneamento de Santiago de Compostela. Nova EDAR”).

Coa actuación obxecto deste Convenio preténdese o desenvolvemento de medidas que permitan mellorar a calidade da vertedura da actual EDAR de Silvouta (Santiago de Compostela), paliando o déficit de capacidade de tratamento das instalacións existentes.

Respecto diso, a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, fai referencia no seu artigo 4º aos

principios que han de rexer as relacións entre as distintas Administracións Públicas afirmando que:

«As Administracións públicas actúan e relaciónanse de acordo co principio de lealdade institucional e, en consecuencia, deberán:

Respectar o exercicio lexítimo polas outras Administracións das súas competencias.

Ponderar, no exercicio das competencias propias, a totalidade dos intereses públicos implicados e, en concreto, aqueles cuxa xestión estea encomendada ás outras Administracións.

Facilitar ás outras Administracións a información que precisen sobre a actividade que desenvolvan no exercicio das súas propias competencias.

Prestar, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que as outras Administracións puidesen solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias».

*En relación coa **letra d)** do precepto transcrito constrúese a noción dos convenios de colaboración aos que podemos definir como aqueles negocios Xurídicos bilaterais celebrados por un ente Xurídico público con outros entes Xurídicos públicos ou con persoas físicas ou Xurídicas sometidas a dereito privado, regulados por Dereito Administrativo, en virtude da presenza predominante da **idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público.***

*Máis concreto resulta o **artigo 6 da Lei 30/1992**, conforme ao cal, a Administración Xeral e os Organismos públicos vinculados ou dependentes da mesma poderán celebrar convenios de colaboración cos órganos correspondentes das Administracións das Comunidades Autónomas no ámbito das súas respectivas competencias. Os instrumentos de formalización dos convenios deberán especificar, cando así proceda:*

- Os órganos que celebran o convenio e a capacidade Xurídica coa que actúa cada unha das partes.*
- A competencia que exerce cada Administración.*
- O seu financiamento.*
- As actuacións que se acorden desenvolver para o seu cumprimento.*
- A necesidade ou non de establecer unha organización para a súa xestión.*
- O prazo de vixencia, o que non impedirá a súa prórroga se así o acordan as partes asinantes do convenio.*
- A extinción por causa distinta á prevista no apartado anterior, así como a forma de terminar as actuacións en curso para o suposto de extinción.*

A extinción normal dos convenios de colaboración producirase por expiración do prazo pactado ou, no seu caso, da súa prórroga, que tamén deberá ser pactada.

En definitiva, os Convenios de Colaboración poden ser definidos como aqueles negocios xurídicos bilaterais celebrados por un ente xurídico público con outros entes xurídicos públicos



ou con persoas físicas ou xurídicas sometidas a dereito privado, regulados por Dereito Administrativo, en virtude da presenza predominante da idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público.

Neste sentido o Concello de Santiago de Compostela ten competencias sobre a materia obxecto do convenio, tendo en conta que ao amparo do **art. 25.2.c da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local**, "O Municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

- **c) Abastecimento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.**
"".

En parecidos termos pronúncianse os **artigos 80.2.I da Lei 5/97, de 22 de Xullo, de Réxime Local de Galicia**.

Por outra banda, o **art. 26.1.da Lei 7/85** (do mesmo xeito que o **artigo 81.1.d da Lei 5/97**), establece que "Os Municipios, por si, ou asociados, deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

"a) en todos os municipios"..**abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro e d).. e nos municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, medio ambiente urbano.**."

Os convenios de colaboración aparecen contemplados no **Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común**.

O **artigo 4.1 do Texto Refundido da Lei de Contratación do Sector Público** exclúe expresamente do seu ámbito de aplicación:

c) Os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, **salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.**

Esta norma legal, remítese en canto á posibilidade de celebración de convenios, ás «normas específicas que os regulan», aínda que perfila un marco xurídico, dispoño no apartado segundo dese **artigo 4** que, a falta de tales normas, aplicaranse «os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse». En canto ao seu obxecto, a única precisión da lexislación de contratos é que este non debe estar comprendido nos contratos regulados na propia Lei ou en normas administrativas especiais.

A remisión da citada Lei ás súas «normas específicas» obriga a indagar cales sexan estas.



Pois ben o **artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común**, baixo a rúbrica «Terminación convencional», ocúpase tamén da cuestión establecendo respecto diso:

«As Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao Ordenamento Xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevexa a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou inserirse nos mesmos con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin».

Por tanto, os convenios de colaboración pódense celebrar tanto con persoas físicas como con persoas xurídicas, públicas ou privadas, aínda que neste último caso, o obxecto do convenio non pode ser o dalgún dos contratos regulados na Lei.

*No convenio que se somete a consideración do presente informe **prevense achegas económicas por parte do Concello de Santiago de Compostela polo que o mesmo, en principio e salvo mellor criterio, precisaría de fiscalización previa pola Intervención Municipal antes de proceder á súa aprobación.***

Dada a especialidade do obxecto do convenio considero que xustifícase a utilización da fórmula de convenio de colaboración para o cumprimento perseguido, evitando así acudir a unha licitación que resultaría innecesaria por razóns de economía procesual dada a imposibilidade material de promover concorrencia para conseguir a finalidade do mesmo.

Non obstante o anterior, en todo caso, deberán terse presente os principios inspiradores da normativa contractual para resolver cantas lagoas puidesen derivarse da interpretación e paliación do mesmo.

Segunda: En canto ao órgano competente

*Compete á Xunta de Goberno Local a seu impulso e tramitación administrativa, tendo en conta o réxime de delegación de competencias vixente no Concello de Santiago de Compostela, e, especialmente nas bases de execución do orzamento municipal, así como no **artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.***

*Para confirmar esta afirmación establece a **Disposición Adicional Segunda Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público**, de aplicación supletoria, para resolver as dúbidas que se deriven deste convenio, o seguinte:*

1. *Corresponden a los Alcaldes y a los Presidentes de las Entidades locales las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos de obras, de suministro, de servicios, de gestión de servicios públicos, los contratos administrativos especiales, y los contratos privados cuando su importe no supere el 10 por 100 de los recursos ordinarios del presupuesto ni, en cualquier caso, la cuantía de seis millones de euros, incluidos los de carácter plurianual cuando*

su duración no sea superior a cuatro años, siempre que el importe acumulado de todas sus anualidades no supere ni el porcentaje indicado, referido a los recursos ordinarios del presupuesto del primer ejercicio, ni la cuantía señalada.

Asimismo corresponde a los Alcaldes y a los Presidentes de las Entidades locales la adjudicación de concesiones sobre los bienes de las mismas y la adquisición de bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial cuando su valor no supere el 10 por 100 de los recursos ordinarios del presupuesto ni el importe de tres millones de euros, así como la enajenación del patrimonio, cuando su valor no supere el porcentaje ni la cuantía indicados.

2. Corresponde al Pleno las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos no mencionados en el apartado anterior que celebre la Entidad local.

Asimismo corresponde al Pleno la adjudicación de concesiones sobre los bienes de la Corporación y la adquisición de bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial así como la enajenación del patrimonio cuando no estén atribuidas al Alcalde o al Presidente, y de los bienes declarados de valor histórico o artístico cualquiera que sea su valor.

3. En los municipios de gran población a que se refiere el artículo 121 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, las competencias que se describen en los apartados anteriores se ejercerán por la **Junta de Gobierno Local, cualquiera que sea el importe del contrato o la duración del mismo.**

Terceira: En canto ao seu contido

Respecto do contido do convenio, sen ánimo de ser exhaustivo, o mesmo contempla os seguintes aspectos esenciais:

1. *Descrición do obxecto do convenio, incluíndo os obxectivos e ámbitos materiais do réxime de colaboración.*

2. *Actuacións a desenvolver por cada unha das partes intervinientes.*

3. *Compromisos de achega de medios persoais e materiais, así como de recursos financeiros que asume cada unha das entidades asinantes.*

4. *Prazos de execución da actividade.*

5. *Mecanismos de seguimento da execución do contido do convenio.*

6. *Prazo de vixencia, incluíndo o momento de entrada en vigor, posibilidade de prórroga e o seu mecanismo.*

7. *Modo de denuncia e solución de controversias.*

8. *Previsión sobre as actuacións en curso para os casos de extinción do convenio.*

9. *Carácter administrativo do convenio e sometemento á Xurisdición Contencioso-administrativa das cuestións litigiosas que poidan suscitarse respecto do seu contido e aplicación.*

Cada unha das cláusulas, ao meu xuízo, cumpre coa normativa vixente, sen prexuízo do que se derive da fiscalización polo Departamento de Intervención Municipal.

CONCLUSIÓNS

INFÓRMASE FAVORABLEMENTE o convenio proposto.

E este é o meu informe que emito segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito sen prexuízo de que tanto o Sr. Alcalde, como o Pleno da Corporación, e, no seu caso, a Xunta de Goberno Local, co seu máis alto criterio acorden o que estimen oportuno.”

O informe que emitiu a Sra. Viceinterventora en relación co asunto do epígrafe é do teor literal seguinte:

“Tivo entrada nesta Intervención, ao obxecto de emisión do preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRHL -, borrador de Convenio arriba referenciado; remítese posteriormente informe emitido polo Secretario Xeral do Pleno e director da Asesoría Xurídica, de data 30 de xullo de 2014.

O obxecto do Convenio está definido na cláusula primeira do mesmo “...preténdese o desenvolvemento de medidas que permitan mellorar a calidade da vertedura da actual EDAR de Silvouta (Santiago de Compostela), paliando o déficit de capacidade de tratamento das instalacións existentes.

(...)

As actuacións consideradas nas medidas propostas son a mellora do pretatamento, a implantación dun sistema de tratamento do alivio e outras accións complementarias de actualización de equipos e instalacións da EDAR”.

As partes asinantes asumen unha serie de obrigas enunciadas na cláusula II; centrándonos nas obrigas a asumir polo Concello de Santiago, as mesmas son as que deseguido se indican:

“a) Xestionar as súas competencias en rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais e compatibilizalas coa nova infraestrutura hidráulica.

b) Poñer a disposición da Sociedade Estatal antes do inicio das obras, de forma gratuíta, os terreos necesarios para a súa execución e que estean xa á súa disposición por adquirilos, obtido ou ocupado por calquera título.

c) Facilitar a execución das obras, a súa convivencia co funcionamento da EDAR actual, e todo o que iso supoña respecto ao contrato de explotación da EDAR actual.

d) Proceder puntualmente ao pagamento das cantidades que resulten, tanto da súa participación no financiamento da obra, de conformidade co previsto na Cláusula III, como da súa posterior explotación, de conformidade co recollido na Cláusula VII deste Convenio.

e) Prestar as garantías requiridas para o aseguramento das achegas financeiras e as tarifas de explotación conforme ao disposto respectivamente nas cláusulas III.4 e VII.5 deste convenio.

f) Determinar anualmente, mediante a aprobación da correspondente Ordenanza fiscal, a regulación do cálculo da contía, devindicación, xestión e recadación da taxa polo servizo de depuración, de conformidade coas previsións contidas no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e adoptar as medidas presupostarias precisas para garantir a íntegra percepción por Acuaes das tarifas establecidas no presente Convenio.

g) Realizar as actividades de operación, conservación e mantemento da infraestrutura hidráulica, de conformidade co disposto na Cláusula VI.

h) No ámbito das súas facultades, afrontar e intentar resolver conforme os principios de boa fe e lealdade, calquera dificultade ou problema que poidan xurdir no desenvolvemento do presente Convenio, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

i) Exercer calquera outra competencia que lle corresponda en virtude da normativa de aplicación.”

Con independencia daquelas cláusulas que, polo seu contido eminentemente técnico ou xurídico, requiran un informe do departamento competente, dentro dos que deben atoparse o informe de Patrimonio que deba emitirse en relación á cláusula b) e que, en función da dispoñibilidade actual ou non dos terreos pode implicar un maior custe para o Concello non contemplado no cadro financeiro actual, faise referencia expresa no presente informe ás cláusulas que reflicten directamente obrigas de contido económico:

1.- A cláusula d) fai referencia á obriga de proceder ao pagamento das cantidades derivadas da súa participación no financiamento da obra, remitíndose á cláusula III e VII do Convenio.

A cláusula segunda sinala un orzamento estimado do investimento de 4.700.000 euros, IVE excluído. A cláusula III establece o esquema de financiamento do custo de execución da actuación, a cal se fará con cargo aos seguintes axentes:

a) Subvencións do FEDER que, segundo a cláusula II.1.h) canalizaranse como achegas de Aguas de las Cuencas de España (en adiante, ACUAES), e que ascenden ao 80% do custo flexible, co límite máximo de 3.760.000 euros.

b) Achegas financeiras de Augas de Galicia co límite máximo de 470.000,00 euros ou o 10% do importe do investimento.

c) Polo Concello de Santiago de Compostela o resto do importe do investimento, “que se satisfará con achegas monetarias directas da propia administración local.

A cláusula V contempla as seguintes anualidades de investimento:

Ano	2014	2015	Total
Investimento total previsto	1.000.000,00	3.700.000,00	4.700.000,00
FEDER	800.000,00	2.960.000,00	3.760.000,00
Augas de Galicia	100.000,00	370.000,00	470.000,00
Concello	100.000,00	370.000,00	470.000,00

Do anteriormente indicado, cabe deducir que, a diferenza das achegas de ACUAES e de Augas de Galicia que, como xa quedou sinalado anteriormente, son contías máximas, a achega municipal pode experimentar variacións económicas, como consecuencia das desviacións que poidan producirse na programación financeira prevista. Entre outros extremos, tales desviacións poderían ser debidas a:

1) Os custos reais nos que incorra ACUAES (modificados, liquidacións, ...), os cales poderán ter repercusión no custe da inversión a realizar que determinarán o importe final da mesma e, polo tanto, modificar a contía dos compromisos económicos inicialmente asumidos polo Concello.

2) Os custes financeiros derivados de operacións de crédito que deba concertar ACUAES no marco da construción da obra.

3) Os gastos xerais da Sociedade Estatal, directa e indirectamente imputables ás obras obxecto do Convenio, devindicados ata a finalización da súa posta en marcha. Non queda especificado no convenio se estes gastos atópanse incluídos nos 4.700.000,00 euros a que ascende a inversión total prevista (cláusula IV).

4) As achegas toman como base unha inversión total prevista de 4.700.000,00 euros, IVE excluído; no caso de que a operación resulte gravada coa correspondente imposición indirecta, e a mesma supoña un custe incrementado sobre a previsión inicial, isto suporía así mesmo un incremento nos compromisos económicos asumidos. O mesmo sucedería no caso de que, aínda non superando a contía máxima prevista, o custe do imposto non constituíse un gasto elixible (e, polo tanto, non formase parte da achega de ACUAES). A este respecto cabe subliñar que a cláusula III.2 "in fine" sinala que "As achegas que efectúe o Concello de Santiago de Compostela durante a construción da infraestrutura hidráulica consideraranse tarifas anticipadas pola prestación do servizo de depuración de augas residuais, e incluirán o Imposto sobre o Valor Engadido que se deba repercutir", polo que en virtude do disposto no artigo 91.1.4º da Lei 37/92 do 28 de decembro do Imposto sobre o Valor Engadido, o tipo impositivo aplicable é do 10%, polo que a entrega quedaría, sen prexuízo de posteriores aclaracións e/ou variacións, en:

2014: 110.000,00

2015: 407.000,00

Se nos cinguimos á achega que figura no cadro de financiamento, dende o punto de vista orzamentario, a contribución financeira municipal á construción da infraestrutura perfílase como un gasto plurianual, de conformidade co sinalado no artigo 174.2.a) TRLRFL. Pola parte da anualidade 2014, e sen prexuízo do sinalado anteriormente, existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria de aplicación polo importe de 100.000,00 sinalado no cadro de financiamento (achégase documento contable PRE-RC 920140001933, sobre o que se

procederá a certificar por esta Intervención a existencia de crédito de xeito definitivo; dito importe deberá ser incrementado aos 110.000 euros polo motivo indicado).

No que respecta á anualidade 2015, o importe da achega, 370.000,00 euros (407.000 euros segundo o sinalado respecto do IVE), supera os límites porcentuais a que están sometidas as transferencias de capital (70% sobre os créditos do ano no que se comprometeu a operación - 2014). O importe do crédito inicial na bolsa de vinculación (segundo criterios establecidos no informe de intervención número 308/2014) é de 518.454,48 euros, ascendendo o 70% a 362.918,14 euros, dos que para o exercicio 2015 xa existe un compromiso plurianual de 76.796,46 euros, polo que o límite plurianual para o 2015 sería de 286.121,68 euros). Sinala o apartado 5 do citado artigo que "En casos excepcionales el Pleno de la Corporación podrá ampliar el número de anualidades así como elevar los porcentajes a que se refiere el apartado 3 de este artículo", competencia que se reitera no artigo 23.2 das bases de execución do orzamento "Corresponde ao Pleno a competencia para, en casos excepcionais, ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes a que se refire o artigo 174 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cos mesmos informes e requisitos do apartado 1". Polo que o documento contable RC con cargo a exercicio 2015 será expedido no momento no que o Pleno da Corporación adopte o correspondente acordo.

En canto á realización do pagamento, a cláusula III.3.b) contén o que semella un erro nas datas a realizar os mesmos, toda vez que sinala que os pagamentos do concello "realizaranse conxunta e simultaneamente coas de ACUAES e nos mesmos prazos"; dado que os prazos anteriormente referidos son os de Augas de Galicia, polo que parece ser un erro na referencia á entidade aportante.

2.- Tanto no apartado d) como no e) faise referencia expresa ás "tarifas de explotación", agregándose as mesmas á "participación no financiamento da obra".

3.- O apartado f) fai referencia á aprobación dunha ordenanza fiscal, así como á posible percepción por ACUAES das tarifas establecidas no Convenio; non resulta moi claro o vínculo da taxa municipal a cobrar aos usuarios coas obrigas asumidas polo Concello en relación á ACUAES, aspecto que debería ser obxecto de aclaración.

Debería, asemade, valorarse a posible incidencia do convenio coa actual concesionaria da xestión do servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga ao termo municipal de Santiago de Compostela.

4.- A cláusula VII refírese á explotación das obras, sinalando un período máximo de corenta e cinco anos, si ben se convén co Concello a realización por este último, directa ou indirectamente, das actividades de conservación, mantemento, reposición de elementos e equipos e operación da infraestrutura hidráulica; non se xunta a addenda aludida na que se recollerían os dereitos e obrigas das partes, polo que esta Intervención non pode valorar as consecuencias económicas derivadas de dita circunstancia.

O Convenio adoece de indefinición en canto ós custes a repercutir ao Concello por este concepto, posto que se sinala que "...en atención á titularidade da actuación, todos os custos directos e indirectos nos que, se é o caso, incorra a Sociedade Estatal para a correcta

explotación da infraestrutura hidráulica obxecto do Convenio será repercutibles nas tarifas". Respecto ás consecuencias económicas que se orixinen pola asunción destes custos polo Concello, non se inclúe ningún estudo no expediente; tampouco sobre os custes e actuación de ACUAES durante o devandito período que xustifican a súa repercusión ao Concello, polo que non podemos efectuar comentario ou pronunciamento ningún ao respecto; o mesmo para o caso da entrega da titularidade á entidade municipal da infraestrutura hidráulica obxecto do Convenio e as súas consecuencias económicas.

O convenio, na súa cláusula VII.2 indica que a Comisión de Seguimento deberá fixar as tarifas de explotación, advertíndose por esta Intervención que este acto deberá ir precedido do correspondente expediente no que se xustifiquen os termos e fundamentos que xustifican o cobro de ditas tarifas en función dos aspectos sinalados nos apartados anteriores.

Dende o punto de vista formal deberá incorporarse:

- Providencia/orden verbal de inicio*
- Informe- proposta*
- Convenio de xestión directa ao que se fai alusión no texto do borrador remitido.*
- A aprobación das porcentaxes plurianuais (artigo 174 TRLRFL) por parte do Pleno da Corporación."*

Enterados/as os/as Sres./as concelleiros/as e abertos os turnos de intervención, teñen lugar as seguintes:

A Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, manifesta que o pasado 31 de xullo aprobouse pola Xunta de Goberno o texto do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial "augas de Galicia", o concello de Santiago e a sociedade estatal "aguas de las cuencas de España, s.a.", para a execución e explotación das obras de mellora da EDAR de Silvouta.

O obxecto deste convenio é que se acometan por parte da Sociedade Estatal Aguas de las Cuencas de España as obras denominadas, actuacións e mellora da EDAR da Silvouta.

Ditas actuacións consisten en implantar un proceso de tratamento para os caudais que actualmente se alivian pola falta de capacidade da estación depuradora que temos.

Os criterios de deseño que se tiveron en conta na definición do anteproxecto permiten a súa reutilización na solución definitiva que se desenvolverá na construción da EDAR de Souto.

As actuacións afectan principalmente á mellora do pretratamento, á implantación dun sistema de tratamento do alivio e a actuacións complementarias de mellora dos equipos.

As obras ás que se fai alusión ascenden a 4.700.000 euros, sen IVE. Inclúen todas as actuacións técnicas complementarias e son financiadas da seguinte maneira:

Investimento total: 4.700.000 Euros, dos cales 3.760.000 son FEDER que xestiona o Ministerio a través de ACUES, Augas de Galicia aporta 470.000 euros, e o Concello de Santiago aporta 470.000 euros, con dúas anualidades tanto de Augas, como do concello, de 100.000 no exercicio corrente e 370.000 no exercicio próximo.

Na aprobación pola Xunta de Goberno tomáronse ademais da aprobación do convenio, os seguintes acordos:

Someter o expediente á aprobación do Pleno da corporación, para os efectos económicos que tiña previsto o informe municipal, e comunicar o presente acordo á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Ao mesmo tempo, facultar ao señor alcalde-presidente tan amplamente como sexa posible en dereito para garantir a plena efectividade do acordo.

O que se trae ao presente pleno, é a proposta de ampliar as porcentaxes ás que se refire o artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, coa finalidade de dar cumprimento á cláusula quinta do convenio, que é o financiamento.

Nesta cláusula fíxase a anualidade e aportación do concello en 370.000 euros, superando os límites porcentuais do 70% sobre os créditos do ano 2014 en que se compromete a operación para transferencias de capital.

A bolsa de vinculación destas operacións no ano 2014 ascende a 518.454,48, sendo o 70% desta cantidade, 362.918,14 dos cales xa hai un compromiso plurianual previo de 76.796,46, polo que o límite plurianual dispoñible sería de 286.121,68 euros.

No apartado 5 do mesmo texto do artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dise que en casos excepcionais corresponde ao pleno a competencia de ampliar tanto o número de anualidades dispoñibles, como as porcentaxes previstas. Esta ampliación da porcentaxe prevista é o que se expón á aprobación do pleno.



A **Sra. Cienfuegos López, concelleira do grupo municipal do BNG**, comenta que o BNG podería subscribir a proposta de ampliar as porcentaxes ás que están sometidas as transferencias de capital e apoiar a proposta de investimento de 370.000 euros no 2015 destinado a dar cumprimento ao convenio para a execución e explotación das obras de mellora da EDAR. Facendo alusión ao cadro das anualidades de investimento que constan na proposta di que non está incluído o 10% de IVE, que elevaría a 110.000 a anualidade 2014, e a 407.000 a de 2015.

De seguido, anuncia a oposición do BNG porque o convenio que requiren estes investimentos inclúe outras obrigas dificilmente cuantificables economicamente, tanto para o seu grupo, que tiña xa cuestionado por estas razóns o convenio aprobado no 2013 para a construción dunha nova EDAR que contiña cláusulas semellantes, como para a intervención municipal, como pode comprobarse no informe que acompaña ao expediente.

Xa que a nova depuradora segue adiada, considera que procede unha intervención que mellore a situación actual. Ao mesmo tempo, entende que o goberno municipal debería ter feito valer os intereses do concello na subscripción do convenio e, cando menos, que as súas obrigas futuras quedaran perfectamente clarificadas, como están nel, as das outras entidades participantes. Por exemplo, as achegas de ACUAES ou de Augas de Galicia constan como importe máximo, mentres ás do concello se lles imputa o resto do importe do investimento. Deste xeito, contémpanse varias razóns polas que poderían sufrir modificacións as achegas iniciais do concello.

Por outra parte, a proposta presentada na Comisión Informativa, concretada en ampliar as porcentaxes das anualidades, transfórmase para o pleno na aprobación do convenio para os efectos económicos previstos no informe de intervención. Neste, non só se fai mención á necesidade de que o Pleno aprobe as anualidades, senón a outros aspectos económicos que o BNG entende que se deberían ter evitado. Polo tanto, di que o grupo municipal nacionalista votará en contra da proposta.

O **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, considera que dende o momento no que foi presentado o convenio agora plantexado, a posibilidade de ampliar as porcentaxes ás que se refire o artigo 174 da Lei de Facendas Locais, tal e como plantexou o grupo socialista, na cláusula quinta referente ao financiamento, sorprendía que ao mesmo tempo que se indicaba que para a Acuanorte habería un límite máximo de achega, para as aportacións financeiras de Augas de Galicia tamén se falaba dun máximo que se cuantificaba. Pola contra, cando se facía referencia ao Concello de Santiago textualmente o convenio di: “polo Concello de Santiago de Compostela o resto do importe do investimento que se satisfará con aportacións dinerarias directas da propia administración local”.



Di que no informe de intervención para esa proposta de ampliar as porcentaxes, parece atoparse co que se pode denominar “un reparo implícito”. Precisamente, debido á indeterminación das achegas para o Concello de Santiago. De feito textualmente, a viceinterventora di que as achegas de Aguas de las Cuencas del Norte e de Augas de Galicia son contías máximas. A achega municipal pode experimentar variacións económicas como consecuencia das desviacións que poidan producirse na programación financeira prevista. Neste sentido, dá algúns exemplos que se recollen precisamente no convenio.

Por exemplo, os custos reais nos que incorra ACUAES, os custos financeiros derivados de operacións de crédito de ACUAES; os gastos xerais da sociedade estatal; achegas que poñen como base a aplicación do IVE. O primeiro que quere o grupo socialista é solicitar da intervención un informe no que deixe claro se o informe da viceinterventora é verdadeiramente un reparo, ou non. Neste sentido, ata que non se aclare o anterior, solicitan que se retire este punto da orde do día. Se verdadeiramente se trata dun reparo formal, evidénciase a indeterminación da cantidade, provocando que o concello teña un compromiso de exercicios futuros sen límite.

Polo tanto, cabe preguntarse como se aprobou o convenio nesas condicións e propón que se retire mentres non se saiba se están diante dun reparo como marca a lei de Facendas Locais.

Rematado o primeiro turno de intervencións e aberto o segundo teñen lugar as seguintes:

A Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e Delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, explica que as cantidades que se establecen e coas que se compromete o Concello de Santiago son as anunciadas e calquera outra modificación económica requiriría a aprobación do Concello de Santiago.

O IVE non está incluído porque é un gasto deducible para a Sociedade Estatal. Polo tanto, non é un gasto que repercuta na execución da obra. Recoñece as posibles incertezas na adxudicación da obra, pero aclara que son intrínsecas á mesma. Tamén hai unha incerteza que pode ser a baixa de adxudicación. Calquera aportación máis aló destes compromisos debería ser aprobada polo Concello de Santiago.

O Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE sinala que para poder aprobar a proposta é necesario recoñecer a determinación da contía ou a fórmula concreta coa que se vai operar a actualización do custo asumido polo concello.



Ademáis de reiterar o requirimento do informe de intervención. Cómpre esixir que se o Estado e a Xunta de Galicia no convenio aparecen cun máximo de achega, o Concello de Santiago de Compostela non pode ser menos que as outras administracións conveniadas. Consecuentemente, débese determinar exactamente a contía ou, polo menos, a fórmula exacta de cálculo para a actualización de custos, garantindo así o mesmo tratamento nese sentido que teñan as outras dúas administracións.

Rematadas as intervencións e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria** ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (PP)
Votos en contra: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría absoluta do seu número legal (13 votos a favor, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 12 votos e contra correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG) aprobar o ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior e Facenda correspondente á súa reuñción do 22 de setembro de 2014 relativo a **APROBACIÓN, AOS EFECTOS ECONÓMICOS PREVISTOS NO INFORME DE INTERVENCIÓN MUNICIPAL, DO CONVENIO SUBSCRITO POLA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL “AUGAS DE GALICIA”, O CONCELLO DE SANTIAGO E A SOCIEDADE ESTATAL “AGUAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA, S.A.” PARA A EXECUCIÓN E EXPLOTACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA EDAR DE SILVOUTA**, e consonte cos informes anteriormente referidos, acorda ampliar as porcentaxes a que se refire o artigo 174 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais coa finalidade de dar cumprimento a cláusula V do convenio entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a Sociedade Estatal Aguas de las Cuencas de España, S.A. para a execución e explotación das obras de mellora da edar de Silvouta que contempla as seguintes anualidades de investimento:

Ano	2014	2015	Total
Investimento total previsto	1.000.000,00	3.700.000,00	4.700.000,00
FEDER	800.0000,00	2.960.000,00	3.760.000,00
Augas de Galicia	100.000,00	370.000,00	470.000,00
Concello	100.000,00	370.000,00	470.000,00”

7. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA SOCIEDADE CURSOS INTERNACIONAIS DA USC E NA FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS.



O **Sr. alcalde-presidente** con data 22 de setembro de 2014, presentou unha proposta co obxecto de adoptar o acordo do epígrafe.

En primeiro lugar, o Sr. alcalde-presidente aclara o obxectivo do presente punto que é completar e matizar o acordo do pleno anterior en relación co refuxio de animais, onde a representación recae na concelleira con competencias na materia, neste caso, a concelleira de desenvolvemento urbano e sostible. Ademáis, contan cun representante máis, polo que dende o goberno propoñen á corporación, que sexa Don Manuel Martínez Varela.

En canto á representación do Concello na Sociedade Cursos Internacionais da USC, suxiren a Dona María Angeles Antón Vilasánchez e a Dona Reyes Leis Rodríguez.

Tras estas explicacións e aberto o primeiro turno de intervencións telen lugar as seguintes.

O **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**, opta por non repetir os argumentos empregados no pleno anterior, xa que están recollidos perfectamente na acta que aprobaron no primeiro punto da orde do día. Tamén cabe recordarlle ao señor Alcalde que, a pesar de facer eses nomeamentos de forma lexítima, era o momento para corrixir unha anomalía na representantividade dos grupos da oposición nos diferentes organismos.

En concreto, a ausencia da representación do Bloque Nacionalista Galego, en XADE, empresa pública que xestiona, entre outros, o multiusos Fontes do Sar e Santa Isabel, e en Mercagalicia; e a ausencia do grupo socialista en UNINOVA a empresa conxunta coa Universidade de Santiago de Compostela, respecto de viveiros de empresas e na mesa do comercio. Lembra que no pleno anterior o Sr. Alcalde incidía, en que era necesario aprobar aquel acordo naquel momento á vez que se comprometía a estudar como poder resolver esa anomalía. Ao respecto di que reitera a petición do seu grupo.

O **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, comenta que na acta aprobada no punto primeiro desta sesión, na páxina 12, o grupo socialista recoñeceu o dereito a designar a aqueles concelleiros que estimasen que son os apropiados para formar parte das difentes comisións e dos diferentes entes que configuran o entramado do concello. Aínda así indicaban que era a terceira vez no que ía de mandato en que a oposición quedaba excluída dalgunha das comisións. Concretamente en Uninova e na mesa do comercio.

Neste sentido o señor Alcalde dicía literalmente tal e como consta na acta: *“se os grupos da oposición o que solicitan é que analicen o reparto de representación, eles non teñen inconveniente ningún, eles obviamente como goberno, con independencia de*



someter o presente punto á votación, porque entende que debe regularizarse a situación deses organismos e desas sociedades”.

Sucede que despois de dous meses, aportan unha nova proposta de nomeamento de concelleiros do Partido Popular, pero non se dí nada respecto á presenza do grupo municipal socialista en Uninova, nin na mesa de comercio.

Polo tanto, dende o PSdeG-PSOE pregúntanse se foi un segundo esquecemento do Sr. Alcalde, ou se esa é a resposta que dá con respecto á reflexión que anunciaba no pleno do mes de xullo.

O **Sr. Sánchez-Brunete Varela, concelleiro voceiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Seguridade e Mobilidade**, en primeiro lugar, que o señor Cela parte dunha premisa equivocada, a ausencia dos grupos nalgún órgano colexiado, non é exactamente unha anomalía.

Efectivamente, estudaron a proposta que lles fixeron, mais consideran que nestes momentos non resulta conveniente asumila. É dicir, o goberno ten o seu dereito de manter a garantía en determinados órganos colexiados. Dado que entran nun ano electoral, un ano de certos de enconos, de certos apaixoamentos, ao mellor pode verse un pouco comprometido ou interferido o labor dos representantes do goberno. Lembra, a continuación, o acontecido no Consorcio en relación ao grupo popular e di que cando lles dean unha explicación do que fixeron co seu grupo ao mellor poderían reconsiderar a súa posición.

En todo caso, di que xa que os dous grupos da oposición teñen unha boa relación entre os dous, poden compartir a información, que era fundamentalmente o que pedía o señor Cela.

Por outra banda, pensa que teñen que acostumarse a un novo escenario. Non é improbable que dentro duns meses haxa unha posición de esquerdas ou de dereitas que estea absolutamente fraccionada. Nese caso, a oposición debe entender que non hai sitio para tanta xente, non todos os grupos da oposición van estar representados nos órganos colexiados.

Rematado o primeiro turno de intervencións e aberto o segundo teñen lugar as seguintes:

O **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG** expresa a súa sorpresa pola anterior resposta, coa que non contaba. Posiblemente, o que pode haber a partir de maio do ano que ven é unha oposición moi de dereitas, aínda que ao mellor non



moi unida. En calquera caso, están no presente, e non é un argumento serio dicir que están cerca dun proceso electoral.

Descoñece se a presenza do Bloque Nacionalista Galego en UNINOVA, na mesa de comercio, no Consorcio, ou en calquera outro organismo nalgún momento supuxo algún problema.

Dadas as alusións a respecto do Consorcio, o Sr. Cela opta por ofrecer unha explicación. No seu día propúxoselle ao señor Conde Roa, o mesmo que se propuxo ao BNG por parte do Partido Popular. É dicir, o Consorcio está conformado por tres institucións: o Estado, a Xunta de Galicia e o Concello. Tendo en conta esa condición institucional, non ten sentido que a institución concello teña tres voces diferentes e tres posicións de votos diferentes. Polo tanto, ten que haber unha única posición de voto desa institución, e iso foi o que se comprometeron a cumprir, independentemente de se agora están ou non de acordo coa posición.

Así mesmo, aclara que sempre votou de acordo co Presidente por ser o máximo representante do concello. Pola contra, foi precisamente iso ao que non se comprometeu o señor Conde Roa, alegando que era amordarzar a súa liberdade como concelleiro da oposición e que tiña liberdade para votar e expresarse libremente dentro dese Consorcio. Esa liberdade para expresarse mantense, é posible expresar no Consorcio o que se estime oportuno, pero tendo en conta a lealdade institucional que supón un acordo dese tipo.

Por outra banda, lamenta o argumento da cercanía das eleccións. Considera que no Partido Popular tiveron unha oportunidade para romper con certas inercias que só están xustificadas por unha actitude tremendamente sectaria e arbitraria. A continuación, pide unha xustificación sobre por que o Bloque Nacionalista Galego está representado na mesa do comercio e non está o Partido Socialista, ou por que en Mercagalicia está o Partido Socialista e non está o Bloque.

Semella tratarse dunha decisión moi difícil de xustificar, cando menos arbitraria e moi cuestionada. A pesar de que o concelleiro non o considera unha anomalía, o que fai é torpedear e entorpecer o labor da oposición porque, entre outras cousas, ten que fiscalizar, ten que propor e unha parte importante para poder fiscalizar e propor é coñecer os asuntos. Se non forman parte dos organismos deliberatorios de XADE, teñen menos acceso á información que teñen outros compañeiros. Iso non é razoable, do mesmo xeito que non o sería que no futuro, o Partido Popular estivese fora do Consorcio a pesar de atoparse na oposición. Que os grupos da oposición non estean representados é unha cuestión exclusivamente de talante e de vontade política. Sen embargo, se o talante e a vontade política é a mesma que tiña Gerardo Conde Roa, di que non hai nada máis de que falar.

O Sr. **Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSde G-PSOE** comeza a suá intervención neste segundo turno afirmando que o señor Brunete, resolveu a súa dubida. Non foi un esquecemento do goberno non plantexar a presenza do Partido Socialista en UNINOVA e na mesa do comercio, senón que tomaron a decisión de que non estivesen no que resta de mandato. Consecuentemente, decidiron e plantexaron neste pleno, para que conste en acta, que os milleiros de veciños e veciñas que votaron ao Partido Socialista non teñen dereito á representación nin en Uninova, nin na mesa de comercio deste concello. Trátase dunha falta absoluta de respecto institucional, porque novamente decide un goberno cunha maioría de membros que non foron escollidos democraticamente. Pola contra, quen sí foi elixido democráticamente non pode estar representado, nin en Uninova, nin na mesa do comercio. Para xustificalo, recorren a unha argumentación baseada na política ficción, pois o que vai pasar en maio do 2015 só o saben os cidadáns cando voten.

Con respecto ao tema do Consorcio, relata que existe a regra de que as decisións que ahí se acadan son por consenso das tres administracións. Polo tanto, a postura que leva o concello, como administración pertencente ao Consorcio, ten que ser consensuada previamente. Para o grupo socialista, os dous alcaldes do concello que presidiron o Consorcio, Don Ángel Currás e Don Agustín Hernández, nas reunións non foron en ningún momento en calidade de Alcalde do Partido Popular, senón de Alcalde do concello, debido á lealdade institucional esixida, coa que o partido socialista cumpriu, ao contrario que Don Gerardo Conde Roa. Ao mesmo tempo aclara que con quen máis coincidiron nas reunións do Consorcio foi con Don Angel Currás. Se algunha cousa tiñan é que falaban. Falábase previamente para que a voz do concello fose unha, expresada neste caso por quen o representaba, que é o Alcalde.

Di que dende o goberno propoñen que o Concello, no que queda de mandato, funcione co mesmo nivel de transparencia e de consenso que existiu con Don Gerardo Conde Roa.

Para rematar este punto da orde do día o Sr. **Sánchez-Brunete Varela, concelleiro voceiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Seguridade e Mobilidade**, fai uso da facultade prevista no artigo 73.1 C do Regulamento Orgánico do Pleno de Santiago de Compostela, e apunta que nos órganos colexiados ten que estar especialmente representado o Concello e non os grupos. Dí que o Sr. Cela Díaz merécelle toda a fiabilidade do mundo, parécella unha persoa íntegra. Aínda así sinala que a medida que se achegan as eleccións, os grupos vanse encrespar máis. Por iso, temen que poida haber unha ruptura nos acordos de manter a unidade de voto e dí que este goberno ten que ser quen de garantila. Por último, propón aos grupos da oposición se queren voltar á situación do mandato anterior, regresar aos catro órganos colexiados e saír do Consorcio.

Rematadas as intervencións e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria** ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (PP)
Votos en contra: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría absoluta do seu número legal (13 votos a favor, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 12 votos e contra correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG) aprobar a proposta da Alcaldía e designar como representante do concello na Sociedade Cursos Internacionais da USC e na Fundación Refuxio de Animais aos seguintes:

Dna. María de los Ángeles Antón Vilasánchez, Concelleira de Cultura e Patrimonio, representante municipal na Xunta Xeral da Sociedade Anónima Cursos Internacionais da USC.

Dna. María de los Ángeles Antón Vilasánchez, Concelleira de Cultura e Patrimonio, e a Dna. Reyes Leis Rodríguez, Concelleira de Área de Economía, representantes municipais no Consello de Administración da Sociedade Anónima Cursos Internacionais da USC.

D. Manuel Martínez Varela, concelleiro de Área de Réxime Interior e Administración Pública, representante do grupo municipal do PP na Fundación Refuxio de Animais.

8. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS ORDINARIAS.

O 19 de setembro de 2014, o **Sr. alcalde-presidente** presentou unha proposta co obxecto de establecer a periodicidade das sesións plenarias ordinarias o último venres de mes (excepto o mes de agosto) ás 17 horas. Engadindo que se dito día coincidise con festivo a celebración da sesión tería lugar o primeiro venres hábil, inmediatamente anterior.

O **secretario xeral do pleno** emitiu en relación a este asunto o seguinte informe:

“ASUNTO: MODIFICACIÓN PERIODICIDADE SESIÓNS PLENARIAS ORDINARIAS

Solicitado informe xurídico a esta Secretaría polo Sr. Alcalde-Presidente sobre o asunto de referencia, analizadas a lexislación e xurisprudencia aplicables ao caso concreto, en

cumprimento do disposto no art. 54 do Texto Refundido polo cal se aproban as disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local de 18 de Abril de 1986, art. 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1986, art. 3 do RD 1174/87, de 18 de Setembro, polo cal se Regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal art. 122.5º e) da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 39.1. 4 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, o funcionario que subscribe ten a honra de:

EXPOÑER:

I

ANTECEDENTES DE FEITO

-Solicitud de informe sobre a posibilidade de modificar a data preestablecida para a realización das Sesións Plenárias Ordinarias.

II

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*
- Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico da Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.*
- Real Decreto 2568/896, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*
- Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.*
- Regulamento Orgánico do Pleno da Corporación de data 27 de decembro de 2007, publicado no BOP da Coruña do 31 de xaneiro de 2008.*

III

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

*En virtude do **artigo 78.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais**, son sesións ordinarias aquelas cuxa periodicidad está preestablecida. A periodicidad das sesións ordinarias establécese mediante Acordo da Corporación, que se deberá adoptar nun Pleno extraordinario convocado no prazo de trinta días desde a sesión constitutiva da Corporación (**artigos 47 do Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local e 78.1 do ROF**). Pero a falta deste, o **artigo 46.2.a) da LBRL** establece unha frecuencia mínima (**mensual no Concello de Santiago de Compostela**).*



O Pleno realiza unha sesión ordinaria como mínimo **cada mes nos concellos de municipios de máis de 20.000 habitantes** e nas deputacións provinciais; cada dous meses nos concellos dos municipios dunha poboación entre 5.001 habitantes e 20.000 habitantes; e cada tres nos municipios de ata 5.000 habitantes. Así mesmo, o Pleno reúnese en sesión extraordinaria cando así o decida o presidente ou así o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da corporación, sen que ningún concelleiro poida solicitar máis de tres anualmente.

Pola súa banda, o **artigo 47 do Regulamento Orgánico do Pleno da Corporación de data 27 de decembro de 2007, publicado no BOP da Coruña do 31 de xaneiro de 2008**, determina literalmente o seguinte:

1. Son sesións ordinarias as que se celebran segundo unha periodicidade preestablecida.
2. Ao comezo do mandato, o Pleno fixará, a proposta do presidente ou presidenta, a periodicidade das sesións ordinarias, respectando, en todo caso, a periodicidade mínima establecida pola lexislación básica de réxime local.
3. Determinada a periodicidade das sesións ordinarias, corresponderalle ao presidente ou presidenta fixar o día e a hora de cada sesión, salvo que se establecesen por acordo plenário ao comezo do mandato.

A determinación do día e hora de celebración de cada sesión ordinaria realizaraa o presidente ou presidenta dentro dos dez días seguintes ao da celebración da última sesión ordinaria, se ben se poderá modificar posteriormente.

O decreto de indicación de día e hora seralles comunicado aos grupos políticos, aos presidentes/as das comisións do Pleno, aos concelleiros e concelleiras non adscritos e ás unidades administrativas.

De acordo co anterior, o Pleno da Corporación, na **Sesión Extraordinaria realizada o día 7 de xullo de 2011** acordou por unanimidade determinar unha periodicidade mensual tódolos meses do ano, salvo o mes de agosto. Celebraranse o último xoves de cada mes en horario de 18.30 nos meses de abril, maio, xuño, xullo, setembro e outubro e en horario de 17.30 nos meses de novembro, decembro, xaneiro, febreiro e marzo, refundiéndose posteriormente o único horario ás 17.30 horas.

O cumprimento da periodicidade nestas sesións é fundamental, sancionada con nulidad (Sentenza do Tribunal Supremo de 12 de novembro de 1997) e ata a Sentenza do Tribunal Supremo de 8 de xuño de 1988 afirma que a non convocatoria de sesión ordinaria mensual lesiona o dereito ao cargo dos membros do órgano colexiado. No mesmo sentido exprésase a Sentenza do Tribunal Supremo de 3 de febreiro de 2000, que chega a afirmar que o feito de que o Alcalde non convocase as sesións ordinarias do Pleno da Corporación constitúe unha actuación material ou «vía de feito» Plenamente fiscalizable pola Jurisdicción Contencioso-Administrativa; e ata vulnera o dereito dos veciños a participar nos asuntos públicos Municipais (Sentencia Tribunal Supremo de 21 de maio de 1993).

O Tribunal Supremo, fronte á tese fundamentada en «a imposibilidade material de convocar dita sesión ordinaria fose da data prefijada», pronúnciase no sentido de que «a necesidade de restablecer a situación Xurídica perturbada, obriga e así o ordena a convocar de inmediato a sesión con carácter de ordinaria».

No presente suposto suscítase a posibilidade de modificar a periodicidade preestablecida polo Pleno da Corporación de data 7 de Xullo de 2011, para o cal, adiántase que non existe impedimento legal algún adoptando un novo acordo plenario.

Efectivamente, en virtude da potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos, as Entidades locais poderán modificar o acordo do Pleno polo que se fixou a periodicidad das sesións. Este novo acordo terá o mesmo límite que o acordo orixinario, é dicir, o respecto á **periodicidade mínima** sinalada no **artigo 46.2.a) da Lei 7/85**. E ademais, á vista do **artigo 54 da Lei 30/1992**, deberá **motivarse** a modificación do referido acordo.

Por iso, sempre que se respecten estes dous límites (a periodicidad mínima establecida no artigo 46.2.a) da Lei 7/85, e a motivación nos términos do artigo 54 da Lei 30/1992), a Alcaldía poderá propoñer ao Pleno Municipal a adopción dun novo acordo que modifique a periodicidade das sesións Plenarias.

Así mesmo, a referencia da **Lei 7/85** e do **ROF** á expresión «**periodicidad preestablecida**», debe entenderse a unha data previamente fixada de carácter periódico, como é a referida a unha vez ao mes, nunha semana determinada, sen máis presións, e sen necesidade de establecer con carácter obligatorio día e hora concretos. Como sinalou a Xurisprudencia, **do que se trata é de garantir o dereito dos/as Concelleiros/as á celebración da sesión ordinaria**.

Dende un punto de vista procedimental o **Alcalde-Presidente** deberá redactar unha **proposta** neste sentido para que o Pleno poida debatela e votala na Sesión en que cuxo orde do día dita proposta sexa incluída.

IV

CONCLUSIÓN:

INFORMASE FAVORABLEMENTE a posibilidade de modificala periodicidade das Sesións Plenarias Ordinárias, debendo observarse o seguinte procedemento:

1.- PROPOSTA DE ALCALDÍA na que se respecten os seguintes límites:

- a) periodicidade mínima establecida no artigo 46.2.a) da Lei 7/85, e
- b) motivación nos términos do artigo 54 da Lei 30/1992.

2.- ACORDO PLENARIO adoptado por maioría simple.

3.- PUBLICACIÓN E NOTIFICACIÓN DO DEVANDITO ACORDO para xeral coñecemento.

E este é o meu informe que emito segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito sen prexuízo de que tanto o Sr. Alcalde, como o Pleno



da Corporación, e, no seu caso, a Xunta de Goberno Local, co seu máis alto criterio acorden o que estimen oportuno.”

O **Sr. alcalde-presidente** toma a palabra para indicar que traen á consideración do pleno un cambio no día de celebración do pleno ordinario. Proponse este cambio para aproveitar mellor a semana laborable e non romper a dinámica de xestión do goberno. Tamén, para compatibilizar mellor a axenda dos concelleiros coas súas respectivas obrigas alleas ao concello.

No referente ao Partido Popular, partido que sustenta o goberno, considera que é un privilexio, unha oportunidade para a cidade, ter representantes nas máis altas instancias da nación e, especialmente, no Congreso dos Deputados. Polo tanto, resulta máis apropiado para compatibilizar esas obrigas e para ter unha operatividade maior na xestión do goberno, cambiar a celebración do día do pleno do xoves ao venres ás 17 horas.

Tras estas explicacións e aberto o primeiro turno de intervencións telen lugar as seguintes.

O **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**, manifesta que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego pide que este punto sexa retirado da orde do día desta sesión plenaria. En primeiro lugar, porque a documentación relativa ao mesmo non figuraba no momento da súa convocatoria, sendo algo preceptivo. En segundo lugar, porque tal e como conclúe o informe do secretario xeral do pleno, é posible modificar a data sempre que se garanta, por unha banda, a periodicidade mínima fixada pola lei e, por outra, que se motive debidamente ese cambio acorde co establecido no artigo 54 da Lei 30/1992.

Na proposta da Alcaldía, presente na documentación deste pleno, non se motiva en ningún momento a necesidade ou conveniencia desta modificación. Limitase a encabezar a súa proposta cun “vista a necesidade de modificar a periodicidade das sesións plenarias desta corporación”. O BNG pregúntase vista por quen e vista en base a que. Nada diso se recollía na proposta que figuraba na documentación. Deixando ao marxe eses defectos de forma di que o que lle molestou ao grupo nacionalista foi o xeito de proceder.

O artigo 47 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Santiago no que se abordan as sesións ordinarias di literalmente no seu apartado segundo que: “Ao comezo do mandato o pleno fixará, a proposta do presidente ou presidenta, a periodicidade das sesións ordinarias respectando en todo caso a periodicidade mínima establecida pola lexislación básica de réxime local”, e no terceiro que: “determinada a periodicidade das sesións ordinarias correspóndelle ao presidente ou presidenta fixar

o día e hora de cada sesión, agás que se establecesen por acordo plenario ao comezo do mandato”.

Di que este ata o día de hoxe cando menos, era o caso de Santiago, xa que estableceu ao principio deste mandato, concretamente nun pleno extraordinario celebrado o 7 de xullo do ano 2011, que os plenos ordinarios se celebrarían o último xoves de cada mes, agás o mes de agosto, tal e como se viña facendo dende fai moitos anos atrás.

Precisa que non se plantexa, tal e como anuncia o correspondente punto da orde do día, unha modificación da periodicidade das sesións plenarias, pois a periodicidade seguirá a ser mensual, que é o mínimo posible para todos os concellos de máis de vinte mil habitantes. O que verdadeiramente pretenden é mudar o día da celebración.

Á vez que recoñece a capacidade do Sr. Alcalde de propor o día de celebración do pleno que estime oportuno, reivindica que o grupo nacionalista non será quen faga fetiche da data do último xoves de mes para a realización destes plenos. Esa é unha data válida, como pode ser válida calquera outra. Agora ben, o que non lles parece lexítimo é o xeito e a motivación última desta proposta de modificación.

O Sr. Cela cuestiona como é posible que para un cambio deste tipo non se plantexara unha xunta de voceiros. O único que recibiron foi unha comunicación, por parte do voceiro do grupo popular, anunciando a inclusión deste punto nesta orde do día, e que a decisión tomada era a da celebración dos plenos o último venres de mes.

Nin sequera fixeron o amago de tentar discutir o día, ou de buscar un acordo. Tampouco se tivo en conta un elemento que para o BNG é fundamental. Nesta corporación hai un número de concelleiros e concelleiras importante que non teñen adicación exclusiva. Polo tanto, resúltalles complicado compatibilizar os seus horarios laborais coas obrigas de concelleiros/as. Así mesmo, teñen estruturada a súa xornada laboral dende o comezo deste mandato para poder librar, cando menos, o último xoves de cada mes pola tarde e asistir a estes plenos. Tamén se teñen organizado para poder asistir ás diferentes comisións informativas.

En consecuencia, non é de recibo plantexar unha cousa deste tipo nestes termos a oito meses da finalización do presente mandato, considerando ademáis que a xustificación ven de efectuala agora o señor Alcalde. Resulta dubidoso en que beneficia exactamente a este concello e se vai facilitar a participación da veciñanza.

Di que non se pretende mellorar o acceso aos plenos nin aos veciños e veciñas, nin aos medios de comunicación, que deben trasladar á opinión pública os asuntos que aquí se tratan do mellor xeito posible. A cuestión ven motivada por un problema de axenda de



dispoñibilidade do propio Partido Popular. Remata dicindo que o voto do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego será en contra.

O Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, comenta que é a primeira vez que se plantexa, no presente mandato, un acordo plenario para revogar outro acordo plenario sen ter convocado formalmente á xunta de voceiros. Nese sentido, dalle o seu parabén ao goberno porque están a facer historia novamente. O Partido Popular ao longo deste mandato vai cambiando o nome dos alcaldes, pero no que respecta ao consenso e ao talante, o certo é que non se mellora, cada vez se dan pasos cara atrás.

O Partido Popular debería retirar este punto da orde do día porque o punto o que di é proposta da alcaldía de modificación da periodicidade das sesións plenarias ordinarias e o que están plantexando verdadeiramente é o cambio de data da convocatoria. Polo tanto, están a discutir un punto que é completamente diferente. Consecuentemente, insta a que o retiren e o traian para o próximo pleno, de xeito que todos saiban que é o que se está a debater.

Estase a converter un problema que é do Partido Popular, nun problema de toda a Corporación. O certo é que se atopan cun goberno cuxa maioría de membros non elixidos democráticamente, senón dixitalmente polo partido que representan. Por outra banda, despois de máis de tres anos de mandato, catorce concelleiros que non teñen dedicación exclusiva e contan con circunstancias persoais, familiares ou profesionais que tiveron que acadar e mudar no seu momento, por mor de xurar ou prometer o cargo de concelleiros, a oito meses do remate do mandato, plantexan unha mudanza alegando unha necesidade de estrutura e de organización do goberno. Neste sentido, cuestiona como é posible que en dúas décadas iso non fora necesario ou cómo é posible que os antecesores, Don Ángel Currás e Don Gerardo Conde Roa, a pesar de discrepar coa forma na que levaron os gobernos tivesen a capacidade de levar adiante o goberno tendo un pleno ao mes, o ordinario, o xoves.

Tendo en conta o artigo 134.1 do Real Decreto polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, é posible levar a cabo esta mudanza de data da convocatoria, pero non de periodicidade. Recóllese claramente que teñen que existir circunstancias que o xustifiquen, algo que non consta. No caso de promover un cambio de data para mellorar a capacidade de participación dos veciños e das veciñas nestes plenos, poderían falar, pero non por un mero problema que ten máis que ver cos horarios dos avións. Destaca tamén a falta de consenso e de respecto por non ter convocado a Xunta de Voceiros. En base a todo o anterior e aos catorce concelleiros/as desta corporación que non teñen dedicación exclusiva, o voto do grupo municipal socialista vai ser negativo. Finalmente, insta de

novo ao goberno a retirar o presente punto da orde do día porque o debate non se está a realizar sobre o recollido no mesmo.

Rematado o primeiro tuno de intervención e aberto o segundo teñen lugar as seguintes:

O Sr. Sánchez-Brunete Varela, concelleiro voceiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Seguridade e Mobilidade, opina que este asunto non debería ser motivo de ningunha polémica, salvo que alguén queira facer de todo unha polémica. Por outra parte, non considera que sexa un asunto que interese moito aos veciños.

Primeiramente clarexa que él lles transmitiu fai unha semana aos portavoces dos grupos da oposición a inclinación do grupo de goberno de realizar un cambio de día e non houbo resposta.

Tanto o Alcalde como o grupo municipal popular sinten que este cambio de día lle poida ocasionar transtorno a algún concelleiro da oposición e nese sentido o alcalde propuxo unha reunión cos portavoces da oposición a fin de ofrecer que o acordo se tomase dun xeito diferido facilitando un cambio das axendas dos venres.

Di que se o grupo popular tivera máis opcións que as do xoves e venres, tería convocado aos grupos da oposición para que, con lapis e papel, tentasen buscar un día no calendario. Só se contou con dúas opcións racionais e non disfuncionais, que eran a de xoves e venres; a do xoves era unha opción que ao grupo popular lle corta a dinámica de traballo e o venres é un día que lle causa á oposición algún transtorno de tipo persoal. Polo tanto, parece normal que prevaleza o bo funcionamento da administración pública.

Non se trata de que os membros do grupo de goberno teñan maiores dereitos, pero contan con máis responsabilidades e o xoves interrompe a dinámica de dar resposta a esas responsabilidades e aos requirimentos da propia actividade administrativa.

Aludindo ao Sr. Reyes, quen afirmou que o pleno ordinario se viña celebrando os xoves dende fai moitísimo tempo, engade que pode ser, pero precisa que ao mellor durante trinta anos se traballou a un determinado ritmo, e agora trabállase a outro. Cousas como a concepción do tempo ou o compromiso van mudando.

En todo caso, lamenta se a alguén lle causa un certo transtorno pero tamén aclara que non é un drama e a oposición non debería tirar conclusións que, dende o seu punto de vista, son esaxeradas.

Por último, lembra que se trata de solo 7 tardes ata o final do mandato.

O Sr. Cela Diaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG, comenta que no tocante á alusión de que se facía un drama coa proposta, pide un mínimo de seriedade. Entende que o alcalde ten a potestade de plantexar un cambio de data. Di que ao BNG calquera data lle parece avaliable e mesmo razoable, o que cuestiona é como se fixo. Por outro lado, recoñece que o Sr. Brunete lle trasladou a vontade do Partido Popular tanto, de traer este punto a debate a este pleno, coma de que fora o venres. O que se discute é o procedemento.

O máis razoable sería que o señor alcalde chamase ós voceiros dos tres grupos para realizar unha xunta de voceiros na cal se trasladara o problema real. A partir de ahí, buscaríase unha solución consensuada e, de non ser así, quedaría manifesta a vontade de acordo. Pola contra, propor esa data como inamovible e co curso empezado pode resultar un trastorno para conciliar o seu horario laboral e persoal. A este respecto, o Sr. Cela anuncia a súa disposición de facelo, venres, sábado ou domingo, pois ten adicación exclusiva.

Para concluír, considera que o cambio de día non vai afectar ou condicionar o ritmo de traballo dun grupo de goberno. Reitera que a pesar de que calquera día pode ser perfectamente lexítimo, o procedemento que se está a utilizar é criticable.

O Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, reitera, en primerio lugar, a súa oposición a este punto e pide que se retire. Non se pode votar unha modificación de periodicidade das sesións plenarias ordinarias, cando do que se está a falar é do cambio de data da convocatoria. De ser así, sorprende que, do mesmo xeito que esixe o artigo 134.1 do ROF, sexa “in voce” cando é o goberno quen a trae aquí.

Di que se produciu unha clarísima falta de respecto por todos os niveis. O lóxico é que o señor alcalde convoque formalmente aos tres voceiros dos grupos, fale desta situación e presente a conseguinte xustificación. Por outra banda, como voceiro, ponse a disposición do concello.

Aludindo ao respecto institucional proclamado polo Sr. Brunete, repróchalle que afirmase que todas aquelas persoas que estiveron no goberno tiveron un ritmo máis feble en comparación co goberno actual, tendo en conta que unha desas persoas pertence ao grupo popular e tivo a condición de alcalde, pois a pesar das diferenzas, merece un respecto institucional. Ahí radica o verdadeiramente inaceptable e censurable.

Para o grupo socialista non é un problema vir un día ou outro, xa que están ao servizo dos veciños e das veciñas. Coa modificación proposta aumentarán as dificultades para



desenvolver o labor dos medios de comunicación, particularmente das televisións, que non van ter tempo para poder preparar a emisión. En consecuencia, a veciñanza non poderá ver o que está a acontecer no pleno, provocando así unha falta de transparencia.

Insistindo na petición expresada con anterioridade, piden a retirada do punto da orde do día. O grupo socialista non vai votar algo que non pode debater, polo que reclama unha xunta de voceiros na que sexa posible plantexar, xustificar, acordar ou consensuar para traelo ao pleno.

Para rematar este punto da orde do día o **Sr. Sánchez-Brunete Varela, concelleiro voceiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Seguridade e Mobilidade**, fai uso da facultade prevista no artigo 73.1 C do Regulamento Orgánico do Pleno de Santiago de Compostela. Primeiramente demanda respecto cara a un goberno cuxa decisión é traballar todos os días. Se a oposición ten algunha dificultade para traballar os venres, ao mellor é posible elevar unha petición de informe ao secretario para ver se recuperando o calendario napoleónico atopan outro día que lle resulte máis acaído ou cómodo.

Xa que con anterioridade se fixo algunha alusión a dúas compañeiras, clarexa que aportan un valor engadido á corporación municipal pola posibilidade que teñen de tocar moitas portas en Madrid a pesar de non recibir remuneración.

No referente aos medios de comunicación, descoñece se teñen ou non dificultades para cubrir os plenos e indícalle ao señor Reyes que, de contar con algunha dificultade ou compromiso os venres, estaría faltándolle ao respecto aos mesmos.

Por poñer unha nota de humor, di que este punto case debería ser analizado dende un punto de vista psicoanalítico para aportar algunha clave do melodrama que está a montar a oposición. Trátase únicamente de sete tardes.

O PSdeG-PSOE, a través do seu voceiro, **Sr. Reyes Santíás**, reitera que non se trata de periodicidade, senón de cambio do día.

O **Sr. alcalde-presidente** ordea que se recolla novamente en acta dita manifestación.

Rematadas as intervencións e sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria** ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (PP)
Votos en contra: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría absoluta do seu número legal (13 votos a favor, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 12 votos e contra correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG) aprobar a proposta da Alcaldía e, en consecuencia establecer a seguinte periodicidade das sesións plenarias ordinárias:

-Derradeiro venres de mes (excepto agosto) ás 17.00 horas.

-Se o devandito fora festivo a celebración da sesión tería lugar o primeiro venres hábil inmediatamente anterior.

9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, EN DEFENSA DA PLURALIDADE E PARTICIPACIÓN POLÍTICA E CONTRA A REFORMA ELECTORAL QUE PRETENDE O PARTIDO POPULAR.

O grupo municipal do BNG presentou con data 16 de setembro de 2014, a proposta que a seguir se transcribe:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á defensa da pluralidade e a participación electoral e contra a reforma electoral que pretende o Partido Popular.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de 30 anos de se manteren no Estado español certos elementos básicos do sistema electoral, entre os que cómpre salientar a restrición da proporcionalidade que beneficia, sobre todo, os partidos máis votados e con maior implantación, o Partido Popular decidiu desenvolver unha ofensiva en diferentes fronteiras contra a democracia, as liberdades públicas e o dereito de participación e de expresión da cidadanía. De aí que pretenda, por unha parte, unha reforma da lei baseada na redución do número de deputados e deputadas para integraren o Parlamento galego e unha reforma da lexislación electoral para facilitar a investidura automática como alcalde ou alcaldesa da persoa que ocupe o primeiro posto da lista máis votada, aínda que non se corresponda coa expresión da vontade da maioría dos cidadáns e das cidadás que emitiron o seu voto. De feito, o que o PP leva expresado publicamente arredor da súa proposta non é que se escolla o/a alcalde/esa directamente, senón que uns votos posúan máis valor que outros.

Os obxectivos do PP son os de se asegurar con maior facilidade acadar a maioría absoluta e reducir a pluralidade política que a cidadanía expresa a través das urnas. Estamos, pois, ante unha subversión dos alicerces da representación democrática que vai na liña contraria do que defende o BNG. Esta medida, para alén de constituír un intento do Partido Popular de concentrar nas súas mans o maior número de alcaldías, supón, na práctica, unha reforma que



incide na concentración de poder nas mans de alcaldes e alcaldesas, privando ao pleno, aos órganos colexiados e, por tanto, á cidadanía de capacidade de control da actuación municipal. De feito, todos os informes especializados e os organismos internacionais sinalan que un dos principais elementos para combater a corrupción é a maior participación política e a pluralidade fronte á concentración do poder. Velaí as verdadeiras medidas anticorrupción que o PP non quere aplicar.

Estamos, pois, ante unha tentativa de lexitimación de concesión dun poder absoluto a órganos unipersoais, que reforzan o presidencialismo e restan pluralidade. Téntase que os gobernos locais non reflectan a pluralidade política e social existente, senón que unha parte poida gobernar ao seu antollo, a través dun/unha alcalde/esa que governe aínda que o seu apoio popular nas urnas sexa minoritario.

O Bloque Nacionalista Galego considera esta proposta profundamente antidemocrática e contraria ao interese do conxunto da sociedade, que continuamente está expresando a súa demanda de exercer unha maior participación, control e transparencia das institucións. Mais tamén vulga que os contidos que o PP está a manifestar publicamente que configurarían a proposta de reforma electoral son contrarios á configuración institucional e de representación política consagrada no actual ordenamento xurídico.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Este Concello insta ao Goberno Galego a:

1.- Manifestar a súa rotunda oposición á proposta de reforma da lexislación electoral formulada polo Goberno do Estado que ten como finalidade que ostente a alcaldía a lista que resulte máis votada, reforzando deste xeito a concentración do poder municipal en órganos unipersoais e vulnerando a expresión do pluralismo político da cidadanía e a súa capacidade de participación e control da xestión pública municipal.

2.- Dirixirse ao Goberno do Estado español coa finalidade de instar unha modificación do sistema electoral que favoreza unha mellor expresión nos órganos de representación da pluralidade política da cidadanía e unha maior participación no impulso e decisión das políticas públicas, introducindo medidas tales como:

a) Definición, agás no caso de eleccións municipais, como circunscrición electoral do territorio galego, isto é, incluír como circunscricións electorais únicas as actuais comunidades autónomas.

b) Eliminación da regra de Hont da fórmula de asignación da representación nos órganos e substituíndoa por outra que garanta un resultado máis proporcional á vontade expresada pola cidadanía.

c) Eliminación do limiar mínimo para acceder á repartición de representación.

d) Regulación da capacidade de convocatoria de referendos a todas as administracións en asuntos do seu interese, e fixando un catálogo de asuntos que deben ser obxecto de consulta obrigatoria antes de adoptar unha decisión (especialmente aqueles vinculados coa xestión dos servizos públicos), así como un procedemento para que un determinado número de persoas poida esixir a convocatoria de referendos con carácter vinculante para os poderes públicos.”

Tal e como indica o **Sr. alcalde-presidente**, os puntos da orde do día 9 e 10 serán debatidos conxuntamente.

Rematado o debate, o pleno da corporación adopta os seguintes acordos:

O primeiro punto da proposición do BNG queda rexeitado por 13 votos en contra correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 12 votos a favor correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG.

O segundo punto da proposición do BNG, queda rexeitado por 22 votos en contra correspondentes aos membros dos grupos municipais do Partido Popular e aos do PSdeG-PSOE e 3 votos a favor, correspondentes aos membros do grupo municipal do BNG.

10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, EN DEFENSA DA REFORMA DA LEI ELECTORAL.

O grupo municipal do Partido Popular, presentou con data 17 de setembro de 2014, a proposta que de seguido se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición orientada a apoiar unha reforma da lei que garanta o respecto á vontade maioritaria da cidadanía, de tal xeito que sexa alcalde a persoa que encabece a lista máis votada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 140 da Constitución establece que “os alcaldes serán elixidos polos concelleiros ou polos veciños”. É dicir, a Constitución contempla a posibilidade de que os alcaldes sexan elixidos directamente pola veciñanza. É máis, en 1978 o goberno de Adolfo Suárez presentou un proxecto de lei de eleccións locais que prevía a designación automática como alcalde do cabeza de lista da candidatura máis votada.

Aínda que esta previsión normativa non resultou aprobada, o certo é que en varios países do noso contorno se determina a designación como alcalde da persoa que encabece a lista máis votada.

Así mesmo, durante o actual período constitucional houbo varias propostas e formulacións programáticas da reforma do marco electoral municipal. Así, en 1998 o grupo parlamentario socialista presentou unha proposición de lei orgánica que tiña por obxecto modificar a elección dos alcaldes. Na exposición de motivos da citada iniciativa dicíase: “En definitiva, as razóns que xustifican a elección directa do alcalde por todos os electores son de natureza política, é dicir, son razón fundadas na busca dunha maior gobernabilidade, dunha maior identificación do alcalde”. Esta iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista propoñía cambios substanciais que afectaban á elección directa do alcalde, como o establecemento dunha prima electoral para o grupo político do alcalde gañador ou unha segunda volta. Non obstante, cando o Congreso dos deputados foi disolto, esta iniciativa legislativa decaeu.

Máis adiante, no programa electoral co que o PSOE concorreu ás Eleccións Xerais de 2004 este partido volveu propoñer a elección directa. De feito, esta foi a proposta estrela ao inicio da redacción do Libro branco para a reforma do réxime local.

Por outra parte, no programa electoral co que o PP concorreu ás Eleccións Xerais de 2011, e nas que contou cun notable apoio cidadán, xa se di que “promoveremos a reforma do sistema electoral municipal para respectar a vontade maioritaria dos veciños”.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa aprobación a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Manifestar a vontade desta Corporación de que se inicie un diálogo entre partidos co fin de que, logo das modificacións legais oportunas, se garanta o respecto á vontade maioritaria da cidadanía de tal xeito que o cabeza da lista máis votada nas eleccións locais sexa elixido Alcalde.”

Enterados/as os/as sres./as concelleiros/as do contido das proposicións e aberto o primeiro turno de intervencións telen lugar as seguintes.

O Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG, explica que trae esta proposición a debate no pleno municipal de Santiago por considerar que se trata dun debate de gran transcendencia e alcance, e cunhas posibles consecuencias prácticas importantes no concello.

Nese sentido, congratúlase que tanto o Partido Popular como o Partido Socialista traian tamén as súas propostas de forma que sexa posible confrontar dialécticamente as posicións que defenden cada un dos grupos políticos, porque é importante e positivo que os veciños e veciñas de Santiago teñan claro que é o que defende cada unha das forzas políticas con representación nesta corporación ante a eventual reforma da Lei Electoral.



A ninguén debe collerlle por sorpresa a posición do BNG, xa que é de sobra coñecida. Di que están radicalmente en contra da reforma, tanto na forma como no fondo.

A forma ten que ver moito co fondo da proposta. É absolutamente inaceptable a imposición dunha reforma deste calado e deste alcance a tan só uns meses da convocatoria electoral.

No Partido Popular son plenamente conscientes de que isto é así, pois o ten verbalizado en diferentes ocasións. Dolores de Cospedal, Secretaria Xeral do Partido Popular, dicía textualmente en 2007 a respecto da proposta de reforma electoral de Barrera: “é unha auténtica vergoña, un auténtico golpe de estado que un partido político diga que quere cambiar o sistema electoral”, e engadía: “de facerse iso non habería un comportamento máis antidemocrático”. É dicir, fai sete anos a actual Secretaria Xeral do Partido Popular entendía que unha reforma electoral impulsada e aprobada de xeito unilateral por un só partido político era unha vergoña, un golpe de estado e un comportamento antidemocrático.

Sen ir tan lonxe o Sr. Rajoy, en febreiro de 2013, asegurou públicamente que nunca modificaría a lei electoral facendo uso da súa maioría absoluta porque, textualmente: “hai consensos que deben ser respectados”. Polo tanto, cabe preguntarse que pasou dende aquela ata hoxe. O Sr. Cela apunta a unha debacle electoral do Partido Popular nas eleccións europeas, e varias enquisas do CIS vaticinan unha forte caída nas vindeiras eleccións municipais e autonómicas.

Para o Bloque Nacionalista Galego, unha necesidade partidista e tan curto pracista como esta non xustifica unha reforma deste calado e, nestas circunstancias, non debería aprobarse, fundamentalmente porque un partido político non debe modificar as regras de xogo político que afectan a todos os partidos e á estrutura mesma da democracia, dun xeito unilateral. Estas cuestións deben ser consensuadas entre todas as forzas políticas que representan ao pobo, ou cando menos, coas máximas posibles.

O PP ata fai só uns días parecía disposto a aprobar estas leis sen o apoio de ningunha forza política, tanto no Congreso dos Deputados como a que prepara o Presidente Feijóo para o Parlamento de Galicia.

Resulta inconcebible pretender modificar as bases sobre as que se asenta a democracia a uns meses das eleccións sen máis apoios que os do propio Partido Popular, exclusivamente preocupado por non perder cotas de poder.

Para o BNG, se iso se consumase neses termos, sería un auténtico atraco democrático. Segundo o manual de observación electoral da Unión Europea, considerado un dos documentos de referencia para velar pola limpeza dos procesos electorais, as boas



prácticas democráticas recomendan textualmente: “que o marco legislativo das eleccións se elabore e adopte nun proceso inclusivo e transparente, ademais, que a lei electoral goce do apoio dos partidos da oposición así como dos partidos que apoian o goberno”. O marco legislativo-administrativo para as eleccións e as regras de xogo teñen que estar, textualmente: “establecidas moito antes de que comece o proceso electoral, sendo condición ideal que un ano antes da cita coas urnas a lei estea xa fixada e consensuada”. Isto choca coas intencións do Partido Popular fai uns días.

Polo tanto, tentar aprobar unha reforma deste tipo a tan só uns meses das eleccións é inconcebible e inaceptable nun estado mínimamente democrático. Así o entende o BNG e unha parte importante da sociedade. Ata o propio Partido Popular é consciente de que supón unha barbaridade difícil de xustificar.

A contestación política e social gañada a pulso, a soidade parlamentaria do Partido Popular e a importante alarma de rexeitamento social a tan só uns meses dos comicios electorais que creou o anuncio da reforma, posiblemente lles faga recuar. Pensa que a reforma electoral ficará nun caixón e correrá a mesma sorte que a abortada lei de interrupción do embarazo. Non estaría de máis, engade, que os impulsores da reforma electoral correran politicamente a mesma sorte que o señor Gallardón.

En definitiva, non se poden cambiar as normas de xogo no medio do partido e menos sen consenso. É como se nun partido de fútbol un equipo que vai perdendo pretendese nos minutos de desconto que cambiasen as regras para que gañe non o equipo que marque máis goles, senón o que tivo máis posesión do balón.

Con respecto ao fondo, di que un sistema electoral non deixa de ser un conxunto de normas que posibilitan trasladar a vontade popular ás institucións. Cantas máis limitacións ou apaños haxa nesas normas, máis distorsionada ou manipulada estará a vontade popular.

A configuración dos gobernos debe responder a esa vontade popular e non aos mecanismos de enxeñería electoral. Nunha democracia o importante é que o pobo teña información, que participe e que elixa entre os diferentes proxectos políticos. Unha sociedade plural precisa dun mecanismo que traduza a pluralidade en representación, non que a constrinxa ou que a limite, porque o pluralismo é riqueza.

Dende o Partido Popular plantexaban que se lle outorgase automaticamente a alcaldía á maioría absoluta de concelleiros/as ao cabeza de lista máis votado que saque o 40% dos votos e cinco puntos de diferenza á segunda. Incluso poñían enriba da mesa a posibilidade dunha segunda volta. É un plantexamento lexítimo como moitos outros e incluso emprégase noutros Estados pero co que o BNG non pode concordar por dúas elementais razóns:



A primeira, porque por moito que se empeñe o Partido Popular o 40% é iso, o 40%, non o 50%, e porque por moito que se empeñe o Partido Popular 2+3 sempre serán máis que 4, aquí e en Candachú.

No fondo o que existe é un intento de criminalización das coalicións postelectorais como se fosen menos representativas, menos democráticas, ou menos estables e operativas que gobernos de maioría absoluta. Precisamente neste concello foi posible comprobar como ese argumento é absolutamente falaz, dada a pouca estabilidade que houbo nestes tres anos de maioría absoluta do Partido Popular, con tres alcaldes diferentes, en comparación cos doce anos anteriores de gobernos de coalición sen maiorías absolutas.

A democracia é dinámica por definición, o conflito, a negociación, o diálogo, ou mesmo o consenso, son intrínsecos a unha democracia real. O inmovilismo e a foto fixa son máis propios doutros réximes.

En segundo lugar engade que co modelo que se propón perderíase representatividade e control democrático dos alcaldes e alcaldesas. É dunha tentantiva de concesión dun poder cuasi absoluto a órganos unipersoais que reforzan o presidencialismo e restan pluralidades. Por todo iso, o BNG entende que a reforma electoral non só é posible, senón necesaria e imprescindible nun proceso de verdadeira rexeneración democrática. O que non é de recibo é que se faga agora, ás portas dun proceso electoral e se faga nos termos e co contido que plantexa o Partido Popular.

O Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, solicita en nome do seu grupo que se voten por separado as diferentes propostas e os diferentes puntos, tanto da proposición do Bloque Nacionalista Galego como da proposición do Partido Popular. Así mesmo, xa que o PSdeG-PSOE ten unha moción para debater isto, piden integrala neste debate e que se voten tamén as propostas desta.

O problema sometido a debate non é que o Partido Popular faga unha proposta de reforma da lei electoral, xa que outros partidos tamén plantexaron as súas (PSOE, IU, UPyD). De feito se teñen aprobado alomenos dezanove reformas a partir da entrada en vigor da lei de réxime electoral xeral dende o ano 85. O problema é o contido, a oportunidade e a forma da proposta.

É importante plantexarse se verdadeiramente se trata dunha prioridade social. Neste sentido, o certo é que a reforma da lei electoral non está dentro dos cincuenta problemas que preocupan principalmente aos españois e así o publica o CIS.



Os benefactores da reforma son partidos cuxo voto está concentrado, é dicir, o Partido Popular a nivel estatal, CIU en Cataluña e o PNV e Bildu no País Vasco. Esta é, polo tanto, a segunda consecuencia.

O Partido Popular non está a plantexar en absoluto a elección directa do alcalde, senón que exerza automaticamente o cargo o cabeza da lista máis votada, a máis votada chegando ao 40% dos votos. Isto non beneficia á persoa que represente aos veciños e veciñas, senón claramente a un partido, o PP.

Outro aspecto a plantexar é o nivel de constitucionalidade da posible reforma. Basta pensar no profesor López Basaguren, catedrático de dereito constitucional da Universidade do País Vasco, que indica que dar maioría absoluta a quen obtivo unha porcentaxe pequena de votos pode romper a lóxica constitucional e inhibírase a representación dunha parte do electorado.

Resulta sorprendente, por parte do Partido Popular, que faga esta proposta sen ter en conta que a celebración dunha segunda volta vai engadir un custo extraordinario o que non encaixa moi ben coa proposta de austeridade que propugnan.

Tamén é salientable a falta de consenso. Os dirixentes do PP teñen dito públicamente que están dispostos a aprobar a reforma en solitario provocando un absoluto hito insólito na nosa democracia. Se ben a lei orgánica electoral, en vigor dende o ano 85, ten experimentado un total de dezanove reformas, todas foron co apoio unánime dos grupos, coa excepción da que introduxo a paridade nas listas, ocasión na que o Partido Popular emitiu un voto contraio.

Resultan salientables unhas declaracións do Presidente Rajoy en febreiro de 2013, nas que dicía textualmente: “unha reforma da lei electoral, a diferenza do IRPF, non se podería modificar sen consenso”. Un ano máis tarde, reula. Non están a buscar a elección directa do alcalde, senón a elección directa do seu partido, pois 5+2 é máis que 6. Os sistemas parlamentarios e representativos permiten que cando non hai maioría absoluta, outros grupos se poidan unir para formar e conformar goberno sumando o voto dos distintos concelleiros. Ese é un sistema parlamentario representativo, pero a pesar do noso sistema electoral, resulta que o oitenta por cento dos oito mil cento dezaseis concellos en España, están gobernados pola lista máis votada, e isto non parece xustificar o cambio.

Nesta senda, trinta e cinco das capitais de provincia están gobernadas pola lista máis votada, e trinta e dúas deputacións no Estado están gobernadas pola lista máis votada coa actual lei electoral. Por iso, non ten xustificación.



O debate en torno á lei é de carácter electoralista, plantéxase a oito meses das eleccións locais e, no caso de aprobarse todo, o máis cedo sería a dous meses das eleccións. Á súa vez, faise nun momento no que os sondeos apuntan a que o Partido Popular pode perder prazas moi importantes, unha auténtica sangría de votos. O que tamén é un recoñecemento público, por parte do PP é que non é capaz de pactar cos partidos máis pequenos e de conformar unhas maiorías por consenso e por coalición.

Polo tanto, o que hai que dicir clarísimamente é que esta reforma, que xa está nun anteproxecto, non resulta respectuosa coa pluralidade local porque é a máis fragmentada e rica en comparación co nivel autonómico e o nivel nacional. O obxectivo do Partido Popular é impoñer unha minoría do 40% por enriba dunha maioría absoluta do 60%.

Tendo en conta que dende o PP veñen de aprobar unha reforma local que baleira de capacidade política aos concellos, que alonxa aos veciños e aos cidadáns das entidades locais e que, dalgunha maneira, supón o verdadeiro desmantelamento dos servizos públicos, sorprende a proposta.

Para rematar a intervención lembra que, fai uns meses, a compañeira Mar Martín defendeu nese mesmo pleno a retirada da lei de reforma da interrupción voluntaria do embarazo cunha proposición e unha moción, ambas votadas en contra polo Partido Popular. A día de hoxe, queda evidenciado que a sociedade tiña razón. O Partido Socialista, neste caso representando unha parte moi importante da sociedade tiña razón, e o PP agora ten que asumir a retirada da proposta de reforma da lei de interrupción voluntaria do embarazo. Por último, opina que Partido Popular rematará por retirar a proposta de reforma da Lei Electoral Xeral.

O Sr. Sánchez-Brunete Varela, concelleiro voceiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Seguridade e Mobilidade, dí que o discurso político é unha práctica que as veces sitúa a quen o exerce ante o muro ou o espello da contradición. Esta aclaración ven a colación do expresado polo Sr. Cela, quen criticou que o Partido Popular propuxese unha reforma da lei electoral a un ano das eleccións. En realidade foi no mes de xuño cando se plantexou por parte do Presidente Rajoy. Afirma que no BNG non teñen ningún reparo en propor unha reforma, outra reforma da lei electoral, alternativa a oito meses das eleccións. Así pois, o momento no que se propón a reforma non é o problema.

O Bloque Nacionalista Galego na súa iniciativa e, concretamente nos apartados a), b) e c) do punto segundo, propón unha serie de medidas dunha lóxica aplastante para o sentido común e para a propia dinámica convencional das democracias consolidadas.

Aporta unha serie de medidas orientadas a acadar un resultado peculiarísimo, de forma que haxa partidos que vexan garantido o feito de ter representantes, sen contar cunha base mínima de votantes. Engaden un segundo obxectivo, o de configurar un sistema electoral que faga que unha bisagra valla máis que unha porta de castaño.

Di que propor, como fai o BNG, unha circunscrición electoral amplísima, unha fórmula proporcional aplicada por riba, propor a supresión do limiar electoral e propor que sen unha base mínima de votantes se poida obter un escano, é condicionar todo un goberno.

Existen razóns democráticas para establecer un limiar electoral pero considera que cómpre delegar as explicacións sobre a súa conveniencia, no señor Reyes para que lle explique como no Partido Socialista, en procesos internos, utiliza unha fórmula anticipada e agravada de limiar electoral coa esixencia de avais.

O certo é que o punto primeiro da proposición do BNG é o reverso da iniciativa do PP, cuxa idea é que se inicie un diálogo entre partidos. O tenor da proposta recolle textualmente:

“... co fin de que coas modificacións electorais oportunas, se garanta o respecto á vontade maioritaria dos cidadáns de tal xeito que o cabeza da lista máis votada nas eleccións locais sexa elixido Alcalde.”

Esa é a proposta inicial pero está aberta a negociacións.

A proposta nace cunha vontade de diálogo, pois non se pretende impoñer senón dialogar, e cunha vontade de consenso entre as grandes maiorías de cidadáns.

Recoñecendo que, afeitos a unha fórmula electoral que se leva aplicando durante moitísimos anos, unha proposta de cambio pode chocar, tamén é certo que a proposta é lóxica, porque mellora a calidade da nosa democracia.

A proposta que fai o Partido Popular é unha proposta que se inspira nun proxecto de Adolfo Suárez consensuado co PSOE no seu momento, aínda que despois decaeu. Indica que atopan grandes puntos de coincidencia nos programas do Partido Socialista.

A proposta do Partido Popular está avaliada polos modelos europeos, onde o principio maioritario é un principio incuestionable. Nas democracias consolidadas europeas o principio proporcional convive co principio maioritario e incluso, en ocasións, lle cede o paso.



Certamente os cidadáns requiren de representantes para debater e para resolver cuestións que xorden no día a día. Pero as mulleres e homes que conforman ese concepto denominado cidadanía, non requiren inevitablemente de representantes para elixir un alcalde. Para esta elección non é necesario que ninguén se interpoña ou interfira entre o elector e o cabeza de lista.

Unha elección de primeiro grao é sempre máis democrática que unha elección de segundo grao. No tocante ás coalicións entre partidos, di que a proposta resulta respectuosa.

Non se pretende cercenar ás coalicións, pois entre PSOE-BNG-AGE-IU-PODEMOS-A MAREA, e o que veña, pretenden que se formulen antes da xornada electoral.

O Partido Popular ten unha enorme cultura de coalición, tal e como queda evidenciado nos anos oitenta. O Partido Popular era a coalición popular, a reunión de tres partidos, o Partido Liberal, PDP e Alianza Popular. Existe unha cultura de coalición, pero de carácter preelectoral. Así, respéctanse as coalicións, pero teñen que ser preelectorais.

As coalicións postelectorais de goberno supoñen mesturar e mistificar programas, realizando prácticas e solucións impensables ou impredecibles.

As indiscriminadas coalicións postelectorais de goberno contradín o principio de proporcionalidade, porque non hai nada máis desproporcionado que o feito de que un partido que acada o 5 ou 10% de votos acabe formando goberno. Do mesmo xeito, as coalicións postelectorais alteran elementos esenciais do contrato de confianza que os cidadáns subscriben cun partido político.

As coalicións electorais indiscriminadas fúrtañlle aos cidadáns elementos de xuízo moi importantes. Os cidadáns teñen dereito a unha certeza mínima inmediata a respecto do que votan. O que non pode ser é que os cidadáns voten un candidato, un programa e aos dous días de exercer o seu voto, o seu representante pase a apoiar outro programa e outro candidato.

Tamén é o caso do Partido Socialista, que agora lle nega aos cidadáns a fórmula democrática da maioría que eles mesmos aplican nos seus procesos internos. Fai unhas semanas, os militantes socialistas elixiron ao señor Pedro Sánchez como Secretario Xeral conforme a unha fórmula maioritaria. Non lle deron ao señor Madina e ao terceiro candidato a posibilidade de sumar os seus votos. Con anterioridade o Sr. Reyes dixo que $2+3$ eran máis que 4, e que $5+2$ eran máis que 6.

Co fin de ir máis aló, cabe empregar números un pouco máis complexos. Os votos sumados dos dous candidatos, que non resultaron electos, a secretario xeral do PSOE



suman máis que os votos do gañador. Polo tanto, existe unha contradición que pide unha explicación. Gañou Pedro Sánchez e non houbo segunda volta, nin a esixencia previa dunha porcentaxe mínima. O PSOE empregou a fórmula maioritaria pura, denominada polos ingleses “first past the post”, é dicir, o primeiro en resultados goberna. Polo tanto, esa forma que aplicaron para sí, néganlla á sociedade española.

Para o portavoz do PP isto pode calificarse de hipocresía. O PSOE mantén un sistema electoral que permite que os perdedores sumen artificialmente os seus votos de costas aos electores, pero non o aplican nas primarias internas.

Finalmente, considera que a fórmula que empregaron no Partido Socialista para elixir ao señor Sánchez é democrática, pero a iniciativa electoral que propoñen dende o PP é aínda máis democrática.

Rematado o primeiro turno de intervención e aberto o segundo teñen lugar as seguintes:

O Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG, manifesta que o Bloque Nacionalista Galego non propón unha reforma electoral para gañar, o que propón e o que dí nesta proposición é que se queren falar de reforma electoral, resulta imprescindible facelo nun proceso de rexeneración democrática, reformar unha lei electoral que non é excesivamente democrática. O BNG plantexa unha serie de cousas. A lei d'Hont non é o único modelo a seguir, non é o que se segue en moitas democracias do norte de Europa.

A Lei D'hont, sobre todo en circunscricións pequenas, reduce esa proporcionalidade en favor dos partidos maioritarios. O que o BNG propón é un sistema proporcional puro que reduza menos nesas circunscricións.

O grupo nacionalista defende que nos procesos electorais que non sexan as municipais, a circunscrición sexa a Comunidade Autónoma para evitar que un voto en Lugo valla case o dobre que un voto en Santiago. No caso do umbral mínimo, de existir, non debe superar o 3% para favorecer á representación e á democracia. Non entanto, a rexeneración democrática non pasa só por modificar este tipo de cuestións; cómpre garantir outras como a normalización e a estabilización dun determinado tipo de consultas directas á cidadanía.

No caso de Suiza, o goberno entende que para garantir o bo funcionamento do seu Estado, no caso dun determinado tipo de asuntos vitais, é necesaria a convocatoria de referendums vinculantes. Neste sentido, sería razoable poder plantexar cuestións como esas á hora de modificar cuestións básicas dos nosos servizos públicos, como a educación, a sanidade ou as pensións, e que reformas dese tipo deberían contar co



aval democrático directo dos cidadáns. En calquera caso, o Bloque Nacionalista Galego nunca plantexaría un cambio electoral a tan só uns meses de celebración dunhas eleccións.

Na intervención anterior fíxose alusión ás coalicións postelectorais, afirmouse que son pouco menos que o demo e que hai que ir coaligados antes das eleccións. Neste sentido pide que se lle recorde ao señor Rajoy, a próxima vez que estea coa señora Merkel, que vaia en coalición preelectoral, non postelectoral como SPD e que se informe da tradición de goberno de coalicións postelectorais en Alemaña, ou mesmo que lle diga ao señor Cameron que entre en coalición preelectoral e non postelectoral co Partido Liberal.

Fixeron un intento clarísimo de criminalización e ridiculización das coalicións postelectorais, cando este concello é un bo exemplo de que ese é un argumento claramente falaz.

Cabe preguntarse quen sae beneficiado desta reforma electoral. O PP nunca plantexaría unha reforma deste tipo a uns meses dun comicio electoral, de saír prexudicado. Outra cuestión é saber por que neste momento. A resposta atópase no batacazo sufrido nas eleccións europeas. Ademáis, as enquisas auguran outro fracaso nas eleccións municipais e nas eleccións nacionais. Aínda así, que di que iso non é xustificación e o mesmo que motivou este proxecto de lei será o mesmo que o enterre. O proxecto nace por unha motivación de cálculo electoralista e acabará morrendo por outro cálculo electoralista.

O caso é que o señor Arriola e o resto de gurús que aconsellan ao señor Rajoy considerarán que aprobar a lei antes das eleccións é de difícil xustificación, porque pode ter efecto bumerang de xeito que o que gañan amañando por un lado, poden perdelo polo outro. Ese é o motivo polo que seguramente esta reforma sega o mesmo camiño que seguiu a reforma da lei do aborto do señor Gallardón; non porque o PP non acredite esa reforma, senón porque o 40% do electorado do propio Partido Popular estaba en contra dela.

Polo tanto, xorden dúas grandes preguntas: ¿Por que agora ? ¿Por que esta reforma?

Dende o BNG plantexan outras cousas a reformar máis urxentes que contribuirían a unha mellora da calidade democrática no Estado español.

O Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, comenta que xa que o portavoz do PP fixo alusión ás propostas do PSOE, cabe aclarar que o deputado socialista Alfonso Perales presentou en decembro do 98, unha proposta que despois foi repetida no programa electoral ás municipais do 2003, e das xerais de



2004. Pero era completamente diferente á do PP, porque o plantexamento era a votación directa do alcalde, nunha urna diferente que os concelleiros.

Na proposta de lei plantéxase que governe o cabeza da lista máis votada. O Partido Socialista propuxo que para non ter que ir a unha segunda volta tiñan que acadar máis do 50%, a diferenza do 40% agora proposto.

O plantexamento da segunda volta era precisamente, dentro das súas propostas, fomentar as alianzas e os pactos electorais para darlle un pulo de lexitimidade. Toda proposta, e así se defendeu no Congreso dos Deputados, plantexaba e saía do convencemento e do recoñecemento de que o noso sistema electoral non é bipartidista. Trátase dunha realidade que o Partido Socialista é quen de acadar. É necesario contrarrestar a prima de representatividade que se daba ao alcalde na segunda volta cun modelo que lle daba unha atribución de máis competencias ao pleno para poder impulsar o control político do goberno e para impulsar as políticas de servizos, que tiña que estar plasmado nunha reforma da lei de bases de réxime local. Polo tanto, a diferenza entre ambas propostas é abismal.

No proceso de elección do secretario xeral, por alusións, era, no caso do PSOE, un proceso interno moi diferente ao do PP, onde se escolle ao secretario xeral a dedo tal e como pasou co señor Aznar e co señor Rajoy, ou por exemplo coas alcaldías.

En relación ao anterior, cabe engadir que a elección da fórmula maioritaria foi o resultado dun debate e dunha votación dos militantes nunha conferencia política que decidiron como querían elixir ao seu secretario xeral federal, e non unha imposición ao resto dos cidadáns para unhas eleccións municipais, autonómicas ou xerais.

Dende o grupo popular fálase da demonización das coalicións, pero non o fixeron cando Alianza Popular sumou os votos da UCD para que Don Gerardo Fernández Albor fora Presidente da Xunta de Galicia.

Nin o fan nesta lexislatura para gobernar en coalición con partidos rexionais no goberno de Aragón. Nese caso, non falan do negativas que son as coalicións. Refírese tamén a cando gobernaron no goberno autonómico das Illas Canarias en coalición con Coalición Canaria, ou a que están nestes a gobernar decenas de municipios das Illas Canarias con Coalición Canaria ou, por exemplo, a cando gobernaron en dúcias de concellos neste país en coalición co CDS. É casualidade que cando poden gobernar as coalicións non son malas, pero cando perden o goberno son negativas.

Opón tamén o caso de Marbella, paradigma da corrupción, onde houbo un goberno de maioría absoluta presidido por D.Jesús Gil. Recorda, ao mesmo tempo, a parte municipal do caso Gurtel que naceu en municipios madrileños gobernados por maioría



absoluta, por certo do Partido Popular (Majadahonda, Pozuelo de Alarcón, Boadilla del Monte). Comparativamente lembra que o observatorio dos gobernos de coalición da Universidade de Barcelona chega á conclusión de que compartir o poder leva a unha maior fiscalización e menor arbitrariedade na xestión.

O manual de observación electoral da Unión Europea ofrece na súa páxina 44, dúas recomendacións que ademais plantexa como exemplos de boas prácticas, unha das cales di: “.. a lei electoral ten que gozar do respaldo dos partidos da oposición, así como dos partidos que apoian o goberno”. Deste xeito, a reforma electoral é igual a consenso, cousa que o PP non plantexa.

En segundo lugar, postula que o marco legislativo para as eleccións ten que estar establecido moito antes de que comece o proceso electoral; en condicións ideais, un ano antes. É dicir, non oito meses para poder cumprir co manual de observación electoral da Unión Europea. Cabe esperar que o desenvolvemento do proceso non leve a que haxa que pedir observadores electorais á Unión Europea ou ás Nacións Unidas.

Para rematar este punto da orde do día o **Sr. Sánchez-Brunete Varela, concelleiro voceiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Seguridade e Mobilidade**, fai uso da facultade prevista no artigo 73.1 C do Regulamento Orgánico do Pleno de Santiago de Compostela. Afirmouse con anterioridade que o Partido Popular propón esta reforma por temor a un resultado electoral. Tal afirmación constitúe unha apreciación froidiana. É precisamente o temor que lles produce a posibilidade de que os cidadáns poidan apostar sen interferencias directamente por un alcalde o que lles leva a oporse a esta iniciativa.

Dende logo, en Santiago, o grupo popular non sente medo electoral, aínda que si respecto, e considera que a oposición tampouco sente medo electoral senón pánico electoral. Por iso se opón á reforma.

Centrándose no PSOE, gustaríalle que o señor Reyes lle explicara por que a fórmula maioritaria que vale para dito partido non vale para o conxunto da cidadanía.

Un principio democrático ten esta condición independentemente de aplicarse na elección dun presidente, nunha corporación de dereito público ou nunha organización estatal. Deste xeito, pregúntase como é posible que ese principio democrático valla para elixir ao seu secretario xeral e, ao mesmo tempo, sexa cualificado como antidemocrático cando se propón para o conxunto da cidadanía.

Hai unha expresión moi familiar que é, a de andar por medio. Anda polo medio o que non aporta nada, o que non sabe o que quere, e o que enreda. O PSOE neste debate



anda un pouco polo medio, porque ten un problema de identidade e pronto pasará do caos ideolóxico ao caos electoral.

No PSOE aplaudiron a Felipe González cando acadou unha maioría absoluta co 39% dos votos, e agora defenden que non se pode gobernar co 40% dos votos o que considera curioso. Foron os primeiros en falar dunha prima electoral en favor do gañador e neste momento cuestionan ao Partido Popular por suxerir unha idea da prima electoral.

Para concluir, di que o PP vai defender esta iniciativa con convición e con vontade de diálogo. Descoñece se a reforma electoral se aprobará antes das eleccións de maio, xa que se require diálogo. Se a oposición non quere dialogar, non facilita a reforma que é lóxica e orientada a respectar ás maiorías.

En todo caso, de manterse a actual norma, aínda con ela vixente, o Partido Popular concurrirá ás eleccións cunha templanza de ánimo e convencido de que con traballo, con prudencia e responsabilidade, resulta posible concitar o apoio da maioría.

Deste xeito, procédese neste momento **á votación sobre a toma en consideración da moción do PSdeG-PSOE relativa ao rexeitamento da modificación da LOREG** (* *Instar ao goberno de España a rexeitar a modificación da LOREG que propón o PP para elixir directamente aos alcaldes e alcaldesas*), _co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (9 PSde G-PSOE, 2 BNG)

Votos en contra: 13 (PP)

Abstencións: 1 (BNG: ausente o Sr. Cela Díaz no momento da votación: art.100 ROF e 74.4 do Regulamento Orgánico do Pleno)

Trala votación, ésta queda rexeitada por 11 votos a favor correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG e 13 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal da corporación.

A continuación procedese a someter a votación o **punto nº 1 da proposición do grupo municipal do BNG:**

Votos a favor: 12 (3 BNG, 9 PSdeG-PSOE)

Votos en contra: 13 (PP)

Abstencións: 0

Trala votación, este punto queda rexeitado por 12 votos a favor correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG e 13 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular.

A continuación procedese a someter a votación os **puntos nº 2 e 3 da proposición do grupo municipal do BNG:**

Votos a favor: 3 (BNG)
Votos en contra: 22 (13 PP, 9 PSdeG-PSOE)
Abstencións: 0

Trala votación, este punto queda rexeitado por 3 votos a favor correspondente ao grupo do BNG e 22 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e grupo municipal do PS de G-Psoe.

Finalmente sómétese a consideración a **proposición do grupo municipal do PP:**

Votos a favor: 13 (PP)
Votos en contra: 12 (3 BNG, 9 PSdeG-PSOE)
Abstencións: 0

Polo que o pleno da corporación, por maioría absolutad do seu número legal (13 votos a favor, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 12 votos en contra, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG), acorda manifestar a vontade desta Corporación de que se inicie un diálogo entre partidos co fin de que, logo das modificacións legais oportunas, se garanta o respecto á vontade maioritaria da cidadanía de tal xeito que o cabeza da lista máis votada nas eleccións locais sexa elixido alcalde-presidente.

11. DAR CONTA DE PERSOAMENTOS, SENTENZAS E OUTRAS INCIDENCIAS EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS.

Dáse conta ao pleno das seguintes sentenzas do Tribunal Supremo:

- Sentenza do Tribunal Supremo, do 16 de xuño de 2014, recaída nos autos como recurso de casación nº 525/2012 interposto polo Concello contra a sentenza de 24 de novembro de 2011 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dimanante do recurso contencioso administrativo 4735/2008, interposto por Emilio Paz Santasmarinas, contra a aprobación definitiva da revisión do Plan xeral de ordenación municipal.

- Sentenza do Tribunal Supremo, do 16 de xuño de 2014, recaída nos autos como recurso de casación nº 455/2012 interposto pola entidade Bacoriño, S.L. e outros contra a sentenza de 27 de outubro de 2011 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dimanante do recurso contencioso administrativo 4275/2008, interposto polos citados

recorrentes, contra a aprobación definitiva da revisión do Plan xeral de ordenación municipal.

- Sentenza do Tribunal Supremo, do 16 de xullo de 2014, recaída nos autos como recurso de casación nº 876/2012 interposto por Manuel Otero Ramos e outros, contra a sentenza de 1 de decembro de 2011 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dimanante do recurso contencioso administrativo 4712/2008, interposto polos citados recorrentes, contra a aprobación definitiva da revisión do Plan xeral de ordenación municipal.

12. DAR CONTA DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DE DATAS 11 DE XULLO, 14 DE AGOSTO E 5 DE SETEMBRO DE 2014.

Dase conta ao pleno dos acordos da Xunta de Goberno Local que a seguir se transcriben:

- Acordo de 11 de xullo de 2014:

“NÚMERO 3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO.

Consonte coa proposta da alcaldía, de data 10 de xullo de 2014, emitida ao abeiro do disposto no artigo 127.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda:

DELEGAR as seguintes competencias nos concelleiros/as que se relacionan:

1.- A competencia de autorizar e dispoñer gastos, no marco das Bases de Execución do Orzamento, corresponderán ao Concelleiro Delegado de Facenda, previa proposta vinculante dos seguintes concelleiros nas materias propias da súa delegación:

- **DONA REYES LEIS RODRÍGUEZ, DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA.**
- **DON RAMÓN QUIROGA LIMIA, DELEGADO DA ÁREA DE FACENDA.**
- **DON MANUEL MARTÍNEZ VARELA, DELEGADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.**
- **DONA TERESA GUTIÉRREZ LÓPEZ, DELEGADA DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE.**
- **DON LUÍS MEIJIDE RODRÍGUEZ, CONCELEIRO DELEGADO DO SERVIZO DE OBRAS E PROXECTOS.**
- **DON ALEJANDRO SÁNCHEZ-BRUNETE VARELA, DELEGADO DA ÁREA DE SEGURIDADE E MOBILIDADE.**
- **DONA MARÍA JOSÉ CORRAL LÓPEZ, DELEGADA DA ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS.**
- **DON JOSÉ MARÍA ROSENDE RICO, DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO RURAL E RELACIÓNS VECIÑAIS.**

- **DONA MARÍA ÁNGELES ANTÓN VILASÁNCHEZ, DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA E PATRIMONIO.**
- **DON ÁNGEL CURRÁS FERNÁNDEZ, DELEGADO DA ÁREA DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

2.- *A competencia sinalada no artigo 127.1.e) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, na concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, coa excepción do outorgamento das licenzas de obras maiores.*

- A competencia sinalada na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, no que respecta a concesións e autorizacións para o aproveitamento especial dos bens de dominio público así como o seu uso privativo, cando a ocupación se efectúe unicamente con instalacións desmontables ou bens mobles e cunha duración ou uso non superior a un ano, nos concelleiros delegados de Desenvolvemento Urbano e Sostible e de Seguridade e Mobilidade, nas materias correspondentes as súas respectivas áreas de actividade e responsabilidade.

E, así mesmo, na concelleira delegada da Área de Desenvolvemento urbano e sostible:

- A competencia sancionadora en materia de infraccións que se cometan contra a Ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería.*
- A competencia sancionadora en materia de infraccións que se cometan contra a Ordenanza reguladora da publicidade e rotulación.*
- A competencia no que respecta ás autorizacións e cesión de uso de bens municipais outorgadas en precario nas materias correspondentes a súa respectiva área de actividade e responsabilidade, así como a competencia para formular solicitudes de cesións de bens a favor do Concello.*

- De acordo co artigo 127.1.l) a competencia sancionadora en materia de infraccións da normativa de protección contra o ruído e contra a contaminación acústica, así como as infraccións que se cometan contra a Ordenanza xeral municipal, reguladora da emisión e recepción de rúidos, vibracións e condicións dos locais ou normativa que a complementa ou substitúa.

- A concesión de licenzas e autorizacións en materia do cemiterio municipal de Boisaca.

- O outorgamento de licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos.

3.- *No concelleiro delegado da Área de Facenda, a competencia sinalada na letra g) do artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, no relativo ao desenvolvemento da xestión económica, incluíndose entre outras as que se indican de seguido:*

- O recoñecemento dos dereitos xenerados no desenvolvemento da xestión económica.

- A xestión dos ingresos municipais que inclúe:

a) Aprobación de liquidacións e recibos, tanto de ingresos públicos como de dereito privado.

- b) A súa anulación.*
 - c) A resolución dos recursos que se presenten contra os mesmos.*
 - d) A concesión de aprazamentos e fraccionamentos.*
 - e) A resolución das peticións de suspensión dos procedementos de cobro.*
 - f) A aprobación das devolucións de ingresos indebidos.*
 - g) Os restantes actos en materia de xestión, liquidación, inspección e recadación municipal que non sexan competencia doutros órganos.*
- A cancelación de Avais e Fianzas, dentro do ámbito da súa competencia.*

4.- No concelleiro delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública as seguintes competencias:

- Nomeamento de persoal funcionario e laboral e o seu cese.*
- A aprobación das bases de convocatoria de selección e provisión de postos de traballo do persoal funcionario e laboral.*
- A declaración das situacións administrativas do persoal funcionario e laboral.*
- As competencias relativas á xestión de persoal que se conteñen nas letras g) e h) do artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, con excepción de:*
 - A aprobación da relación de postos de traballo, das retribucións do Persoal, da Oferta de Emprego Público, da determinación do número e do réxime do Persoal eventual e da separación do servizo dos funcionarios.*
 - A aprobación da realización de horas extraordinarias estruturais e as gratificacións por servizos extraordinarios efectuados fóra da xornada de traballo.*
 - A distribución individualizada do complemento de produtividade.*

5.- No concelleiro delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública, con competencias, entre outras, en Contratación, o requirimento ao licitador que teña presentada a oferta económica máis vantaxosa (ou ao licitador seguinte no caso de incumprimento do requirimento sinalado), para que dentro do prazo que se estableza legalmente, presente a documentación á que se fai referencia na lexislación de Contratos do Sector Público.

6.- No concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, a concesión de licenzas e autorizacións relativas a transporte público, dentro da xestión ordinaria do departamento, no seu ámbito de competencia.

A delegación de competencias comprenderá as facultades de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

Todas estas delegacións enténdense efectuadas, salvo que por lexislación específica as competencias delegadas estean atribuídas a outro órgano municipal.

Nas notificacións das resolucións que diten os respectivos concelleiros delegados, farase constar esta circunstancia, de conformidade co que dispón o artigo 13.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP e PAC).

Esta delegación terá efectos dende a data de adopción do acordo correspondente.”

- Acordo do 14 de agosto de 2014:

“2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO CONCELEIRO DE RÉXIME INTERIOR E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

Dase conta e lectura á Xunta de Goberno Local dunha proposta da Alcaldía de data 6 de agosto de 2014 do seguinte tenor literal:

**“PROPOSTA ALCALDÍA PARA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
ASUNTO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

VISTO o art.127.1.h da Lei 7/85, 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local no que se atribúe á Xunta de Goberno as retribucións do persoal do acordo co orzamento aprobado.

VISTO o art.127.1.j da Lei 7/85, 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local no que se atribúe á Xunta de Goberno o exercizo das accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia.

VISTO que a Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, atribúe á Xunta de Goberno Local todas as competencias en materia de Contratación, nos Concellos de Gran Poboación.

CONSIDERANDO que de acordo co art. 127.2 da Lei 7/85 a Xunta de Goberno Local as devanditas competencias poderán ser delegadas nos Tenentes de Alcalde, nos demais membros da Xunta de Goberno Local, no seu caso, nos demais concelleiros, nos coordinadores xerais, directores xerais u órganos similares.

Por médio da presente,

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro:- Delegar no Concelleiro de Réxime Interior e Administración Pública, D. Manuel Martínez Varela, as competencias de:

-resolucións sobre propostas de representación e defensa xudiciais emanados da Asesoría Xurídica.

-todos os actos administrativos de trámite en materia de contratación administrativas (notificacións, publicacións, sinaturas para boletins oficiais, etc.)

-resolucións sobre aprobación de retribucións de persoal que non sexa fixas na súa cuantía nin periódicas no seu devengo.

Segundo:- Notificar o presente acordo ós Servizos afectados, así como ó Concelleiro interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro:- Dar conta do presente acordo ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que celebre.”

Visto o informe emitido con data 7 de agosto de 2014 polo Secretario Xeral do Pleno-Director da Asesoría Xurídica, que se transcribe a continuación:

“INFORME SECRETARÍA XERAL DO PLENO-ASESORÍA XURÍDICA
ASUNTO: DELEGACION DE COMPETENCIAS DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN CONCELEIRO
DELEGADO DE RÉXIME INTERIOR E PERSOAL

Solicitado informe xurídico a esta Secretaría, sobre o asunto de referencia, analizadas a lexislación e xurisprudencia aplicables ao caso concreto, en cumprimento do disposto non art. 54 do Texto Refundido polo cal se aproban as disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local de 18 de Abril de 1986, art. 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1986, art. 3 do RD 1174/87, de 18 de Setembro, polo cal regúlase ou Réxime Xurídico dous Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal, art. 122.5º e) da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 39.1. 4 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, ou funcionario que subscribe ten a honra de emitir o seguinte:

I

ANTECEDENTES DE FEITO:

Proposta de Alcaldía de data 6 de agosto de 2014 do seguinte tenor literal:

“VISTO o art.127.1.h da Lei 7/85, 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local no que se atribúe á Xunta de Goberno as retribucións do persoal do acordo co orzamento aprobado.



VISTO o art.127.1.j da Lei 7/85, 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local no que se atribúe á Xunta de Goberno o exercizo das accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia.

VISTO que a **Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público**, atribúe á Xunta de Goberno Local todas as competencias en materia de Contratación, nos Concellos de Gran Poboación.

CONSIDERANDO que de acordo co **art. 127.2 da Lei 7/85** a Xunta de Goberno Local as devanditas competencias poderán ser delegadas nos Tenentes de Alcalde, nos demais membros da Xunta de Goberno Local, no seu caso, nos demais concelleiros, nos coordinadores xerais, directores xerais u órganos similares.

Por médio da presente,

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro:- Delegar no Concelleiro de Réxime Interior e Administración Pública, D. Manuel Martínez Varela, as competências de:

- resolucións sobre propostas de representación e defensa xudiciais emanados da Asesoría Xurídica.
- todos os actos administrativos de trámite en materia de contratación administrativas (notificacións, publicacións, sinaturas para boletins oficiais, etc.)
- resolucións sobre aprobación de retribucións de persoal que non sexa fixas na súa cuantía nin periódicas no seu devengo.

Segundo:- Notificar o presente acordo ós Servizos afectados, así como ó Concelleiro interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro:- Dar conta do presente acordo ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que celebre.”

II

LEGISLACIÓN APLICABLE:

- Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.

III

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:



A Xunta de Goberno Local é o órgano que, baixo a presidencia do alcalde, colabora de forma colexiada na función de dirección política que a este corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas atribuídas pola lei.

Corresponde ao alcalde nomear e separar libremente aos membros da Xunta de Goberno Local, cuxo número non pode exceder dun terzo do número legal de membros do pleno, ademais do alcalde.

Os membros da xunta de goberno local poden asistir ás sesións do pleno e intervir nos debates, sen prexuízo das facultades que corresponden ao seu presidente.

O alcalde e os membros da xunta de goberno local teñen a consideración de órganos superiores nos municipios de gran poboación. Como tales quedan sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/84 e noutras normas estatais ou autonómicas que resulten de aplicación.

Na reforma operada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, da Lei 7/85 a reforzada xunta de goberno local substitúe á comisión de goberno, dotada de amplas funcións de natureza executiva, e constitúese como un órgano colegiado esencial de colaboración na dirección política do concello.

Esta xunta de goberno local presentou como novidade que ata un terzo, como máximo, dos seus membros, excluído o alcalde, poden ser persoas que non ostenten a condición de concelleiras, reforzando así o perfil executivo deste órgano, seguindo o modelo legal europeo de goberno local, deseñado nos seus aspectos esenciais na Carta Europea da Autonomía Local que prevé que os órganos electivos colegiados locais poden dispoñer de órganos executivos responsables ante eles mesmos (CEAL art.3.2).

O Tribunal Constitucional anula o art.126.2 da Lei 7/85 que permitía ao alcalde nomear, como membros da xunta de goberno local, a persoas que non ostentasen a condición de concelleiras, sempre que o seu número non superase un terzo dos seus membros, excluído o alcalde. E iso por considerar vulnerado o principio representativo que constitúe o fundamento da autonomía local e xa que logo é predicable de todas as entidades locais constitucionalmente garantidas (TCo 103/2013).

En canto á extensión de efectos desta declaración de inconstitucionalidade e consiguiente nulidade, o Tribunal Constitucional considerou situacións consolidadas non susceptibles de ser revisadas con fundamento nesta sentenza as nadas con anterioridad á data da súa publicación. E todo iso sen prexuízo da liberdade de organización dos concellos do funcionamento da actividade de asesoramiento aos seus órganos de goberno, no marco da lexislación aplicable (TCo 103/2013).

*Segundo o **art. 127 da Lei 7/85** son **funcións da Xunta de Goberno Local**:*

- a. A aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos reglamentos, incluídos os orgánicos), con excepción das normas reguladoras do pleno e as súas comisións.
- b. A aprobación do proxecto de orzamento.
- c. A aprobación dos proxectos de instrumentos de ordenación urbanística cuxa aprobación definitiva ou provisional corresponda ao pleno.
- d. A aprobación dos instrumentos de achaiadura de desenvolvemento da achaiadura xeral, non atribuída expresamente ao pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.
- e. A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial atribúaa expresamente a outro órgano. Pódese delegar o exercicio desta competencia nos tenentes de alcalde, nos demais membros da xunta de goberno local, no seu caso, nos demais concelleiros, nos coordinadores xerais, directores xerais ou órganos similares.
- f. O desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispoñer gastos en materia da súa competencia, dispoñer gastos previamente autorizados polo pleno, e a xestión do persoal. O exercicio destas competencias é delegable nos tenentes de alcalde, nos demais membros da xunta de goberno local, no seu caso, nos demais concelleiros, nos coordinadores xerais, directores xerais ou órganos similares.
- g. Aprobar a relación de postos de traballo, as retribuciónes do persoal, de acordo co orzamento aprobado polo pleno, a oferta de emprego público, as bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo, o número e réxime do persoal eventual, a separación do servizo dos funcionarios do concello, sen prexuízo do previsto para os funcionarios con habilitación de carácter nacional, o despedimento do persoal laboral, o réxime disciplinario e as demais decisións en materia de persoal que non estean expresamente atribuídas a outro órgano. O exercicio destas competencias é delegable nos tenentes de alcalde, nos demais membros da xunta de goberno local, no seu caso, nos demais concelleiros, nos coordinadores xerais, directores xerais ou órganos similares.
- h. O nomeamento e cese dos titulares dos órganos directivos da Administración municipal, sen prexuízo do previsto para os funcionarios con habilitación de carácter nacional.
- i. O exercicio das accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia.
- j. A revisión de oficio dos seus propios actos.
- k. A potestade sancionadora, salvo que por lei estea atribuída a outro órgano. No entanto, pódese delegar o exercicio desta competencia nos tenentes de alcalde, nos demais membros da xunta de goberno local, no seu caso, nos demais concelleiros, nos coordinadores xerais, directores xerais ou órganos similares.
- l. Designar aos representantes municipais nos órganos colegiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, sexa cal for a súa natureza, nos que o Concello sexa partícipe.
- m. Outras funcións que lle correspondan, de acordo coas disposicións legais vixentes.

A Xunta de Goberno local **pode delegar o exercicio das competencias** referidas nos tenentes de alcalde, nos demais membros da xunta de goberno local, no seu caso, nos demais concelleiros, nos coordinadores xerais, directores xerais ou órganos similares, as funcións enumeradas nos apartados e, f, g e h, con excepción da aprobación das RPT, das retribuciónes do persoal, da oferta de emprego público, da determinación do número e réxime do persoal eventual e da separación do servizo dos funcionarios, e l do apartado anterior.

O resto de competencias non son delegables e son, xa que logo, de exercicio obligatorio pola xunta de goberno local.

Corresponde á xunta de goberno local nos municipios de gran poboación de Galicia a imposición das sancións en materia de coordinación de policía locais, por faltas tipificadas na Leya 4/2007, arts.79 a 81.

As competencias da Xunta de Goberno Local que se propoñen delegar no Concelleiro de Réxime Interior son delegables.

Por canto antecede

IV

CONCLUSIÓN:

INFORMASE FAVORABLEMENTE a proposta de Alcaldía de data 6 de Agosto de 2014 e, en consecuencia, formúlase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro:- Delegar no Concelleiro de Réxime Interior e Administración Pública, D. Manuel Martínez Varela, as competencias de:

-resolucións sobre propostas de representación e defensa xudiciais emanados da Asesoría Xurídica.

-todos os actos administrativos de trámite en materia de contratación administrativas (notificacións, publicacións, sinaturas para boletins oficiais, etc.)

-resolucións sobre aprobación de retribucións de persoal que non sexa fixas na súa cuantía nin periódicas no seu devengo.

Segundo:- Notificar o presente acordo ós Servizos afectados, sí como ó Concelleiro interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro:- Dar conta do presente acordo ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que celebre.

E este é ou meu informe que emito segundo ou meu leal saber e entender e que someto a calqueira outro mellor fundado en Dereito sen prexuízo de que tanto ou Sr. Alcalde-Presidente como a Xunta de Goberno Local, ou non seu caso, ou Pleno da Corporación, co seu máis alto criterio acorden ou que estimen oportuno."

A xunta de Goberno Local da Cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:- Aprobar a proposta da Alcaldía transcrita e, en consecuencia, delegar no Concelleiro de Réxime Interior e Administración Pública, D. Manuel Martínez Varela, as competencias de:

- resolucíons sobre propostas de representación e defensa xudiciais emanados da Asesoría Xurídica.

- todos os actos administrativos de trámite en materia de contratación administrativas (notificacións, publicacións, sinaturas para boletíns oficiais, etc.)

- resolucíons sobre aprobación de retribucíons de persoal que non sexa fixas na súa cuantía nin periódicas no seu devengo.

Segundo:- Notificar o presente acordo aos Servizos afectados, así como ao Concelleiro interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro:- Dar conta do presente acordo ao Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que celebre.”

- Acordo do 5 de setembro de 2014:

“NÚMERO 7 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA RELATIVA Á CONCRECIÓN DO ACORDO DO PUNTO 2 DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14 DE AGOSTO 2014.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local dun informe-proposta, de data 1 de setembro de 2014, do Vicesecretario, conformado coa mesma data polo Concelleiro Delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública do seguinte teor literal:

“INFORME –PROPOSTA RELATIVO A CONCRECIÓN DO ACORDO DO PUNTO 2 DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14 DE AGOSTO 2014, RELATIVO A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO CONCELLEIRO DE RÉXIME INTERIOR E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Tendo en conta o acordo sinalado no punto 2 da sesión da Xunta de Goberno Local citada, onde se indica, entre outros:

Primeiro:- *Delegar no Concelleiro de Réxime Interior e Administración Pública, D. Manuel Martínez Varela, as competencias de:*

....-todos os actos administrativos de trámite en materia de contratación administrativas (notificacións, publicacións, sinaturas para boletíns oficiais, etc.)

Segundo:- *Notificar o presente acordo aos Servizos afectados, así como ao Concelleiro interesado para o seu coñecemento e efectos.*

Considerando que no campo das delegacións a concreción supón unha maior seguridade xurídica e é unha ferramenta útil para operador xurídico, manténdose a proposta citada e o informe que lle serve de base.



Proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro:- Concretar as Delegacións do Concelleiro de Réxime Interior e Administración Pública, D. Manuel Martínez Varela, no senso de entender delegado a sinatura dos contratos.

Segundo:- Notificar o presente acordo aos Servizos afectados, así como ao Concelleiro interesado para o seu coñecemento e efectos.”

Enterados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela accorde por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:- Concretar as Delegacións do Concelleiro de Réxime Interior e Administración Pública, D. Manuel Martínez Varela, no senso de entender delegado a sinatura dos contratos.

Segundo:- Notificar o presente acordo aos Servizos afectados, así como ao Concelleiro interesado para o seu coñecemento e efectos.”

13. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DA COMPETENCIA SANCIONADORA E TRAMITACIÓN DE ASUNTOS ORDINARIOS DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE.
--

Dase conta ao pleno dos seguintes decretos da Alcaldía:

- Decreto da Alcaldía de data 23 de xullo de 2014:

“En virtude das facultades que me confire o artigo 124.4.ñ e 124.5 da Lei 7/85, reguladora das bases do Réxime Local, de 2 de abril, e demais normativa concordante,

RESOLVO

Delegar a competencia sancionadora das infraccións cometidas nas materias de Licenzas, Disciplina Urbanística, Vivenda, Rehabilitación, Planeamento, Xardíns, Servizos Municipais (auga, saneamento, lixo), Cemiterios, Brigada de Obras, Servizo de mantemento de pavillóns, colexios e garderías, Sanidade e Medio Ambiente, na concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, **DONA TERESA GUTIÉRREZ LÓPEZ.**

A delegación de competencias comprenderá a facultade de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

Do presente decreto, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase á interesada. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro).”

- Decreto da Alcaldía de data 9 de setembro de 2014:

“Co fin de conquistar unha maior eficacia administrativa e potenciando as labores de coordinación que corresponde aos órganos directivos, e en base ás competencias outorgadas a esta alcaldía no art. 124 da Lei reguladora das bases do réxime local, Lei 7/85, de 2 de abril, e artigo 33 do Regulamento Orgánico de goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela,

RESOLVO:

Delegar no Director da Área xurídica de Desenvolvemento Urbano Sostible DON JOSÉ ÁNGEL OREIRO ROMAR, a tramitación dos asuntos ordinarios de dita Área que lle poidan corresponder por razón do seu cargo. Esta competencia comprenderá expresamente a posibilidade de preparación de escritos e comunicacións a outros órganos administrativos ou a particulares, ditos escritos así asinados serán rexistrados a efectos de saída como documentos municipais.

Deste decreto que entrará en vigor no día da súa sinatura, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase ao interesado e así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia a efectos de xeral coñecemento e de acordo ao artigo 15 do Regulamento Orgánico do Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela.”

14. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas ditadas dende o 2 ata o 31 de xullo 2014 (núms. 4742 ao 5324).

Así mesmo, dáse tamén conta das seguintes actas da xunta de goberno:

- Acta sesión ordinaria do día 18 de xullo de 2014 (Núm. 43).
- Acta sesión ordinaria do día 23 de xullo de 2014 (Núm. 44).
- Acta sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2014 (Núm. 45).
- Acta sesión ordinaria do día 6 de agosto de 2014 (Núm. 46).
- Acta sesión ordinaria do día 14 de agosto de 2014 (Núm. 47).
- Acta sesión ordinaria do día 22 de agosto de 2014 (Núm. 48).
- Acta sesión extraordinaria do día 26 de agosto de 2014 (Núm. 49).
- Acta sesión ordinaria do día 29 de agosto de 2014 (Núm. 50).

15. ROGOS E PREGUNTAS.

15.1. ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.-

15.1.1. ROGOS BNG.-

1. Rexistro de entrada do día 10 de setembro de 2014, núm. 186, solicitando que o concello para que o concello se rexistre e active no dominio .gal.

O Sr. **Vilar González, concelleiro do grupo municipal do BNG**, expón que o sentido deste rogo é que o concello se sume ao .gal. Trátase dun dominio de Internet operativo na rede dende o pasado 25 de xullo. O .gal é unha marca, un sufixo na terminoloxía dos promotores que singulariza a presenza de contidos galegos en sentido amplo na rede, un dominio propio para a comunidade humana galega, lingüística e cultural. Así, o valor é promover a difusión e facer visible a nosa lingüa e cultura, ademais de situar o noso país no mapa das comunicacións por Internet con carácter universal.

O 25 de xullo fixéronse operativos os primeiros 93 dominios .gal, dentro do que se denominou “o programa pioneiros” promovido pola asociación .gal, unha asociación sen ánimo de lucro implicada en promover este dominio e promover a existencia deste na rede.

No BNG, lamentan que neses primeiros 93 dominios non estivese o do Concello de Santiago de Compostela xunto con outras institucións, partidos, entidades, empresas, a Xunta, o Parlamento, as tres universidades ou o Partido Popular de Galicia. Neste sentido, entende que este concello aínda está a tempo de sumarse.

Dende o martes pasado está aberta a segunda fase para a solicitude dos dominios .gal, no que as administracións públicas teñen dereitos preferentes. Esa fase vaise prolongar durante dous meses, ata o 25 de novembro, polo que non hai escusas para non mudar o dominio do concello ao dominio da rede www.santiagodecompostela.gal e tamén os das demais entidades de ámbito municipal, a pesar de que o custo dun dominio de Internet na rede para unha administración pública debe andar polos 50 euros anuais.

O Sr. **Martínez Varela, concelleiro do grupo municipal do PP**, resposta que o grupo de goberno xa iniciou os trámites para a rexistrar e activar o dominio institucional do concello dentro da fase abrente, que remata para as administracións públicas o 25 de novembro.

Asemade, tendo en conta o traballo que está a levar a cabo a asociación .gal, e o éxito que tivo de promoción e difusión dentro da primeira fase, a fase pioneiros, espérase que na fase abrente se supere. Neste momento, considérase que, para os puntos segundo e terceiro do rogo se precisa un plan local de promoción cunha liña extraordinaria de axudas.

2. Rexistro de entrada do día 19 de setembro de 2014, núm. 198, solicitando que se anule a sanción imposta a un gandeiro da Sionlla.

A **Sra. Cienfuegos López, concelleira do grupo municipal do BNG**, manifesta que o goberno municipal de Santiago de Compostela, ven de sentar un precedente tan inaudito como inaceptable: notificar unha sanción de 750 euros a un gandeiro por ensuciar as súas vacas unha vía rural en zona de concentración parcelaria, no seu paso do prado ás instalacións.

As concentracións parcelarias fixéronse para aumentar as dimensións das parcelas agrarias e dotalas de vías para o traslado da maquinaria agrícola e animais, o que non exclúe o seu uso por vehículos e viandantes.

Santiago de Compostela foi declarada zona de especial interese agrario pola Xunta de Galicia que, en liña coas directrices europeas, promove a gandería extensiva, ou semiextensiva que implica o traslado periódico dos animais, co que iso poida derivar.

O movemento dos animais do gandeiro notificado de sanción non se produce por vías urbanas, senón por vías en zonas de concentración parcelaria onde, ademáis doutro tipo, existen solos en ordenanza 16, é dicir, de protección agropecuaria.

Nese sentido, o BNG considera que non está xustificada a sanción e coa súa proposta respóndese a unha concepción do concello que non recoñece a actividade agrogandeira, xa que a penaliza aplicándolle normas propias do medio urbano, onde se adaptan á frecuencia e ás características da limpeza viaria, á concentración da poboación e aos usos das vías.

A actividade agrogandeira é un sector estratéxico para Galicia e, a pesar de estar en continuado descenso, ocupaba en Santiago no ano 2012 máis de 700 persoas a tempo completo á vez que contaba con 5.708 cabezas segundo os datos do IGE do ano 2012.

En suma, rógase que o concello apoie ao sector e proceda de inmediato á retirada da sanción que responde á aplicación dunha normativa concebida para o medio urbano e que no rural supón un golpe máis á actividade agrogandeira que vería aumentada a súa vulnerabilidade fronte aos intereses dos que viven no rural, pero que teñen abandonado ou nunca se dedicaron á actividade agrogandeira.

A **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e concelleira delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible**, comenta que, en primeiro lugar, sinala que existe un procedemento administrativo sancionador en tramitación e que a concelleira non pode retirar sancións pola súa propia vontade. Os procedementos sancionadores están reglados e resólvense única e exclusivamente en base a criterios

técnicos e xurídicos, dando lugar á aplicación mecánica da lei, sen que poida haber interferencias políticas nun ou noutro sentido.

En segundo lugar, non existe ningunha sanción imposta, tan só un procedemento aberto, no que o interesado pode aportar as alegacións e probas que considere procedentes na súa defensa, na defensa dos seus dereitos e no apoio das súas pretensións. A este respecto, cabe afirmar que ninguén pode anticipar o resultado dun procedemento sancionador, o que suporía menoscabar a función do instrutor que corresponde aos funcionarios e non aos políticos.

En relación ao tipo de vía no que se produciron os feitos, di que o vixente Plan xeral de ordenación municipal aprobado polo goberno anterior indica que se trata dunha vía tipo 3, estrada rexional ou comarcal. Así mesmo, no plano do plan de ordenación e de acordo coas liñas oficiais, esta vía ten un ancho previsto de 21 metros, superando as dimensións ordinarias dunha vía pecuaria ou de pista de concentración parcelaria. En calquera caso, é un procedemento que está en tramitación e se resolverá en base aos criterios dos técnicos e non por indicación de ningún político deste concello.

3. Rexistro de entrada do día 19 de setembro de 2014, núm. 199, solicitando que se vele polo mantemento da Rocha Forte.

O Sr. Vilar González, concelleiro do grupo municipal do BNG, comenta que o rogo está motivado polo estado, pola imaxe de certo abandono e de descoido do Castelo da Rocha, un espazo histórico-patrimonial singular declarado BIC, ben de interese cultural.

Nos últimos tempos pódese observar como está invadido pola vexetación, tanto a zona excavada como a súa contorna, o que dificulta a visión global desta actuación arqueolóxica.

Fai seis meses, en marzo, o BNG presentou unha iniciativa diante do pleno destinada á posta en valor do Castelo da Rocha, por ser un referente da Compostela medieval e polas referencias das loitas irmandiñas. Constatouse que había un descoñecemento, tanto nos santiagueses como nos visitantes e no resto do país da existencia desta fortaleza. Polo tanto, estaba desaproveitado, máxime despois de facer intervencións arqueolóxicas, tales como a última, na se investiron un millón de euros.

Aínda que esa posta en valor é unha materia pendente, o grupo nacionalista demanda un programa de visitas guiadas, novos materiais divulgativos e unha sinalización complementaria. Neste sentido, o goberno municipal falou da existencia dun anteproxecto básico de acondicionamento que contemplaba: itinerarios de visita, medidas de seguridade, construción de área de aparcamento, acondicionamento do



camiño de acceso dende o núcleo da Rocha Vella e algunha cuestión máis. Sen embargo, o BNG non coñece ningún anteproxecto de acondicionamento.

Polo tanto, o sentido do rogo é demandar ese plan de acondicionamento, partindo da preocupación sobre o estado de descoido, abandono e desleixo que hoxe hai alí.

Ao mesmo tempo, é preciso unha adecuada sinalización, pois na actualidade son inexistentes as indicacións para chegar dende o centro da cidade á Rocha, onde está situado o emprazamento. Tamén débese dar continuidade ao seu coñecemento con visitas guiadas, etc.

A Sra. Antón Vilasánchez, concelleira do grupo municipal do PP e concelleira delegada de Área de Cultura e Patrimonio, resposta que en canto á eliminación da maleza do Castelo da Rocha, informa que o 8 de setembro realizouse o desbroce da vexetación nos terreos que rodean o castelo baixo a vixilancia e supervisión da arqueóloga municipal para evitar calquera tipo de problema co xacemento.

Neste momento, estase a tramitar un proxecto de conservación, limpeza e mantemento dos espazos interiores que debe realizarse por empresas especializadas nestes traballos, debido á sensibilidade do ben de que se trata.

Ao mesmo tempo, informa que se están a tramitar os expedientes administrativos precisos para contratar os proxectos que abordarán as cuestións que mencionou, concretamente dos espazos exteriores do castelo. O obxectivo é permitir a integración paisaxística co seu entorno inmediato, a recuperación da capa vexetal no contorno do xacemento, o novo plan de acción de material vexetal autóctono, etc.

Tamén se está a traballar na recuperación do antigo camiño de conexión co núcleo da Rocha e a torre mirador, complemento á visita do xacemento que axudará á comprensión do castelo e do seu territorio.

Finalmente, no que se refire ao exterior di que se está a traballar no expediente de expropiación, pendente do trámite da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia para poder tralo ao pleno. A súa aprobación, permitirá abordar as expropiacións necesarias para acometer outras intervencións no exterior.

Con respecto á divulgación indica que esas visitas guiadas puxéronse en marcha durante os meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro deste ano. Ata onte houbo visitas guiadas. O total da participación, nos meses de maio e xuño, foi principalmente de centros escolares do Concello de Santiago con 57 participantes; asociacións e colectivos culturais con 293 participantes, e público en xeral de 640 participantes, o que acada unhas visitas de preto de mil persoas nestes meses. Tralo comezo do curso



escolar vaise reforzar esta campaña nos centros a través das visitas guiadas. Así mesmo, entrarán en circulación as facilidades que dá o concello para achegarse e visitar o Castelo da Rocha.

O compromiso do concello coa recuperación patrimonial municipal é claro. O vindeiro ano nos orzamentos do concello haberá unha partida específica destinada á recuperación e á posta en valor do Castelo da Rocha.

15.1.2.PREGUNTAS BNG (para ser contestadas por escrito ó abeiro do dsiposto no artigo 107 do Regulamento Orgánico do Pleno).-

- 1. Rexistro de entrada do día 30 de xullo de 2014, núm. 167 (para a súa resposta por escrito), relativa ao desaloxo dunha familia de Aríns da súa vivenda.**
- 2. Rexistro de entrada do día 18 de agosto de 2014, núm. 175 (para a súa resposta por escrito), en relación ao uso do galego por parte da empresa concesionaria da cafetería da Alameda.**
- 3. Rexistro de entrada do día 5 de setembro de 2014, núm. 184 (para a súa resposta por escrito), en relación ao tránsito dos animais das explotacións gandeiras polas vías municipais procedentes das concentracións parcelarias.**
- 4. Rexistro de entrada do día 8 de setembro de 2014, núm. 185 (para a súa resposta por escrito), en relación á retirada da marquesiña da parada do autobús situada na entrada do Parque Eugenio Granell.**
- 5. Rexistro de entrada do día 12 de setembro de 2014, núm. 188 (para a súa resposta por escrito), en relación ás antenas de telecomunicacións instaladas na cidade.**
- 6. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2014, núm. 191 (para a súa resposta por escrito), en relación á urbanización do SUNP-31 de San Marcos.**

15.2.ROGOS E PREGUNTAS DO PSdeG-PSOE.-

15.2.1.ROGOS PS DE G-PSOE.-

- 1.Rexistro de entrada do día 17 de setembro de 2014, núm. 193, referente á instalación dunha marquesiña e panel de información electrónico na parada de autobús da Praza da Nosa Señora da Mercé de Conxo.**

O Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do Ps de G-Psoe, expón que se trata da reiteración dun rogo. Dende fai máis dun ano e dende o traslado da



parada de autobús das liñas 12, 5 e C-4 do número 77 da Avda. de Ferrol e a Praza da Nosa Sra. da Mercé, os veciños e veciñas desa praza, os da Avda. de Ferrol, os da rúa Sánchez Freire, así como os de Conxo de Abaixo-Volta do Castro, deben esperar á chegada do bus urbano sen ningunha protección ante as inclemencias metereolóxicas.

Dito traslado non é obxecto de crítica pero motivou a eliminación da marquesiña e non se instalaron paneis coa referente información relativa aos horarios do autobús e ao percorrido.

É importante a instalación dunha marquesiña nesta parada para que a xente poida resgardarse do vento, do frío e da chuvia, e que a xente maior poida esperar sentada como noutras paradas de autobús da cidade.

A ausencia de marquesiñas, ademáis, deixa desamparados aos usuarios e reduce a calidade do servizo. Tamén resulta necesario que a marquesiña conte cun panel informativo electrónico que ofrezca toda a información referente ao servizo de autobús e ao tempo estimado de chegada dos autobuses, porque os horarios non seguen unha pauta fácil de memorizar, algo indispensable no transporte público para facelo fiable. Deste xeito, ao final do día, ao ter percorridos extensos, as frecuencias dos autobuses dilátanse no tempo, especialmente o C-4.

O Sr. Sánchez-Brunete Varela, concelleiro do grupo municipal do PP e concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, resposta que os orzamentos tanto do concello como da sociedade municipal TUSSA son limitados e hai que priorizar. Instalar un poste electrónico dende o punto de vista da racionalidade económica non é sinxelo, porque por alí pasan ou collen o autobús unha media de 1,5 persoas por expedición. Eses son os datos que se manexan, de xeito que o poste electrónico non entraría dentro das prioridades. A respecto da marquesiña, aproveitouse o soportal dun edificio. Neste momento a xente fai a espera nos sorportais e sería posible colocar un banco aproveitando a propia infraestrutura. En todo caso, di que toma nota da petición, aínda que non garante que forme parte das prioridades.

2. Rexistro de entrada do día 19 de setembro de 2014, núm. 197, solicitando que se proceda de inmediato á retira do cableado da iluminación das festas do Apóstolo.

O Sr. Baqueiro Canabal, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, comenta que os concelleiros socialistas integrantes da Comisión Asesora do casco histórico, na xuntanza celebrada o pasado 8 de agosto, solicitaban ao goberno a retirada do cableado da iluminación das festas do Apóstolo das rúas da Senra, Xoán Carlos I, Porta Faxeira e Paseo Central da Alameda.

O día 9 de setembro, á vista de que non foi atendida a súa petición, no ámbito da mesma comisión volveron a reiterar que se procedera á retirada do cableado das mencionadas rúas, así como as caixas de distribución eléctrica que permanecían aínda colgadas nas árbores ao alcance de moitas persoas no paseo central da Alameda.

Ante a desidia do goberno e as diferentes queixas dos usuarios da alameda, fixeron este rogo que a día de hoxe e despois de pasar case dous meses das festas do Apóstolo, foi atendido en parte. Retiráronse as caixas que estaban colgadas nas árbores do Paseo Central da Alameda, así como o cableado das rúas da Porta Faxeira, Juan Carlos I, e a Senra, quedando cableado nunha parte no paseo e no paseo dos Leóns.

Agarda que nas próximas festas do Nadal, trala súa finalización, se retiren de inmediato, xa que o cableado dentro do ámbito do casco histórico afea bastante á cidade, que é patrimonio da humanidade.

A Sra . **Antón Vilasánchez, concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Cultura e Patrimonio**, resposta que á vista das comunicacións do Sr. Baqueiro ao respecto nas reunións da comisión do casco histórico, ela pediulle á empresa adjudicataria que fai o servizo, que procedese á retirada de todo o cableado da iluminación das festas en reiteradas ocasións, máis de tres, pero di que lamentablemente non é fácil nin sinxelo romper cunha inercia e cuns hábitos adquiridos a través do tempo. Aínda así, en futuras ocasións di que se procederá con moita máis contundencia nos requirimentos.

15.2.2.PREGUNTAS PS DE G-SPOE (para ser contestadas por escrito ó abeiro do disposto no artigo 107 do Regulamento Orgánico do Pleno).-

1. Rexistro de entrada do día 31 de xullo de 2014, núm. 168 (para a súa resposta por escrito), relativa a se se asinou algún convenio cos hostaleiros da Praza da Quintana.

2.-Rexistro de entrada do día 11 de setembro de 2014, núm. 187 (para a súa resposta por escrito), relativa a se foi presentado no rexistro xeral pola empresa TULAGO, S.L.U o proxecto modificado para a execución de actuacións e mellora da seguridade vial e o tráfico rodado nas rúas Galeras e Domingo García Sabell.

Antes de comezar o seguinte punto, toma a palabra o **Sr. Rama Seoane, concelleiro do grupo municipal do Ps de G-Psoe**, para realizar unha precisión en base ao artigo 67 do Regulamento Orgánico do Pleno e di que o Sr. alcalde saltouse as preguntas por escrito.



Dende o grupo municipal socialista queren indicar que levan tempo sen contestar ás mesmas. Recoñece que poden resultar bastante complexas, pero para iso están na oposición e deben ser contestadas. Hai exactamente 22 preguntas, e 36 solicitudes de información sen contestar 36, algunhas dende o ano 2012.

Polo tanto, prégalle ao señor alcalde que ordene que se lles remitan as contestacións o antes posible.

A este respecto, o **Sr. Alcalde-presidente** di que toma boa nota e indica que se fará o posible por contestar esas preguntas feitas por escrito.

16. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

16.1. MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

O **Sr. alcalde-presidente** dá paso, en primeiro lugar, á moción presentada polo grupo municipal socialista do Concello de Santiago para solicitar ao goberno o impulso do ARI de Pontepedriña do seguinte tenor literal na súa parte dispositiva:

1. Rexistro de entrada do día 28 de agosto de 2014, núm. 181, solicitando o impulso do ARI de Pontedriña.

“Téndose declarado Área de Rehabilitación Integral (ARI) o barrio de vivendas sociais de Pontepedriña (Grupos Cardenal Quiroga e Compostela) o 22 de febreiro de 2010 e tras ser asinados dous convenios entre as tres administracións (Concello de Santiago, Comunidade Autónoma e Estado) o 29 de abril de 2011 e o 14 de maio de 2012 a situación da rehabilitación das vivendas deste ámbito é de parálise.

Desde que se asinou o último convenio non se ten dado ningún paso adiante e o Plan de vivenda está tamén parado a súa publicación o 10 de abril de 2013.

Sabemos que se teñen tramitado axudas para a realización de obras en varios edificios do ámbito da declaración da ARI relativas á rehabilitación de fachadas, cubertas e traballos de carpintería. Porén, estas obras que se levaron a cabo non entraron no problema máis grave do barrio: o de accesibilidade ás vivendas, que conleva o illamento dos veciños e vecinas de maior idade. É preciso facer os estudos pertinentes neste sentido e non limitarse só a tramitar axudas para arranxar problemas menores.

Por todo o anteriormente exposto é polo que

SOLICITAMOS

- Saber o ni vel de execución dos convenios.



- Que se busquen solucións de accesibilidade ás vivendas, do mesmo xeito que se fixo no ARI de Vista Alegre.” .

A **Sra. Rosón Ferreiro, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, procede a defensa da urxencia da moción:

Antes de nada, saúda aos veciños de Pontepedriña, que di levan agardando toda a tarde.

O día 27 de agosto deste ano 2014, dende o PsdeG-PSOE presentouse unha moción solicitando ao goberno municipal o impulso da área de rehabilitación integral de Pontepedriña en xeral, e da mellora da accesibilidade das vivendas en particular.

Foi en febreiro de 2009 cando se declarou a área de rehabilitación integral no barrio de Pontepedriña, nas vivendas sociais de Pontepedriña, nos grupos Cardenal Quiroga e Compostela. Tras asinarse os dous convenios entre as tres administracións, Concello de Santiago, Comunidade Autónoma e o Estado, o 29 de abril do ano 2011 e o 14 de maio de 2012, a situación da rehabilitación das vivendas neste ámbito é de parálise.

Dende que se asinou o último convenio, non se ten dado ningún paso adiante, e o plan de vivenda está tamén parado dende a súa publicación en abril do pasado ano.

É certo que dende que se presentou esta moción, houbo unha nova: asinouse entre a Ministra de Fomento e o Presidente da Xunta un convenio que pon en marcha o plan estatal de vivenda 2013-2016 a principios deste mes de setembro. Unhas semanas antes, o Consello de Ministros autorizaba a suscripción da colaboración entre Fomento e as Comunidades Autónomas e uns días despois produciuse un encontro para a sinatura deste convenio.

Dende que se asinaron os dous anteriores, asinouse o convenio entre as dúas administracións, pero non se asinou cos concellos, unha singularidade que nas outras ocasións se plantexaba entre as tres administracións.

Enténdese que aínda faltan trámites importantes. A Comunidade Autónoma ten que facer e aprobar un decreto que posibilite a xestión destas axudas, pois a súa xestión non vai ser inmediata. Tal e como afirmou o Presidente da Xunta, haberá que esperar pola xestión desas axudas.

Tramitáronse axudas para a realización de obras en varios edificios do ámbito da declaración da área de rehabilitación integral relativas á rehabilitación de fachadas, de cubertas, de carpinterías, e de elementos comúns dos edificios, pero estas obras non

entraron no problema máis grave do barrio, o da accesibilidade ás vivendas, que conleva o illamento dos veciños e veciñas de maior idade.

Tal e como se fixo na outra ARI, a primeira de rehabilitación integral que houbo en Galicia que foi a de Vista Alegre, é imprescindible facer un estudo minucioso da situación social na que se atopa neste momento o barrio e plantexar un estudo que resolva eses problemas de accesibilidade.

A administración non pode limitarse a tramitar as axudas para arranxar problemas que non sendo menores, non son tan graves como os da accesibilidade.

Por iso, é unha necesidade de urbanismo social que vai máis aló da perspectiva técnica. Así, ínstase a darlle un impulso a este ARI, coñecendo as necesidades das familias e as intervencións concretas.

Sinala que a realidade de Pontepedriña é socialmente complicada. A situación das familias é vulnerable polo que se roga que se faga un esforzo, tal e como se leva feito durante moitos anos, en materia de rehabilitación. Pídese que se lle dea impulso, que se coñeza o nivel de execución de convenios, e que se busquen esas solucións de accesibilidade ás vivendas.

Trala exposición da señora Rosón Ferreiro, o **Sr.alcalde-presidente** da paso á **votación da urxencia** co seguinte resultado:.

Votos a favor: 25 (13 PP, 9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade do número legal de membros da Corporación a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal socialista do Concello de Santiago para solicitar ao goberno o impulso do ARI de Pontepedriña.

Seguidamente, o Sr.alcalde-presidente indica o comezo do debate sobre o contido da moción, e a apertura do primeiro turno de intervencións:

A **Sra. Rosón Ferreiro, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, manifesta que o feito de que todos coincidan en que se debata o contido desta moción é toda unha declaración de intencións. Polo tanto, diante dos veciños deste barrio tan importante de Santiago en plena transformación urbana pide ese impulso que necesita para poder resolverlle as dúbidas a esas persoas, a esas familias cunha situación de importante vulnerabilidade, tanto económica, como de idade. A administración, que conta cunhas



ferramentas importantísimas a nivel de recursos humanos e técnicos, debe ser quen de facelo, tal e como xa se fixo noutros ámbitos da cidade.

O Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG, comenta que ao igual que a señora Rosón, congratúlase de que o grupo municipal do Partido Popular votara a favor da urxencia desta moción, porque a situación que atravesamos este barrio é urxente e os propios veciños llelo trasladan. Unha parte do goberno municipal tamén estivo con eles para abordar outros problemas acuciantes que teñen no barrio. O que está claro é que o estado dalgunhas fachadas das vivendas e en xeral do conxunto das vivendas, é tremendamente calamitoso.

Trátase dunha poboación tremendamente envellecida, cunha capacidade adquisitiva moi limitada. Polo tanto, non vale simplemente con pór a disposición esas posibilidades, hai que facer un traballo intenso de explicación e, sobre todo, de acompañamento a esas familias.

En calquera caso, hai dous proxectos que son moi importantes para o conxunto do concello, tanto o ARI de Vista Alegre, como o ARI de Pontepedriña. Nese sentido, agarda que isto se poida revitalizar e que algúns deses edificios que están nunha situación máis precaria, se poidan abordar o antes posible, porque é un barrio que necesita unha reforma non puntual, senón tremendamente integral e máis aínda co que ten que ver coa conservación e co estado dos propios edificios.

A Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e Delegada do Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, alégrase da presenza dos veciños, porque así a información pode ser comunicada máis directamente.

Os convenios anteriores tiñan unha serie de finalidades: dotar aos inmobles de accesos adecuados para as persoas, accesibilidade, protección fronte aos incendios, adecuar as condicións de ornato e salubridade, estanqueidade ante as choivas, seguridade estrutural, sistemas de evacuación e de chuvias e saneamento axeitado, aforro enerxético, adecuación dos servizos sanitarios e cociñas, correcto funcionamento de instalacións eléctricas, fontanería e demais e, en xeral, todas as encamiñadas a mellorar as condicións de habitabilidade das vivendas, seguridade estrutural e funcionalidade dos edificios.

O presuposto considerado era o presuposto das obras, que incluía tamén honorarios facultativos, IVE, ICIO, taxas por licenza de ocupación pública etc. O único que non incluía eran os gastos financeiros que puideran necesitar os que acceden ás vivendas. A axuda máxima era de 13.300 euros por vivenda e o cálculo do que se financiaba era unha fórmula que tiña en conta a porcentaxe de elementos privativos, o uso futuro (propio ou aluguer), e as condicións socioeconómicas da unidade familiar.

Dende a declaración de ARI houbo dúas fases. Unha con primeira convocatoria que se produciu o 28 de outubro de 2011, cun crédito para axudas de 270.000 euros na que se presentaron 32 solicitudes, 28 de elementos comúns, fundamentalmente fachadas e cubertas, e 4 para vivendas.

Finalmente executaron obra 28, cun total de 127.204 euros, das cales 25 eran de elementos comúns, e 3 de vivendas, cun importe medio da axuda concedida de 7.439 euros.

A segunda convocatoria para esta área de rehabilitación, foi en novembro de 2012. O crédito de axudas era de 340.000 euros. Presentáronse 20 solicitudes cun total de 101.759 euros, 18 para elementos comúns e 2 para vivendas. Aínda que o convenio remataba en 2015, non hai actuacións previstas para dita anualidade, porque coas anualidades que había dos anos 2013-2014, cubríronse todas as axudas que se solicitaron. Isto en canto ao executado.

Agora están nunha nova fase que non é exactamente igual que as fases anteriores, posto que non hai axudas para rehabilitacións interiores de vivendas, non se van poder conceder axudas para mellorar as cociñas ou os baños.

Os principais eixes do novo plan de vivenda van encamiñados a dous factores: a accesibilidade e a estanqueidade. Estanqueidade, entendéndose por protección contra as humidades, pero tamén mellora da eficacia enerxética. É importante saber que estas axudas están vinculadas a un traballo previo que é ter un certificado do edificio. Neste punto é onde o concello ten que facer un apoio especial.

A concellaría de urbanismo ten un estudo deste barrio realizado fai tempo. É un estudo de detalle que se fixo partindo deste edificio, deste estudo previo. Agora, xa hai persoas traballando no estudo de detalle.

A proposta sería xeral para o barrio. Unha solución semellante á que se fixo en Vista Alegre. É dicir, unha solución para cada un dos bloques do barrio, de tal forma que as comunidades que finalmente se decidan a facer unha obra de rehabilitación teñan a parte técnica resolta, no sentido de que teñan a solución estudada sen custos de contratar un arquitecto, cunha solución feita. Deste xeito, saberán cal é o custo real da solución.

Hai axudas para os informes dos edificios que serán tramitadas a través da oficina de rehabilitación e tamén se brindará axuda nestes aspectos. En calquera caso, recorda que son unhas axudas a comunidades e son éstas as que teñen que decidir. O positivo das axudas das áreas de rehabilitación é que non son axudas en concorrencia

competitiva. Os cartos están e a xente terá o que pida, porque así se vai establecer nos convenios que se asinen previamente, a pesar de que finalmente requirirán un financiamento. A este respecto, a Xunta de Galicia asinou uns acordos cun grupo de bancos para facilitar o financiamento ás comunidades.

No tocante ao estado do convenio sinala que o 5 de setembro se asinou o convenio bilateral entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento. A partir deste momento, a Xunta de Galicia adiantouse, xa publicou un decreto que permite a adaptación das áreas de rehabilitación existentes ao novo plan. Ademais, define o procedemento para novas áreas de rehabilitación, pois hai outros candidatos en Santiago.

Unha vez asinado o convenio, o seguinte paso é a publicación da Orde de entrada en vigor das liñas do plan. Esta é unha publicación que ten que facer o Ministerio de Fomento (manéxase outubro ou novembro). Posteriormente será a publicación das bases reguladoras do programa no Diario Oficial de Galicia porque o Instituto Galego de Vivenda e Solo, o ten preparado. Non entanto, ata que non entren en vigor non é posible definir con exactitude o financiamento, polo que agardarán a telo definido exactamente para publicar as bases reguladoras.

O IGVS solicitará aos concellos as actuacións financiáveis para as que teñen ARI declarada como é este caso; e para as que non teñen ARI declarada solicitará a intención de declarar novas áreas e a documentación será remitida ó Ministerio de Fomento. A continuación, con esta documentación vaise elaborar un convenio trilateral entre a xunta-ministerio e concello que se asinará posteriormente. Se todo vai como espera, poderían estar a falar do primeiro trimestre do ano que ven.

Previamente, hai que enviar a documentación das accións financiáveis. En principio, vaise pedir o financiamento máximo para todas as áreas de rehabilitación. É dicir, para as dúas áreas que hai declaradas deste tipo, máis unha posible nova área de rehabilitación integral.

En calquera caso, esta área ten certa vantaxe no sentido de que pode volcar o financiamento non executado nos convenios anteriores ao novo convenio. Ese teno garantido.

A parte destas axudas das áreas de rehabilitación integral, hai outra liña do Plan de vivenda (programa do fomento de rehabilitación edificatoria) que indica que calquera edificio que non estivera en ARI tamén poderá acceder a estas axudas. A diferenza destas axudas é que son en concorrencia competitiva mentres que nas das áreas, unha vez que se asina o convenio, asegúrase o financiamento. A vantaxe que terían esas outras é que nas áreas de rehabilitación integral a porcentaxe máxima de axuda fixada por este plan de vivenda é do 35%, e nas outras axudas a porcentaxe máxima só



para obras de accesibilidade, é do 50%. Nese caso, convería que cada comunidade estudiara se pode acceder a unhas ou a outras.

Rematado o primeiro turno de intervencións e aberto o segundo teñen lugar as seguintes:

A **Sra. Rosón Ferreiro, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE** comenta que cóntase con todo o preciso. Hai un plan de vivenda que se puxo finalmente en marcha, hai un convenio a dúas bandas, á falta da terceira e hai unhas oficinas de rehabilitación. Estas son moi coñecidas en toda España pola súa capacidade de terse enfrentado a procesos de rexeneración urbana, cunha calidade excepcional. Polo tanto, hai as ferramentas, e entendendo que existe tamén a vontade política de sacar adiante este ARI, di que é posible sacar o plan adiante.

O **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG** considera que o máis importante foi o último que dixo a señora concelleira, un 35% de cofinanciamento na práctica inviabiliza que a inmensa parte da poboación de Pontepedriña poida acceder a estas axudas. O cofinanciamento do 65% para a inmensa maioría dos veciños é unha cousa absolutamente inalcanzable, incluso cando se trata da instalación de ascensores, que no caso de Vista Alegre sí que se acometeu. Di que o que suporía de cofinanciamento en moitos deses edificios, o faría absolutamente inviable.

Estase a falar en moitos casos de persoas maiores, con pensións moi baixas. É certo que moitos deles teñen fillos e fillas que seguramente recibirán en herdanza eses pisos, polo que tamén deberían corresponsabilizarse, pero ese traballo non é nin doado, nin rápido. En calquera caso, o descenso paulatino que se veu realizando nas porcentaxes de cofinanciamento para barrios dese tipo, con ese tipo de poboación supón, en gran medida, unha dificultade.

A **Sra. Gutiérrez López, concelleira do grupo municipal do PP e Delegada do Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible**, manifesta que o concello ten que traballar buscando fórmulas de financiamento. Se ás persoas que teñen máis dificultades se lles consegue un financiamento, cómpre axudalos. Tamén cómpre reflexionar xunto co grupo de goberno. Os datos aportados corresponden ao plan de vivenda, non é un dato novo. O novo plan de vivenda é un pouco distinto, polo tanto, cabe transmitir a reflexión de que a axuda estatal é ata aquí. Engade que tamén o concello pode plantexarxe outro tipo de axuda complementaria.

O **Sr. alcalde-presidente**, antes de proceder á votación do contido desta moción, agradece a presenza e a paciencia dos veciños de Pontepedriña. En segundo lugar, deixa constancia de que hai ferramentas e vontade política para impulsar a



rehabilitación, polo tanto, o que queda agora é un camiño nun punto de partida que lóxicamente será analizado dende o goberno municipal.

Rematado o debate, e sometido o punto a orde do día a votación ordinaria, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 25 (13 PP,9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

En consecuencia, o Pleno da Corporación aproba por unanimidade do número legal dos seus membros a moción presentada polo grupo municipal socialista do Concello de Santiago **para solicitar ao goberno o impulso do ARI de Pontepedriña**, quedando convertida en acordo en todos os seus termos.

2. Rexistro de entrada do día 17 de setembro de 2014, núm. 192, relativa á modificación da cualificación do solo urbano das parcelas afectadas polo PXOM, como consecuencia da sentenza núm. 2159/2014, do TS.

Dase conta ao Pleno da Corporación dunha moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE do seguinte tenor literal na súa parte dispositiva:

“A sentenza do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2014 concluíu que, a efectos catastrais do IBI, é rústico e non urbano o chan urbanizable que esixe para o seu desenvolvemento un plan parcial ou un programa de execución e, polo tanto, debe contribuir como IBI de natureza rústica e non urbana.

Así, o Tribunal Supremo dictou a Sentenza nº 2159/2014, de 30 de maio, cuxo tenor literal afirma que a efectos catastrais só poden considerarse como solos de natureza urbana o solo urbanizable sectorizado ordenado, así como o solo sectorizado non ordenado a partir do momento da aprobación do instrumento urbanístico que estableza as determinacións para o seu desenvolvemento. Antes dese momento o solo terá o carácter de rústico.

A tenor da sentenza do Supremo, e respecto do manifestado pola Avogacía do Estado, veranse afectados máis de 900.000 inmobles e a minoración do valor catastral terá efectos non só no imposto sobre bens inmobles, senón tamén noutros impostos como o da renda das persoas físicas, sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana ou ata sobre o imposto de transmisións patrimoniales. Probablemente tamén quedará afectado o imposto de sucesións e donacións.

En Santiago de Compostela os afectados son uns 2000 propietarios e uns dous millóns e medio de metros cadrados de leiras reclassificadas no Plan de Urbanismo de 2010. Delas, a maioría non teñen ningún proxecto de actuación concreto, polo que cos criterios do Tribunal Supremo deberíaselles devolver o IBI cobrado indebidamente nos últimos 4 anos. Como di a Sentenza,



“cobrar IBI urbano cando non existen perspectivas de edificación podería considerarse unha confiscación real da propiedade.

Tamén hai que recordar que a nova valoración destas leiras que na maioría dos casos non teñen perspectivas urbanísticas, conxelan calquera venda de terreos ante o pago dun imposto de transmisións totalmente irreal dunhas novas valoracións sobre o papel e planos, pero non sobre a realidade.

Consideramos, pois, que existen instrumentos para corrixir e reparar o agravio sufrido polos veciños, así como para reformular á baixa as modificacións que o PXOM en tramitación precisa para converterse nun documento real que non supoña maiores prexuízos á cidadanía.

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno a seguinte **MOCIÓN**:*

I.- Que os técnicos correspondentes realicen un informe sobre a aplicación da Sentenza do Tribunal Supremo 2159/2014, de 30 de maio no exercicio económico 2014/2015, efectos retroactivos, e no seu caso, posible devolución de ingresos indebidos.

II.- Que, en todo caso, para evitar maiores prexuízos aos propietarios dos terreos con plans parciais ou programas non desenvolvidos (segundo a citada Sentenza), se solicite a modificación dos relatorios catastrais”.

O Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, defende a urxencia da moción, explicando que a sentenza do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2014 concluíu que, a efectos catastrais do IBI, é rústico e non urbano o chan urbanizable que esixe para o seu desenvolvemento un plan parcial ou un programa de execución e, polo tanto, debe contribuir como IBI de natureza rústica e non urbana.

En Santiago de Compostela os afectados serían preto duns 2000 propietarios, e uns dous millóns e medio de metros cadrados de leiras reclasificadas no Plan de Urbanismo de 2010. Delas, a maioría non teñen ningún proxecto de actuación concreto, polo que cos criterios do Tribunal Supremo deberíaselles devolver o IBI cobrado indebidamente nos últimos 4 anos. Como di a Sentenza, “cobrar IBI urbano cando non existen perspectivas de edificación podería considerarse unha confiscación real da propiedade”.

Existen instrumentos para corrixir e reparar o agravio sufrido polos veciños, así como para reformular á baixa as modificacións que o PXOM en tramitación precisa para converterse nun documento real que non supoña maiores prexuízos á cidadanía.

Queda rexeitada a toma en consideración da urxencia desta moción por 13 votos en contra correspondentes aos membros do grupo municipal popular e 12 votos a favor correspondentes aos membros dos grupos municipais do PsdeG-PSOE e aos do BNG,



ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

O Sr. Quiroga Lima, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda, solicita o turno de explicación do voto do grupo popular, ó abeiro do artigo 79 do Regulamento Orgánico do Pleno.

Indica que non procede tramitar a urxencia da moción porque o pleno non é o órgano competente para a modificación das leis vixentes. O señor Reyes referiuse a dúas cuestións: devolución de ingresos indebidos regulado na Lei Xeral Tributaria no artigo 224, e o pleno non é competente para a modificación da Lei Xeral de Tributaria. Por outra parte tamén se referiu á reclasificación do solo en canto a efectos censais. Tampouco o pleno é competente para a modificación da lei do catastro inmobiliario que establece no seu artigo 7, qué terreos teñen natureza urbana, e neles atópanse os terreos de natureza urbanizable. Ao respecto refírese a unha circular da FEMP que supón que coñece o Sr. Reyes. En todo caso, ten que quedar claro que o concello o ano pasado rebaixou o IVE do 0,6 ao 0,57, tanto para os terreos urbanos como para os terreos rústicos.

O Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, precisa que na parte da moción dispositiva non hai nada que faga referencia á modificación da lexislación vixente.

O Sr. Quiroga Lima, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda, retruca que o que está a solicitar é unha interpretación das leis e reitera que no pleno non se pode adoptar unha decisión en contra da lei xeral tributaria, nin da lei do catastro.

Trala exposición do Sr. Reyes Santiás, o **Sr. alcalde-presidente** da paso á **votación da urxencia** co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG) Votos en contra: 13 (PP) Abstencións: 0
--

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal socialista do Concello de Santiago relativa á **modificación da cualificación do solo urbano das parcelas afectadas polo PXOM, como consecuencia da sentenza núm. 2159/2014, do TS,** non procedendo en consecuencia entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

3. Rexistro de entrada do día 19 de setembro de 2014, núm. 195, para instar ao goberno de España a reforzar o financiamento público destinado a garantir o desenvolvemento e aplicación do programa europeo de axuda alimentaria ás persoas máis necesitadas.

A seguir débátese a toma en consideración da urxencia da moción do PSdeG-PSOE relativa a instar ao goberno de España a reforzar o financiamento público destinado a garantir o desenvolvemento e aplicación do programa europeo de axuda alimentaria ás persoas máis necesitadas.

“De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica e as políticas de recortes de dereitos en sanidade, educación e política social levadas a cabo polo Goberno de España están a contribuír a ampliar a desigualdade social. Ante esta dramática situación, faise absolutamente necesario reforzar, por parte das Administracións Públicas, a atención directa aos cidadáns que se encontran en situación de pobreza ou exclusión social.

Un dos instrumentos cos que conta o Goberno de España é o Plan de axuda alimentaria aos máis necesitados (PEAD), establecido pola Unión Europea e xestionado a través do Fondo Español de Garantía Agrícola (FEGA). Este Plan trata de poñer a disposición das persoas necesitadas, de forma gratuíta, alimentos básicos de calidade.

No Plan do ano 2013 a asignación correspondente a España ascendeu a 85,6 millóns de euros. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio a través do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), responsable da execución do Plan, comprou mediante un procedemento de licitación un total de 80 millóns de quilos de alimentos: aceite de oliva, legumes (lentellas e garavanzos), arroz, leite UHT, queixo, macarróns, fariña, galletas, froita en conserva sen azucre engadido, feixóns verdes en conserva, tomate frito, cereais infantís e potitos. Segundo información do FEGA, esta cesta de 14 produtos, de doado transporte e almacenamento, pouco perecedoiros e, sobre todo, de carácter básico, permitía preparar doadamente unha comida completa para unha persoa ou para unha familia con varios membros, incluídos bebés.

En 2013 Cruz Vermella Española e a Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL), designadas polo FEGA, distribuíron en todas as provincias o total dos alimentos, nunha proporción do 50% cada unha, a máis de 9.000 entidades benéficas que, á súa vez, atenden a máis de 2.000.000 de persoas cuxa situación económica ou familiar de necesidade, lles impedía adquirir alimentos de forma regular.

Para a execución do Plan 2014 o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a través do FEGA, comprou mediante un procedemento de licitación pública os seguintes



alimentos: arroz, lentellas, leite UHT, macarróns, galletas, feixóns verdes en conserva, tomate frito, leite de continuación e potitos.

Apréciase unha significativa redución do número de produtos da cesta básica, que pasa de 14 en 2013 a só 9 en 2014. Desapareceron alimentos tan importantes como o aceite, os garavanzos, o queixo, a froita en conserva sen azucre engadido e os cereais infantís. A pesar diso, o propio FEGA, sostén que esta cesta permite que as persoas desfavorecidas poidan preparar doadamente unha comida completa para unha persoa ou para unha familia con varios membros, incluídos bebés.

É evidente que se produciu unha mingua significativa na calidade e variedade dos produtos básicos que integran a cesta. Pero ademais, numerosas organizacións están a denunciar unha importante diminución na cantidade de alimentos que se están a repartir.

*Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista somete a votación a seguinte **MOCIÓN** na que se insta ao Goberno de España a:*

1) Reforzar o financiamento público destinado a garantir ás persoas máis necesitadas alimentos básicos de calidade, a través dos Presupostos Xerais do Estado, no marco de políticas de cohesión para a inclusión social e o apoio aos servizos sociais de integración prestados polas administracións públicas e entidades asociativas colaboradoras para a atención dos colectivos afectados.

2) Garantir que o Plan de axuda alimentaria para 2014 proporcione aos seus beneficiarios unha cantidade de produtos básicos suficiente para cubrir as súas necesidades.

3) Garantir que o Plan de axuda alimentaria para 2014 proporcione aos seus beneficiarios unha calidade e variedade de produtos igual ou superior á que ofreceu o Plan de 2013”

A Sra. Martín García, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, manifesta que a urxencia queda xustificada de cara á aprobación, en curto espazo de tempo, dos orzamentos xerais do Estado. Dende o grupo socialista preténdese e estase a lanzar unha campaña que reforce as axudas para garantir o desenvolvemento e aplicación dos programas europeos de axuda alimentaria ás persoas máis necesitadas.

Un dos instrumentos cos que conta o goberno de España é o plan de axuda alimentaria aos máis necesitados, establecido pola Unión Europea e que se xestiona a través dos fondos españoles de garantía agrícola.

Este plan trata de pór a disposición das persoas necesitadas de forma gratuíta alimentos básicos e de calidade. No plan do ano 2013, a asignación que lle correspondeu a España foi de 85,6 millóns de euros, que se xestionaron a través do fondo español de garantía agraria, responsable de executar este plan.



Con estes fondos conseguiu-se unha cesta con 14 produtos que se distribuían a través da Cruz Vermella e a Federación Española dos Bancos de Alimentos que, á súa vez, a repartían a través de entidades que as facían chegar aos cidadáns.

Neste ano 2014, este plan rebaixouse en contía, no número de alimentos que se distribuían e na variedade de alimentos, cousa que produciu sorpresa en determinadas asociacións. Ademais, consideran que con estes novos alimentos non se cubre o mesmo que antes, sendo especialmente importantes os cereais para bebés e o aceite.

Trala exposición da **Sra. Martín García**, o **Sr. alcalde-presidente** da paso á **votación da urxencia** co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Votos en contra: 13 (PP)

Abstencións: 0

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal socialista do Concello de Santiago relativa **para instar ao goberno de España a reforzar o financiamento público destinado a garantir o desenvolvemento e aplicación do programa europeo de axuda alimentaria ás persoas máis necesitadas**, non procedendo en consecuencia entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

A **Sra. Corral López concelleiro do grupo municipal do PP e delegada da Área de Servizos Sociais**, solicita o turno de explicación do voto do grupo popular, ó abeiro do artigo 79 do Regulamento Orgánico do Pleno.

Di que maila tratarse dun tema que en puridade podería corresponder a outra administración, sería conveniente dar a coñecer algúns datos que fundamentan o sentido do seu posicionamento.

A Unión Europea, no mes de marzo de 2014, aprobou o fondo de axuda europea para as persoas máis desfavorecidas para o período 2014-2020. O atraso na aprobación deste fondo por parte da Unión Europea provocou que o goberno aprobase unha dotación orzamentaria de 40 millóns de euros no orzamento do fondo español de garantía agraria, como medida extraordinaria para dar continuidade a este programa. Sen esta dotación, non se poderían ter distribuído, en 2014, alimentos a estas persoas desfavorecidas.



Os criterios empregados para seleccionar os alimentos son os mesmos que tiña o plan nos anos anteriores. Ademais, confeccionase coa colaboración da Cruz Vermella Española, Federación Española do Banco de alimentos, e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Non entanto, o novo fondo de axuda para as persoas máis desfavorecidas, asigna a España para o período 2014-2020, cincocentos millóns de euros, o que fai un dispoñible anual de 94 millóns de euros: 86 para a contribución de alimentos, e 4 para fomentar a inserción social das persoas desfavorecidas.

En relación á inclusión, a administración autonómica ten un compromiso irrenunciable coas persoas que o están a pasar mal. Así, as partidas de inclusión ascenden este ano a 59,2 millóns de euros, o que supón un 13,6 máis que en 2013, incrementase un 102% a partida dende o ano 2009, realizando un esforzo orzamentario importante para dar resposta aos máis necesitados e destínase un 14% máis que no ano 2013 ás entidades de iniciativa social.

Trala exposición da señora Corral pide a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**, por unha cuestión de orde. Clarexa que ata o momento, houbo unha forma de funcionar onde nas mocións defendíase a urxencia, votábase a urxencia e tralo turno de explicación procedíase a debater. O que non se pode facer é debater sen debater, é dicir, ou se entra a debater ou non se entra a debater.

O **Sr. alcalde-presidente**, en base á presente queixa do señor Cela, e á queixa anterior do Sr. Reyes Santiás, entende que o artigo 79 do Regulamento Orgánico Municipal, permite un turno de explicación de voto de dous minutos. Ese dereito é o que está a exercer o grupo maioritario neste caso. Polo tanto, loxicamente é democrático respectar ese turno e non se debería cuestionar como fan uso dese turno os concelleiros que deciden explicar por qué o Partido Popular non considera urxente unha determinada moción.

A **Sra. Cienfuegos López, concelleira do grupo municipal do BNG**, intervén para afirmar que entende que iso se refire a cando hai debate. No artigo 85 é onde se fala da defensa da urxencia e da súa votación.

O **Sr. alcalde-presidente** engade que, a efectos do seguinte pleno, non hai ningún inconveniente en pedirlle un informe ao Sr. Secretario para que clarifique esa interpretación do Regulamento.

Sen prexuízo do anterior polo **Secretario** considerase que o artigo 79 do Regulamento Orgánico do Pleno determina que **‘Proclamado ou acordo, os grupos ou os concelleiros e/ou concelleiras non-adscritos que non interviñesen non debate, ou**



que tras este cambiasen ou senso do seu voto, poderán solicitar do presidente ou presidenta unha quenda de explicación de voto”.

A quenda de explicación de voto será **breve** e a súa duración non excederá de **dous minutos**, e nela só se poderán expoñer as razóns que motivasen a posición de voto. **En ningún caso a quenda de explicación do voto servirá para entrar no debate do fondo do asunto, senón para “explicar” por qué se vota dunha ou outro xeito”.**

Trátase pois dun trámite que pode ser utilizado tanto polos grupos municipais de goberno como polos grupos municipais da oposición, dependendo de quen parta a iniciativa para a presentación da “moción de urxencia”,

4.- Rexistro de entrada do día 19 de setembro de 2014, núm. 196, en contra dos recortes na lei de dependencia.

A seguinte moción do grupo municipal socialista, é a relativa aos recortes na lei de dependencia.

*“De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago de Compostela desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción**:*

Coa aprobación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, denominada de “Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as persoas en situación de dependencia”, España avanzaba cara á consolidación do estado social e democrático de dereito que proclama a nosa Constitución

Esta lei foi aprobada cun alto grao de acordo das forzas políticas parlamentarias, ademais de contar coa participación das comunidades autónomas, as entidades locais, os axentes sociais e o movemento asociativo.

Ata novembro de 2011 o sistema foise implantando segundo o previsto. En decembro de 2011, poucos días despois da constitución do actual Goberno presidido por Mariano Rajoy, decidiuse paralizar o calendario de aplicación da lei.

Nos primeiros Orzamentos Xerais do Estado que elaborou o Goberno do Partido Popular, e correspondentes ao ano 2012, eliminouse a partida para o nivel acordado que ascendía a 283 millóns de euros. Nos anos 2013 e 2014 volveuse a suprimir o nivel de financiamento previsto na Lei de Dependencia

O Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade introduciu numerosas modificacións na regulación do Sistema que causaron enorme prexuízo ás persoas en situación de dependencia. Entre elas destacan:

- A supresión dos dous niveis en que se dividía cada grao.
- A redución nun 13% da achega da Administración Xeral do Estado para o financiamento do nivel mínimo.
- A redución nun 15% da prestación económica por coidados no ámbito familiar.
- A revisión da regulación do convenio especial no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais, cuxas cotizacións pasan a ser exclusivamente ao seu cargo.
- A aplicación dun prazo suspensivo de ata dous anos para as novas prestacións económicas por coidados no ámbito familiar.
- Unha nova revisión do calendario para atrasar aínda máis a entrada de dependentes moderados.
- A introdución dun réxime de incompatibilidades das prestacións.
- A exclusión do silencio positivo ao recoñecemento das prestacións económicas para coidadores no ámbito familiar.

En definitiva, o Goberno do Estado reduciu o contido esencial do dereito e realizou importantes recortes orzamentarios, co resultado de que os beneficiarios están a recibir servizos e prestacións claramente insuficientes; ao tempo que se encontran sen atender centos de miles de persoas en situación de dependencia.

O Goberno de Galicia, que lonxe de tratar de frear o impacto destes recortes nas persoas usuarias traballou para situar a Galicia entre as comunidades autónomas cun comportamento peor en todos os parámetros.

Desde o ano 2011 non deixan de descender as persoas con dereitos a prestacións recoñecidas e o copagamento das persoas usuarias duplicouse.

As decisións dos gobernos do Estado e de Galicia leváronnos a unha situación na que resulta evidente a necesidade de reformular o Sistema. Existe un alto grao de consenso entre responsables políticos de todos os ámbitos, profesionais e beneficiarios respecto a que, neste momento, é necesario intervir para garantir de forma efectiva o dereito das persoas en situación de dependencia; e para iso debe crearse un grupo de traballo específico cos representantes dos grupos parlamentarios, que realice unha avaliación sobre a lei, as modificacións levadas a cabo, a súa aplicación, os seus resultados, así como para analizar que medidas son necesarias para manter e garantir a sostibilidade do Sistema.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Santiago de Compostela somete a votación a seguinte MOCIÓN:



1. *Amosar o máis enérxico rechazo aos recortes que se están producindo na Lei 39/2006 do 14 de decembro (Lei de Dependencia); xa que están a producir un gran sufrimento e discriminación a milleiros de galegos e galegas.*

2. *Instar ao goberno da Xunta de Galicia para que:*

- *Se estableza as partidas necesarias nos orzamentos da Xunta de Galicia dos vindeiros anos para que o gasto público por persoa dependente atendida sexa, polo menos, igual á media do Estado.*

- *Que sexan atendidas todas as persoas dependentes que xa teñen recoñecido algún grao de dependencia, e que aínda están á espera de recibir a prestación ou o servizo que lles corresponde.*

3. *Instar ao Goberno do Estado a que impulse a constitución dun grupo de traballo con representantes dos grupos parlamentarios e comunidades autónomas, co obxectivo de alcanzar un amplo acordo para garantir a sostibilidade, o desenvolvemento e o financiamento por parte das administracións públicas do Sistema de Autonomía e atención á Dependencia. Para iso, realizarán unha avaliación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia”.*

A Sra. Martín García, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, explica que polas mesmas razóns plantexadas anteriormente de cara á aprobación dos orzamentos de Estado e á aprobación dos orzamentos da Xunta de Galicia, o PsdeG-PSOE considera que é importante traer a este pleno unha moción en contra dos recortes que está a sufrir a lei de dependencia. Esta lei de dependencia, aprobada no 2006, tivo un alto grao de acordo das forzas políticas parlamentarias e, ademais, contaba coa participación das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais. Así mesmo, fixeron un gran traballo todos os axentes sociais e os movementos asociativos que expresaron e colaboraron para que esta lei saíse adiante. Aplicouse dende o 2007 ata o 2011 dunha forma sistemática, ata que en decembro de 2011, pouco despois de que se constituíra o actual goberno, decidiuse paralizar o calendario e a aplicación da lei.

Nos primeiros orzamentos xerais do Estado que elaborou o goberno do Partido Popular, correspondentes ao ano 2012, eliminouse unha partida para os niveis acordados que ascendía a 283 millóns de euros. Ademais, nos anos sucesivos fóronse restrinxido cada vez máis os orzamentos destinados á lei de dependencia.

Houbo unha redución nos orzamentos e importantes recortes na aplicación da lei, como por exemplo: a supresión dos dous niveis aludidos anteriormente, a redución do 13% do que aporta a administración xeral do estado para o financiamento do nivel mínimo, a redución do 15% das prestacións económicas para coidado no ámbito familiar, a revisión do Regulamento do convenio especial coa seguridade social para os coidadores non profesionais; aplicación dun prazo suspensivo de ata 2 anos para as



novas prestacións económicas para os coidados familiares, unha nova revisión do calendario, a introdución dun réxime de incompatibilidades de prestacións, que creou uns serios problemas, e a exclusión do silencio positivo para o recoñecemento das prestacións económicas para os coidadores no ámbito familiar. Todo isto produciu unha diminución dos servizos e das aportacións por parte da administración. Ao mesmo tempo, aumentan as listas de espera. O goberno de Galicia tampouco logrou frear este impacto nos recortes aos usuarios, e sitúase moi por debaixo das prestacións da media española. Tamén é importante que despois de varios anos coa aplicación da lei, se abra un novo debate para ver como funcionou, cales son os problemas, cara onde se pode seguir tirando de cara a mellorar a lei ou como se poden rendibilizar mellor os recursos.

Con esta moción preténdese instar ao goberno da Xunta de Galicia para que estableza as partidas necesarias nos seus orzamentos dos vindeiros anos. Tamén que se impulse dende o Goberno do Estado para determinar como se está a implantar a lei e a sostenibilidade da mesma.

Trala exposición da Sra. Martín García, o **Sr.alcalde-presidente** da paso á **votación da urxencia** co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (8 PSdeG-PSOE, 3 BNG)
Votos en contra: 13 (PP)
Abstencións: 1 Ps de G-Psoe (Sr. Rama Seoane, ausente no momento da votación: art. 100 ROF)

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal socialista do Concello de Santiago em **contra dos recortes na lei de dependencia**, non procedendo en consecuencia entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

A **Sra. Corral López concelleira do grupo municipal do PP e Delegada de Área de Servizos Sociais**, solicita o turno de explicación do voto do grupo popular, ó abeiro do artigo 79 do Regulamento Orgánico do Pleno.

O grupo de goberno considera que a Xunta está a facer un importante esforzo na aplicación da lei de dependencia, un esforzo que se reflicte nas máis de 77.822 prestacións que se teñen recoñecido dende a entrada en vigor da lei, un 500% máis que no período transcorrido entre xaneiro de 2007 e maio de 2009. Galicia é a segunda comunidade autónoma con máis porcentaxe de servizos na liña marcada pola lei dependencia. Manténse como a sétima comunidade autónoma con máis persoas dependentes atendidas en termos absolutos, 36.645.

En canto ao financiamento do sistema de dependencia, subliña que a administración autonómica destina un 74,2 a financiar esta lei, mentres que a aportación do Estado foi dun 25%.

A Xunta mellorou a xestión do sistema de dependencia, tal e como queda de manifesto nos tempos de tramitación sinalados polo propio Tribunal de Contas no seu último informe, sendo Galicia unha das comunidades autónomas que máis rápido tramita, 90 días de media.

5. Rexistro de entrada do día 22 de setembro de 2014, núm. 200, para instar ao goberno de España a estender o subsidio de desemprego ás persoas en situación de desemprego de longa duración que carezan de ingresos e teñan responsabilidades familiares, así como a outros colectivos con dificultades específicas de inserción.

O **Sr. alcalde-presidente** indica que se abre o debate da urxencia da seguinte moción do grupo socialista referida a instar ao goberno de España a estender o subsidio por desemprego ás persoas en situación de desemprego de longa duración que carezan de ingresos e teñan responsabilidades familiares, así coma a outros colectivos con dificultades específicas de inserción.

“De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago de Compostela desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A longa duración da crise, xunto a un sistema de protección por desemprego non previsto para ciclos desta duración, fai que a protección das persoas desempregadas e das súas familias día a día se vaia esgotando.

Segundo a Enquisa de Poboación Activa do segundo trimestre de 2014, hai 5.616.011 persoas en situación de desemprego, das cales só 1.773.573 perciben algún tipo de prestación. O artigo 35.1 da Constitución consagra o dereito e a obriga de traballar ao establecer que "todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo".

Para as persoas desempregadas que, malia a súa vontade, se ven impedidas de poder exercer o dereito constitucional ao traballo, o artigo 41 da Constitución dispón que "Os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais abondo ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. "

Segundo a Enquisa de Poboación Activa referida, hai 3.842.438 persoas desempregadas que carecen de todo tipo de protección. A estas persoas, ademais do dereito ao traballo, tamén se lles conculca o dereito á súa protección en caso de desemprego.

Esta situación supón unha grave inxustiza social, máis aínda cando sabemos que moitas delas son persoas en desemprego de longa duración con responsabilidades e sen ningún tipo de ingreso económico. Segundo a Enquisa de Poboación Activa mencionada, máis de 740.000 familias teñen a todos os seus membros no paro e carecen de todo tipo de ingresos. Conculcar o dereito constitucional á protección por desemprego está a provocar, ademais, que esta pobreza tan severa e sobrevida a estean a padecer de forma moi directa os nenos e nenas cos seus proxenitores no paro. Os organismos internacionais como UNICEF estima en máis de 2 millóns o número de nenos e nenas españois en situación de pobreza.

A situación de necesidade de todas estas familias está causada pola súa situación de desemprego. De aí que os poderes públicos, de acordo co inequívoco mandato do art.º 41 da Constitución, deban garantir a asistencia e prestacións sociais abondo ante a situación de desemprego.

Levamos máis de seis anos de profunda crise e, segundo as previsións de organismos internacionais e do propio Goberno, nin tan sequera en 2017 se terá recuperado o volume de emprego existente en 2011. Segundo as persoas expertas neste ámbito, coas políticas actuais, tardarase unha década en recuperar os niveis de emprego anteriores á crise.

No que vai de ano, o gasto en prestacións diminuíu en 2.236 millóns de euros sobre o ano pasado. Xa son plenamente eficaces os graves recortes que o Goberno asestou á protección por desemprego a través do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, e do Real Decreto-lei 23/2012, do 23 de agosto. A cobertura por desemprego apenas alcanza un 58 por cento das persoas desempregadas inscritas nas oficinas de emprego. Se se continúa coa mesma dinámica, ao final de ano o gasto en protección por desemprego será 6.000 millóns menos que en 2013. Todo iso a pesar de que a cifra de persoas en desemprego de longa duración e de familias con todos os seus membros no paro continúa en niveis intolerables.

Agora ben, ademais destas persoas, tamén hai outros colectivos especialmente vulnerables que sofren a desprotección e teñen serias dificultades para encontrar emprego. Son as mulleres vítimas de violencia, as persoas con algún tipo de discapacidade e as persoas maiores de 45 anos que, unha vez que esgotaron a Renda Activa de Inserción, non teñen acceso a ningunha prestación.

O Grupo Socialista, a través desta Proposición non de Lei, e en consonancia co acordo alcanzado coas Organizacións Sindicais UGT e CC.OO. na Mesa de Diálogo Social que por fin abriu o Goberno, insta a este a ampliar a protección por desemprego, a través do subsidio por desemprego, regulado na Lei da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Legislativo 1/1994, do 20 de xuño (LGSS).

Trátase dunha extensión da protección por desemprego no seu nivel asistencial ante as novas situacións de necesidade que creou esta profunda e prolongada crise.

A través desta Proposición non de Lei esíxese que se garanta o dereito constitucional a unha protección por desemprego mediante o acceso ao subsidio por desemprego a todas as persoas que leven máis dun ano inscritas como paradas, sempre que teñan responsabilidades familiares e carezan de ingresos. E tamén se estende ás vítimas de violencia de xénero, ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores de 45 anos que tivesen esgotado a Renda Activa de Inserción, dada a súa especial vulnerabilidade e dificultades de inserción.

O subsidio concederáse por un período de 6 meses, prorrogables de forma sucesiva mentres a persoa desempregada continúe en situación legal de desemprego. Este mecanismo de protección manterase ata que a taxa de desemprego estea por debaixo do 15 por cento.

A contía deste subsidio será igual ao 80 por cento do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples Mensual (IPREM), vixente en cada momento, na actualidade 426 euros mensuais. Dado que este subsidio non está vinculado a anteriores cotizacións senón á carencia de rendas superiores ao 75 por cento do SMI, a súa contía percibirase na súa totalidade pola persoa desempregada aínda que na súa orixe se tratase dun desemprego por perda dun traballo a tempo parcial. Á súa vez, a contía do subsidio incrementarase en función das responsabilidades familiares da persoa beneficiaria seguindo os criterios establecidos no artigo 217.2 LGSS, con independencia da súa idade. Agora ben, a devandita contía aumentaráse en cen euros cando houbese fillos ou fillas menores de idade.

Tamén instamos ao Goberno a que financie a contratación de técnicos e técnicas de emprego polos Servizos Públicos de Emprego, co fin de reforzar a atención individualizada, e así facilitar a incorporación ao emprego das persoas en desemprego de longa duración, dadas as súas dificultades de inserción.

Estas medidas debe adoptalas o Goberno de forma inmediata e con carácter de urxencia, pois neste caso é indiscutible a situación de urxente necesidade que sofren as persoas en desemprego con responsabilidades familiares.

Agora que o Goberno anuncia o cambio de conxuntura económica non é posible deixar as principais vítimas da crise en desamparo, coma se se tratase dunha xeración esquecida.

É necesario dedicar unha atención especial a todas aquelas persoas que están a sufrir a traxedia do desemprego e desenvolver políticas de protección e de activación da súa empregabilidade.

As medidas que propoñemos poderían alcanzar máis dun millón de persoas paradas, na súa maioría con responsabilidades familiares, que nestes momentos non teñen ningún tipo de ingreso.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Santiago de Compostela somete a votación a seguinte MOCIÓN na que se insta ao Goberno de España a:

1. *Modificar, de forma inmediata e con carácter urxente, o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1994, do 20 de xuño, para que, a partir do 1 de agosto de 2014, se amplíe a protección por desemprego no seu nivel a asistencial a todas as persoas desempregadas que leven inscritas nos Servizos Públicos de Emprego máis dun ano, teñan responsabilidades familiares e cumpran os requisitos de carencia de rendas.*

2. *Non obstante o establecido no apartado anterior, este subsidio tamén se estenderá ás mulleres que tivesen acreditado a condición de vítima de violencia de xénero, a aquelas persoas que acrediten unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento, ou teñan recoñecida unha incapacidade que supoña unha diminución na súa capacidade laboral da porcentaxe anteriormente indicada, e ás persoas paradas maiores de 45 anos, cando esgotasen a Renda Activa de Inserción ou se encontrasen dentro dos 365 días naturais anteriores á data da solicitude do dereito á admisión ao devandito Programa.*

Este subsidio concederáse por un período de 6 meses, prorrogables de forma sucesiva mentres a persoa desempregada continúe en situación legal de desemprego. Este mecanismo de protección manterase ata que a taxa de desemprego estea por debaixo do 15 por cento.

A contía deste subsidio será igual ao 80 por cento do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples mensual vixente en cada momento. Esta contía percibirase na súa totalidade pola persoa desempregada aínda que na súa orixe se tratase dun desemprego por perda dun traballo a tempo parcial. Á súa vez, a contía do subsidio incrementarase en función das responsabilidades familiares da persoa beneficiaria seguindo os criterios establecidos no artigo 217.2 LGSS, con independencia da súa idade. Cando as responsabilidades familiares alcanzasen a menores de idade, esta contía incrementarase en 100 euros por menor. A incorporación a este subsidio non estará condicionada a ter esgotado anteriormente algunha prestación contributiva ou asistencial, senón exclusivamente aos requisitos esixidos na propia definición de cada colectivo.

3. *O Goberno implementar de xeito inmediato coas Comunidades Autónomas e os interlocutores sociais un Plan de emprego específico para as persoas en desemprego de longa duración.*

4. *Este Plan incluírá, en todo caso, o aumento da dotación dos Servizos Públicos de Emprego con novos técnicos e técnicas de emprego para a atención individualizada das persoas en desemprego de longa duración que, como mínimo, deberá alcanzar as 3.000 persoas expertas en orientación e promoción de emprego.*

A Sra. Valledor Ponte, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, explica que o grupo municipal socialista do Concello de Santiago de Compostela, trae para a súa aprobación en pleno, unha moción sobre a prestación por desemprego e sobre políticas pasivas de emprego.

Normalmente as propostas do grupo son mocións referidas a políticas activas, pero debido ao fracaso das poucas accións en políticas activas de emprego que se levan a cabo por parte do concello, e ao fracaso da estratexia do Estado, traen á aprobación do pleno esta proposta para instar ao goberno de España a que amplíe o subsidio por desemprego.

O subsidio por desemprego de carácter asistencial, que é do que se trata esta moción, está regulado na Lei da Seguridade Social aprobada por Real Decreto Legislativo 1/1994, do 20 de xuño. No momento no que foi aprobada, non se prevía que puidese haber unha crise tan longa e tan mal xestionada como esta.

O tempo pasa e as persoas que están a sufrir a lacra do desemprego ven como as súas prestacións se agotan e non son capaces de atopar traballo.

O propio goberno de España recoñece que o desemprego de longa duración é un problema que xa se está a converter en desemprego estrutural.

Así, no Real Decreto 751/2014 de 5 de setembro, polo que se aproba a estratexia española de activación para o emprego 2014-2016, que probablemente se utilizará para xustificar a negativa do voto, di: “el elevado porcentaje de desempleados de larga duración en el segundo trimestre de 2014, el 62,1% de los desempleados llevaban un año ininterrumpido o más en paro, y casi un 42,4 llevaba dos años o más. Por ello uno de los aspectos que deben tener en cuenta las políticas de activación a desarrollar por los servicios públicos de empleo, y los demás agentes implicados, es mejorar la inserción de los parados de larga duración, ya que su volumen se ha incrementado notablemente y las perspectivas económicas existentes en el corto plazo no permiten augurar un reingreso fácil al mercado laboral”.

Di que isto saíu publicado esta semana. As políticas activas de emprego teñen a finalidade de reingresar ás persoas en desemprego á actividade laboral, pero este reingreso non se está a producir, e os poderes públicos de acordo co inequívoco mandato do artigo 41 da Constitución, teñen a obriga de garantir uns ingresos mínimos para que as persoas poidan afrontar as necesidades máis básicas da vida diaria.

O desemprego de longa duración, as persoas con algún tipo de discapacidade e as vítimas de violencia de xénero, son os colectivos con máis dificultades de reingreso, mesmo no mercado laboral. Isto coincide moitas veces coa falta de ingresos e coas responsabilidades familiares.

O desemprego é un problema crucial no Concello de Santiago de Compostela e non pode quedar ao marxe por ser unha cuestión que atinxe de xeito directo á cidadanía. O



gobierno do Concello de Santiago ten a obriga moral e lexítima de velar polo benestar da súa veciñanza.

A taxa de desemprego de Santiago de Compostela é a segunda máis alta de Galicia, superando a cidades que tradicionalmente tiñan unhas taxas moi superiores á nosa. O desemprego medra, as taxas de ocupación non aumentan e as prestacións por desemprego diminúen.

No que vai de ano, o gasto en prestacións diminuiu en 2.236 millóns de euros sobre o ano pasado. Refírese aos graves recortes que o goberno xestou sobre a protección por desemprego a través dos dous Reais Decretos publicados no ano 2012. A cobertura por desemprego apenas alcanza un 58% das persoas desempregadas inscritas nas oficinas de emprego. De continuar coa mesma dinámica, a final de ano, o gasto en protección por desemprego será de 6.000 millóns menos que no ano 2013.

Todo isto a pesar de que a cifra de persoas en desemprego de longa duración e de familias con todos os seus membros no paro, continúa en niveis intolerables.

Lévanse máis de seis anos de profunda crise e, segundo as previsións de organismos internacionais e do propio goberno, nin tan sequera no 2017 se terá recuperado o volume de emprego existente no 2011. Segundo as persoas expertas neste ámbito, coas políticas actuais tardarase unha década en recuperar os niveis de emprego anteriores á crise.

A moción trata dunha extensión da protección por desemprego no seu nivel asistencial ante as novas situacións de necesidade que creou esta profunda e prolongada crise.

Por último a Sra. Valledor Puente clarexa que o subsidio do que se está a falar son 426 euros.

Trala exposición da Sra. Valledor Puente, o **Sr.alcalde-presidente** da paso á **votación da urxencia** co seguinte resultado:.

Votos a favor: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Votos en contra: 13 (PP)

Abstencións: 0

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal socialista do Concello de Santiago **para instar ao goberno de España a estender o subsidio de desemprego ás persoas en situación de desemprego de longa duración que carezan de ingresos e teñan responsabilidades familiares, así como a outros colectivos con dificultades específicas de inserción, non**

procedendo en consecuencia entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

16.2. MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

1. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2014, núm. 190, contra o canon bibliotecario.

A continuación, iníciase o debate sobre a toma en consideración da urxencia da moción do Bloque Nacionalista Galego, contra o canon bibliotecario.

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, contra o canon bibliotecario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de agosto, en pleno período vacacional, o Goberno do Estado español publicaba o Real Decreto 624/2014, de 18 de xullo, que obriga ao pagamento polo empréstimo a arquivos, museos e bibliotecas, un RD que responde ás esixencias da Directiva europea 2006/115/CE, de 12 de decembro de 2006. Trátase dunha directiva pensada para países do norte de Europa, cunha situación cultural moi diferente da estatal e da galega. Estes países, que contan cun sistema bibliotecario que foi sempre o espello no que mirarnos, son considerados paradigma da xestión bibliotecaria tanto pola IFLA (Federación Internacional de Asociacións de Bibliotecarios) como pola UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura). Porén, a situación das bibliotecas galegas está ben lonxe do sistema bibliotecario deses países e o pagamento do canon non fará máis que empeoralas.

O real decreto determina o pago de dereitos de cada autor@ con base no pagamento dun canon por empréstimo; establece o pagamento de 0,004€ por empréstimo realizado e 0,05€ por persoa usuaria das bibliotecas. Ademais, sinala que mentres non se poida aplicar o pago por empréstimo, establececerase o canon de 0,16€ por obra adquirida pola biblioteca e dispoñíbel para ser prestada. O RD non ten en conta a situación de Galiza, onde non existe un carné de usuari@ único e onde moit@s usuari@s son soci@s de máis dunha biblioteca e, por tanto, por unha mesma persoa pagarase varias veces. Esta medida é un claro ataque ás bibliotecas públicas, que verán aínda máis diminuídas as posibilidades de actualizaren o seu fondo, e fai recaer o peso do pagamento sobre os concellos, que son, en moitas ocasións, as administracións que máis invisten en cultura a pesar de disporen de menos recursos que outras administracións. A normativa representa tamén un ataque ao dereito da cidadanía á lectura e ao acceso á cultura, prexudicando, máis unha vez, a quen menos ten, pois ao deteriorarse este servizo público dificultarase o acceso á cultura das persoas con menos recursos.

Con este RD dáse tamén o paradoxo de que as bibliotecas que prestan máis servizo e que teñen máis fondos e maior número de empréstimos son prexudicadas ao teren que achegar máis cartos por dar un maior e mellor servizo, feito que vai provocar unha rebaixa no seu nivel de

calidade e de servizos prestados e mesmo unha diminución moi importante das súas adquisicións. Chegaremos ao absurdo de obrigar as bibliotecas a ter que prestar menos servizos, realizar menos compras e menos empréstitos para que os concellos propietarios desa bibliotecas poidan pagar menos cantidade polo canon.

A situación actual das bibliotecas municipais non é boa, tal e como manifestou reiteradamente a Asociación de Arquiteir@s, Bibliotecari@s, Museólog@s e Documentalistas de Galiza (Anabad Galicia), dadas as caídas continuada dos investimentos, tanto nos orzamentos municipais como nos galegos e nos estatais, para todo tipo de actividades, mais sobre todo para a compra de fondos. Á desaparición do programa de cofinanciamento para a adquisición de fondos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte sumouse a desaparición -tanto en 2011 como en 2014- das axudas da Xunta de Galia para a compra de fondos para bibliotecas públicas municipais.

Tamén está a vivir un panorama negativo o sector da edición galega, que vai ver como este real decreto o afunde aínda máis. Nun comunicado conxunto de xaneiro de 2014 a AELG, a Asociación Galega de Editores e GÁLIX, denunciaron que o sector da edición galega perdeu desde 2008 o 38 % do seu emprego directo, está a padecer unha redución drástica de fondos destinados á adquisición de novidades editoriais para bibliotecas públicas (un 64,8% menos) e das axudas para a edición de materiais didácticos en lingua galega (un 75 % menos). E isto sucede ao tempo que a compra de fondos está a padecer, como toda a actividade cultural, a suba do gravame do IVE cultural, até o 21%.

Tampouco autoras e autores van saír indemnes do pago se tivermos en conta que moit@s autor@s son coñecid@s e as súas obras son vendidas porque son difundidas nas bibliotecas. Se as bibliotecas deren menor servizo e adquiriren menos fondos será menor a promoción d@s autor@s e est@s deixarán de percibir ingresos por dereitos de autoría.

Non se pode facerlle pagar por ler á cidadanía, por iso cómpre defender a biblioteca entendida como espazo xerador de cultura coa participación activa das persoas usuarias. Para isto, é necesario un impulso desde a Xunta de Galiza e a defensa do libro o e da cultura galega, do produto cultural propio, de calidade, asequíbel e accesíbel a toda a cidadanía.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado español a paralización do Real Decreto 624/2014.*
- 2. Trasladar este acordo ao presidente do Estado español, ao presidente da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares no Parlamento galego.*
- 3. O Pleno do Concello comprométese a defender ás bibliotecas municipais como espazos xeradores de cultura polo que garantirá orzamento adecuado para a compra de fondos.*



4. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para comprometer un plan de mellora, modernización e coordinación da rede bibliotecaria pública galega.

5. Instar á Xunta de Galiza a que destine as partidas orzamentarias suficientes para que as bibliotecas públicas galegas alcancen as recomendacións dos organismos internacionais, a IFLA e a UNESCO, en canto a estándares de calidade.

6. O Concello sumarase as campañas postas en marcha contra o CANON BIBLIOTECARIO”.

O Sr. Vilar González, concelleiro do grupo municipal do BNG, explica que o 1 de agosto publicouse o Real Decreto 624/2014, que é o que establece o chamado canon bibliotecario. O obxecto desta moción é demandar a paralización da posta en marcha dese canon.

Tal e como se formula, é un duro golpe a todas as bibliotecas públicas, non só ás municipais, e ás arcas públicas das diferentes administracións, tamén ás locais.

O que se consagra no Real Decreto 624/2014, é unha obriga de pagamento polo empréstimo de libros e outros materiais, para bibliotecas, arquivos e museos públicos, que deberán realizar as diferentes administracións na súa condición de titulares desas bibliotecas, arquivos e museos públicos.

De entrada, o que se establece é un pagamento dunha serie de cantidades, tanto por usuario inscrito, como por obra adquirida ou como por préstamo realizado. No noso país están a falar de máis de 300 bibliotecas públicas, sen contar coas de centros de ensino que non entran dentro deste Real Decreto, e duns 750.000 usuarios.

Polo tanto, o establecemento deste canon bibliotecario vai supor un prexuízo importante para as bibliotecas públicas, xa que van ter moito máis difícil a adquisición de novos fondos, pero tamén é un prexuízo para as arcas públicas das administracións, tanto as locais, coma as dos concellos. Por último, é un grave prexuízo para o conxunto dos cidadáns e cidadás xa que verán limitado o dereito ao acceso á cultura e á lectura. O que se demanda é a paralización da posta en marcha do canon bibliotecario.

Trala exposición do Sr Villar González, o Sr.alcalde-presidente da paso á **votación da urxencia** co seguinte resultado:.

<p>Votos a favor: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG) Votos en contra: 13 (PP) Abstencións:0</p>
--

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG **contra o canon bibliotecario**, non



procedendo en consecuencia entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

A **Sra. González Vázquez concelleira do grupo municipal do PP**, solicita o turno de explicación do voto do grupo popular, ó abeiro do artigo 79 do Regulamento Orgánico do Pleno.

Este Real Decreto procede da Lei 10/2007, é unha obriga contida nesa lei, aprobada durante o goberno socialista e co voto favorable do Bloque Nacionalista Galego, que sabía perfectamente o que incluía, a pesar de realizar unha emenda no seu momento, o chamado canon bibliotecario.

O que desenvolve o Real Decreto é o método de cálculo desa compensación aos autores, que non será pagada nin polos lectores, nin polas lectoras, nin polos usuarios e usuarias das bibliotecas, senón que vai ser pagada polas institucións propietarias das bibliotecas.

É moi importante destacar ese feito, porque anda a idea por aí, de que serán os usuarios e usuarias das bibliotecas os que van ter que pagar por cada libro prestado. Iso é absolutamente falso, e tamén é falso que o Estado se vaia beneficiar deste canon, son os autores e autoras a través da CEDRO, entidade encargada de recollelo.

O cambio principal do Real Decreto ven dado polo método de cálculo, da cantidade. É fundamental para unha cidade universitaria como Santiago, salientar que as bibliotecas universitarias quedan exentas do pagamento do canon, así como todas aquelas integradas no sistema educativo e aquelas pertencentes a entidades destinadas ao exercicio de competencias profesionais, como pode ser un colexio de avogados, ou o colexio médico.

Polo que se refire ás bibliotecas públicas da cidade, a compostelana Anxel Casal é de titularidade estatal, polo que o canon correspondente será desembolsado polo Ministerio de Cultura. No ámbito galego, das 318 bibliotecas da rede de bibliotecas públicas de Galicia, 158 están exentas do libramento do canon por atoparse en concellos de menos de 5000 habitantes, que no Real Decreto son obxecto de excepción da norma.

2. Rexistro de entrada do día 23 de setembro de 2014, núm. 201, contra a liña de alta tensión que atravesa o núcleo rural de Coira (URXENCIA).

Posteriormente, o Sr. Alcalde sinala o inicio do debate da urxencia da moción do Bloque Nacionalista Galego, contra a liña de alta tensión que atravesa o núcleo rural de Coira.

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, contra a liña de alta tensión que atravesa o núcleo rural de Coira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), no marco do Proxecto construtivo “Eixo Atlántico de Alta Velocidade. Electrificación, subestacións e centros de transformación asociados. Tramo Vigo - A Coruña”, iniciou diversos traballos de canalización e transporte de enerxía eléctrica nos termos municipais de Ames e Santiago de Compostela (A Coruña).

Na aldea de Coira, situada precisamente nos dous concellos, iniciáronse obras de canalización subterránea dunha liña de alta tensión que atravesa o dito núcleo rural, a través dos camiños públicos e moi preto das vivendas habitadas.

Malia o enorme impacto desta obra, os veciños e veciñas tiveron coñecemento deste proxecto o mesmo día do comezo das mesmas, sen que con anterioridade nin o ente encargado do proxecto nin os concellos respectivos lles trasladaran o seu contido, o impacto previsto, nin tampouco as alternativas que se estudaron. A única información pública previa foi proporcionada dentro do “macro-proxecto” de electrificación do Eixo Atlántico ferroviario, o que impediu que as persoas directamente afectadas tivesen unha información completa e comprensíbel sobre as actuacións concretas que se ían levar a termo na aldea de Coira, sen que tampouco conste –por outra banda- que as administracións locais afectadas realizasen un labor de información adicional e directa cos afectados e afectadas.

Esta eiva na información é máis grave no caso dun proxecto de transporte de enerxía cun grande impacto, que pretende estender liñas de alta tensión, estacións e subestacións eléctricas a través de núcleos de poboación, polas posibles afeccións á saúde.

Dese xeito, deben compartirse as xustas reivindicacións da veciñanza de Coira, expresando o apoio inequívoco á Plataforma veciñal de rexeitamento do proxecto do ADIF de atravesar o núcleo rural de Coira cunha liña de alta tensión, así como de estudar alternativas para o seu despregamento a través de zonas despoboadas.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar ao ADIF a elaborar alternativas de trazado das liñas de transporte de enerxía eléctrica para a vía ferroviaria que non discorran por zonas habitadas, logo da información e negociación coa veciñanza e os concellos afectados.

2. Trasladar este acordo á ministra de Fomento, ao delegado do Goberno en Galiza, e ao presidente do ADIF”.

A **Sra. Cienfuegos López, concelleira do grupo municipal do BNG**, manifesta que aínda coñecendo a nota informativa do goberno municipal relativa ao compromiso de ADIF de estudar un novo trazado da liña de alta tensión que evite a aldea de Coira e discorra alonxada de núcleos, o BNG, seguindo o criterio da veciñanza directamente afectada di que mantén a moción no sentido de solicitar do Pleno o acordo de instar a ADIF a que elabore alternativas de trazado das liñas de transporte de enerxía eléctrica para a vía ferroviaria que non discorran por zonas habitadas, logo da información e negociación coa veciñanza e cos concellos afectados.

É preciso trasladar este acordo á Ministra de Fomento, ao delegado do Goberno en Galiza, e ao presidente de ADIF.

A urxencia da moción xustifícase en que xa se iniciaron, por parte de ADIF, catas e traballos de canalización soterrada dunha liña de alta tensión moi preto de vivendas habitadas, sen que a veciñanza tivera previo coñecemento do proxecto.

Polo tanto, urxe chegar a acordos para un trazado alternativo que reduza os riscos, aínda que os efectos da contaminación electromagnética susciten controversias explicables polos grandes intereses económicos en xogo. O principio de precaución, incluído como principio fundamental no Tratado da Unión Europea, ten un carácter vinculante para os estados membros e establece que no caso de dúbidas deben evitarse os riscos. Por iso, o que o BNG demanda en esencia é un acordo plenario no sentido de que tanto a veciñanza como os concellos afectados teñan parte na adopción, por parte de ADIF, dunha alternativa ao trazado inicialmente proposto.

Trala exposición da Sra. Cienfuegos López, o **Sr. alcalde-presidente** da paso á **votación da urxencia** co seguinte resultado:.

Votos a favor: 12 (9 PSdeG-PSOE, 3 BNG)

Votos en contra: 13 (PP)

Abstencións: 0

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG **contra a liña de alta tensión que atravesará o núcleo rural de Coira (URXENCIA)**, non procedendo en consecuencia entrar no debate do fondo do asunto, ao non acadar o quorum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

A **Sra. Gutiérrez López concelleira do grupo municipal do PP e delegada de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible**, solicita o turno de explicación do voto do grupo popular, ó abeiro do artigo 79 do Regulamento Orgánico do Pleno.



Expón que houbo unha reunión cos veciños, co Subdelegado do Goberno e con ADIF. Ademais, percorreuse o trazado co alcalde da outra parte e cos veciños e xa se conta, dende o día 24, coa proposta dun trazado alternativo. Por último, apunta que todo o trazado vai por camiños municipais, non haberá expropiación e non se afectará a ningunha vivenda.

E non sendo outro o obxecto da sesión o Sr. alcalde-presidente deuna por finalizada sendo as **21 horas e 30 minutos** do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario

Agustín Hernández Fernández de Rojas

Juan Manuel Salguero del Valle.